MAGAZINE. O PAN TRADICIONAL, UNHA IDEA PARA A NOVA COCIÑA.
POLÍTICA. **RUEDA (PPdeG): 'SE NON HAI CONSENSOS, A CULPA SERÁ DO PSOE'.**
CULTURA. **OBRA DE HANDKE EN LONDRES, 450 PERSONAXES E NINGÚN DIÁLOGO.**

2 EUROS
3.ABRIL.08

anosaterra

Periódico semanal
Fundado en 1907
Nº1.304

Moza xitana nun poboado de Eslovaquia, no 2001. REUTERS

Os xitanos son a nosa mala conciencia (MARXINALIDADE) e o depósito dos nosos erros (DROGAS)

sumario

AGN

POLÍTICA.
¬ENTREVISTA
Afonso Rueda (PPdeG)
‘ Se o consenso se rompe será por culpa do PSOE’>11

O Valedor do Pobo convértese nun personaxe polémico >9

Mariano Raxoi inicia a renovación>14

ECONOMÍA.
¬FINANZAS
O salvamento público dun banco USA e outro británico podería marcar a fin do *reaganismo* e o *thatcherismo*>20

¬RURAL
O prezo do leite marcarase nun contrato escrito>21

CULTURA.
¬TEATRO
Presentan en Londres unha arriscada obra de Handke>24-25

MAGAZINE.
Reedítase a biografía de Elixio Rodríguez>40-41

Os Bolechas nos Xogos Olímpicos

María Obelleiro

Nin Lugo, nin Compostela nin o Porriño. Desta vez, Carlos, Loli, Pili, Braulio, Sonia, Tatá e Chispa viaxan a Beijing para participar nos Xogos Olímpicos de Beijing canda os seus novos amigos Longhua, Qiangwa, Li e Zhong. A familia máis coñecida da literatura infantil desprázase á capital chinesa da man de *Edicións A Nosa Terra* e da Consellaría de Cultura e Deporte. “Queremos poñer en coñecemento dos máis pequenos que Galiza estivo representada nos Xogos Olímpicos e Parolímpicos e que vai estar presente nos de Beijing”, apunta Marta Souto, directora xeral para o Deporte. Souto sinala que os Bolechas foron elixidos como eixo central da campaña dirixida aos máis cativos porque “somos conscientes da pegada que os Bolechas deixan no público infantil, a meirande parte dos nenos galegos críanse con eles”. Polo de agora, o éxito dos personaxes creados por Pepe Carreiro está a abranguer o ámbito deportivo. “Os mil libros que xa se publicaron e os almanaques tiveron unha acollida fenomenal”, revela Souto.

LIBROS, ALMANAQUE, PÓSTER, CAMISOLAS. *Os Bolechas van de viaxe. Os Xogos Olímpicos de Beijing* narra as aventuras dos Bolechas na cita co deporte na capital de China. A finais de abril, dentro da colección “Os Bolechas queren saber”, *Edicións A Nosa Terra* publicará unha nova entrega na que Pepe Carreiro daralles a coñecer os nenos “a historia dos Xogos antigos, os Xogos modernos e os deste verán”. Tanto no almanaque que recolle as datas salientábeis dos Xogos como no póster no que se sinalan todos as modalidades nas que competirán os deportistas olímpicos, Carreiro evitou facer distincións entre Xogos Olímpicos e Parolímpicos, xa que “tanto un como o outro son deporte”. Os Bolechas tamén dan a nota de cor as camisolas que promocionarán os xogos de Beijing.●



Os Bolechas viaxan á China para estar nas Olimpiadas.

> Queremos poñer en coñecemento dos máis pequenos que Galiza estivo representada nos Xogos Olímpicos e Parolímpicos e que vai estar presente nos de Beijing”
>
> **[Marta Souto]** Directora xeral para o Deporte.

Presentación na Coruña

A Coruña é a cidade que acolle a presentación da campaña. A Torre de Hércules adquire todo o protagonismo “como facho que vai iluminar os deportistas galegos”, segundo Souto. O xoves ás cinco da tarde percorrerase o camiño que une a torre con Riazor para unha hora máis tarde dar a coñecer as actividades e os materiais que promocionarán o deporte galego nos Xogos.●

LAMPREA

Fran Alonso

Este domingo fun a Arbo comer unha lamprea. Trátase dunha especie de ritual case relixioso co que moitos galegos e galegas cumprimos anualmente, tal e como os musulmáns viaxan á Meca. Meu pai, que era miñoto do Condado, adoraba a lamprea coma un deus. Sabía limpala e cociñala. A súa familia tivo pesqueiras no río. A min, o becho gústame ben, en empanada ou con arroz, pero tampouco morro por el.

A lamprea ten o aspecto dunha especie de dinosauro acuático, cos seus sete inquedantes buratos bronquiais e a súa ventosa desafiante. É un peixe parasito e depredador. Hai xente á que a súa simple visión lle produce tanto noxo que se nega a comela. A outra, o feito de que se cociñe no seu propio sangue xa lle quita o apetito.

Eu lembro uns amigos cataláns arrepiados ante o sedutor aspecto dunha centola. Mesmo teño visto xente moi cosmopolita e viaxada, con dominio de múltiplas linguas, que non sabía comer percebes e sufría ao levalos á boca.

Hai algúns anos, comín serpe na China. O insólito para min non foi comela, senón ter que elixila viva nas vitrinas do restaurante. Logo de seleccionada, os camareiros mátana diante dos comensais e retíranlle o sangue para un vaso que, mesturado cun licor, depositan sobre a mesa para que os clientes o beban. Probar o sangue alicorado daquel vaso custoume un mundo; tiven que loitar contra a miña repulsión. Cando trouxeron a serpe da cociña, en cambio, non me supuxo ningún esforzo levala á boca. O seu sabor mesmo me pareceu algo familiar: lembrábame o do polo. Debo recoñecer que o sabor da lamprea é moito máis exótico e moito máis singular. Haberá que seguir indo.●

> Cando trouxeron a serpe da cociña non me supuxo ningún esforzo levala á boca”

***Naturalmente Galiza* propón 15 roteiros de fin de semana.** A dirección xeral de Xuventude presentou o programa *Naturalmente Galiza 2008* (www.xuventude.net/naturalmentegaliza/), que este ano propón 15 roteiros de fin de semana para os amantes da natureza. As prazas son limitadas –hai que facer unha solicitude nos organismos colaboradores– e a oferta vai desde unha camiñada pola Costa da Morte a un paseo polos vestixios romanos no sueste do país, con rocódromo incluído.●

O bilingüismo favorece o inglés

Estudos científicos certifican que os rapaces bilingües teñen máis facilidades á hora de aprender un terceiro ou cuarto idioma

E. Estévez

"Os rapaces bilingües presentan un bo desenvolvemento da linguaxe fronte aos monolingües sobre todo a nivel de morfosintaxe, é dicir, na construción de oracións máis complexas e no dominio de morfemas", explica o investigador da Universidade de Santiago, Miguel Pérez Pereira. Basándose en datos estatísticos este experto conclúe que as diferenzas entre nenos bilingües e monolingües son bastante importantes.

"O bilingüismo sempre dá máis facilidades á hora de aprender un terceiro e cuarto idioma. Contribúe a dispor dunha maior flexibilidade mental e ter máis capacidades á hora de cambiar de rexistro", razoa Pérez Pereira. "É unha parvada que moitos pais, educadores e políticos falen de confusións na educación bilingüe. Nós vemos as capacidades dos nenos dende a óptica dos adultos cando descoñecemos cales son as capacidades reais dos pequenos, que son moi distintas ás dos maiores", argumenta este psicólogo.

"A única maneira de que un individuo controle por igual dúas ou máis falas é facendo dese segundo ou terceiro idioma unha linguaxe usada para a transmisión de coñecementos didácticos e comunicativos, non para chapar", conclúe López Pereira, que comenta que o fracaso do inglés no sistema educativo débese a que se difunde como un idioma para chapar non de uso escolar para coñecer outros contidos.

OUTROS BENEFICIOS E ALGÚN INCONVENIENTE. Investigacións feitas entre adultos conclúen que o bilingüismo ten efectos positivos no desenrolo de certas capacidades de atención executiva. Dende o Grupo de Investigación en Neurociencias da Universidade de Barcelona, o psicólogo Albert Costa, verifica que os bilingües son capaces de aprender e controlar unha terceira lingua de xeito máis eficiente que os monolingües. "Os nosos estudos non se centran na aprendizaxe, senón no control dos idiomas, na selección e focalización que os individuos fan das distintas linguas, e de como prevén as interferencias entre elas", di Costa, quen engade que o bilingüismo ten uns efectos positivos colaterais no desenrolo de certas capacidades de atención executiva e outras funcións cerebrais que non son linguaxe como a condución.

Pola contra, os mesmos estudos falan de contratempos entre as persoas bilingües fronte as que falan un único idioma en canto á capacidade lingüística. "Hai altas capacidades lingüísticas que parecen un pouco afectadas por este fenómeno como a lectura uns milisegundos máis lenta ca dos bilingües", sinala Albert Costa.●

> *É unha parvada que moitos pais, educadores e políticos falen de confusións na educación bilingüe"*
>
> **[Miguel Pérez Pereira]**
> Investigador do departamento de Psicoloxía Evolutiva da Universidade de Santiago.



PACO VILABARROS

Primeira escola bilingüe en inglés

A Castro International School of Vigo será a primeira escola bilingüe en inglés que funcione en Galiza a partires do próximo mes de setembro.

O plan de estudos fixa durante o ciclo de Educación Infantil o 95% das clases en inglés; en Primaria esta porcentaxe pasará a ser do 70%, reservando o 30% restante para español con 4 horas semanais de galego; en Secundaria e Bacharelato o sistema será o *fifty-fifty*, incluíndo no 50% das horas en español as marcadas por lei para galego.

A Castro International oferta arredor de 120 prazas para Educación Infantil e Primaria. "Iremos crecendo e ampliando a oferta cos nosos alumnos para que todos partan da mesma base idiomática", explica Vázquez. A matrícula parte dun depósito para toda a vida escolar de cada alumno que ascende a 500 euros máis o pago dun abono mensual que varía entre os 350 e os 550 euros dependendo dos servizos prestados a cada escolar.●

Racismo, chatarra e coches de

O Vao e Penamoa crispan unha convivencia que tamén ten zonas tranquilas

María Obelleiro
Paco Vilabarros [FOTOGRAFÍA]

Viven entre a sucidade, a chatarra, as ratas e a droga, no interior de vivendas inmundas sen instalación eléctrica, sen auga, sen teléfono e sen sumidoiros e a escasos metros das cidades de Pontevedra e da Coruña. O lixo esténdese aos pés dos coches de luxo e as parabólicas, entre as chabolas que aínda permanecen en pé no poboado do Vao, no Concello de Poio, e en Penamoa, na Coruña. Nos últimos meses, coas ordes de derrubamento das chabolas ilegais sucedéronse as mobilizacións de veciños que protestan en contra do realoxamento das familias xitanas. Os veciños paios, que rexeitan acusacións de xenofobia, vinculan os xitanos realoxados con actividades delitivas e coa venda de drogas. A Vicepresidencia da Xunta vén de propoñerlles aos concellos afectados a construción de poboados de transición con vixilancia policial permanente para protexer os xitanos que queren integrarse. A medida tamén contempla a creación dunha comisión permanente de integración nos municipios afectados que estará formada por entidades representativas do pobo xitano, agrupacións sociais e polo Goberno central e o galego.

PENAMOA, O FIN DO POBOADO. Os alicerces do poboado de Penamoa remóntanse ao 1984, cando o Concello da Coruña expulsou as familias xitanas da Gaiteira para construír o primeiro gran centro comercial da cidade. O que ía ser unha solución temporal deu paso ao maior poboado chabolista de Galiza e ao maior punto de venda e consumo de drogas da cornixa cantábrica, segundo Médicos del Mundo, asociación que cada luns atende decenas de toxicómanos á entrada do poboado. Esta semana volverase >>>

Maceda, un caso de integración

Segundo Xabier Oviedo, alcalde do concello ourensán, a comunidade xitana que vive en Maceda "é pacífica e está integrada co resto da poboación". Oviedo explica que non existen conflitos nin problemas cos veciños, "non temos problemas de delincuencia nin de drogas". A erradicación do chabolismo xa é un feito no concello ourensán. As choupanas foron derribadas e os afectados están á espera de que lles entreguen as vivendas de protección oficial. Namentres, os xitanos habitan nunhas instalacións que o concello lles habilitou na zona do Toural. Segundo Oviedo, os conflitos do Vao e de Penamoa non afectaron nin se deixaron sentir no municipio.●

>>> decidir o traslado dos xitanos co inicio das obras de construción da circunvalación que atravesa o arrabalde.

O "Plan Especial para Penamoa" do concello herculino tenta poñer fin ao asentamento chabolista. Adherirse ao programa, que leva consigo o realoxamento sempre e cando os afectados non participen en actividades ilícitas, trasladarse aos seus lugares de orixe cunha compensación económica ou recibir axudas para a autoconstrución fóra do concello son as tres alternativas ás que poden acollerse os afectados. Malia que o goberno municipal rexeita desvelar o nome do lugar no que asentará os xitanos, veciños de barrios herculinos xa se mobilizaron contra o hipotético realoxamento das familias afectadas nas vivendas de protección oficial veciñas.

> En Penamoa o que ía ser unha solución temporal deu paso ao maior poboado chabolista de Galiza e ao maior punto de venda e consumo de drogas da cornixa cantábrica, segundo Médicos del Mundo"

O VAO, CONFLITO EN TRES CONCELLOS. As mobilizacións derivadas dos realoxamentos dos xitanos do poboado de infravivendas situado na periferia da cidade de Pontevedra viviu o punto álxido a pasada semana cun intento de agresión ao alcalde de Poio, Luciano Sobral. O malestar entre a veciñanza de Monte Porreiro, en Pontevedra, Caritel, en Pontecaldelas, e Boa Vista, en Poio, xurdiu cando o Concello de Poio decidiu realoxar os xitanos afectados en diferentes pisos repartidos entre os tres municipios coa axuda da Consellaría de Vivenda. Monte Porreiro fora até o de agora exemplo de boa convivencia entre paios e xitanos, pero a mobilización dos veciños e a actuación do Concello de Pontevedra favoreceron que os realoxados abandonasen o barrio.

O 90 POR CENTO INTEGRADO. Segundo a Federación Secretariado Xitano de Galicia, oito do total de poboados xitanos presentan algún grao de conflitividade. A organización salienta que os de maior dimensión son o do Vao, o de Penamoa e o Freixeiro, en Narón. Malia a percepción social, o 90 por cento dos xitanos que viven en Galiza están integrados na sociedade. É o 10 por cento restante o que habitualmente cobra protagonismo en situacións de conflito.●

Miguel Martín
'Ninguén quere os xitanos, trafiquen con drogas ou non'

María Obelleiro

O sociólogo Miguel Martín é un dos autores do estudo *A comunidade xitana en Galicia. 1990-2000*, editado pola Xunta. Como bo coñecedor da realidade da etnia *calé* en Galiza, Martín analiza a situación dos afectados polos realoxamentos dos poboados chabolistas.

A que responden as mobilizacións veciñais contra o realoxamento das familias xitanas?

A unha realidade coñecida entre os que traballamos coa comunidade xitana, pero normalmente non aceptada socialmente. O rexeitamento xorde en calquera realidade que teña que ver coa comunidade xitana, non só ante temas de asentamentos marxinais.

Os veciños falan de delincuencia, pero hai xenofobia?

O rexeitamento non afecta só a traficantes e drogodependentes, senón a calquera familia con apelidos xitanos. Cuestiónase a súa presenza veña de onde veña. Que podemos esperar dos nenos que naceron afastados de servizos, sen auga, que non puideron ir a un colexio con outros nenos e viviron nun ambiente degradado cando se fan maiores? Os que son capaces de saír adiante son heroes porque é unha situación imposíbel.

Ten a sociedade a obriga de eliminar eses lugares?

Hai trinta anos a Administración e determinadas entidades sociais decidiron ofertarlles barracóns sen auga corrente no monte. Pero a débeda é histórica, a comunidade xitana viviu persecucións continuas. Por falar a súa lingua, vestir a súa roupa ou non casar pola Igrexa podían ser condenados a galeras e mesmo lle cortaban orellas ou separábanos dos fillos.

Que vai pasar con Penamoa e co Vao?

A Administración retrocedeu e cedeu ante as manifestacións racistas e isto hipoteca e cuestiona as posibilidades de acceso á vivenda para bastantes anos. Penamoa vaise mover de lugar porque interesa, pero non vai ser nada diferente. É un traslado para que se constrúa a terceira ronda e para que cando entremos na Coruña co coche non vexamos un campamento miserábel. No Vao, o alcalde de Poio di que non necesita poboado de transición porque xa o hai, pero penso que se rendeu, deuse por vencido. Só di que van asfaltarlle as rúas e facer catro amaños.

OTTO / A.G.N.

> Os xitanos capaces de saír adiante son heroes porque parten dunha situación imposíbel"

Cal é a solución a política de integración do chabolismo?

Situacións extremas como o Vao ou Penamoa requiren unha intervención con bastante tempo e con moitos recursos porque o nivel de degradación é moi grande. Na maior parte dos casos, fai falta unha política de vivenda para todos os cidadáns. Agora hai políticas de vivenda para clases medias e medias-altas e non para os desfavorecidos, sexan xitanos ou paios. Non debemos formular para os xitanos ningunha alternativa que non sexa aceptábel para o resto da poboación, hai que poñer recursos ao servizo das familias e que as familias fagan uso delas. Ademais, hai que facer un traballo de sensibilización co conxunto da sociedade, porque se non mal vamos.

Dentro da etnia xitana hai distintos grupos humanos, quen xera máis problemas ou é máis reticente a integrarse?

Ten que ver coa situación social. Os xitanos zamoranos están integrados dende hai cento cincuenta anos. Viviron con normalidade, estaban integrados, tiñan os seus negocios... Viñeron para aquí comprando ou alugando vivenda. Os xitanos galegos-casteláns atópanse nunha situación intermedia. Os xitanos galegos até os sesenta eran nómades ou seminómades, estaban nos camiños, tiñan unha situación económica e a educación moi precaria. Até os setenta non van a escola e os que van asisten a escolas segregadas. Unha parte dos que viven no Vao e Penamoa pertencen a este grupo, pero non é que sexan mais problemáticos, parten dunha situación máis precaria.●

Miguel Martín dirixiu a Casa de Oficios do INEM Chavorré Calé para a integración da comunidade xitana, ademais de ocupar o cargo de técnico superior de Servizos Sociais do Concello da Coruña e de traballar a prol dos dereitos dos xitanos na Asociación Chavós.●

TRIBUNA ■ **Francisco Castro.**

Escritor. O seu último libro titúlase *As palabras da néboa.*

OS SÉCULOS ESCUROS AÍNDA SON ESTES

Estes días coméntase na prensa a saída dun inédito de Darwin titulado "A fecundación das orquídeas". É un bo pretexto para afirmar, como ando soltando ultimamente por aí en canto me poñen un micrófono diante (cabreado que ando) que seguimos a vivir nos Séculos Escuros, que non hai Luz, que só hai néboa escura escurecendo a escuridade total. Que de feito, nunca saímos dos Séculos Escuros. Que a escuridade, como na Guerra das Galaxias, invádenos por todas partes e vai anegándonos coa súa negritude sen que nos decatemos de que o fai, e é por iso que rematamos tomando como normal cousas claramente anormais. Normal a perda de dereitos laborais, ou o pésimo nivel político que nos circunda, ou a violencia global, a limitación das liberdades ou a espionaxe das comunicacións. O século XXI amósanos un individuo tele-aparvado que non ten espazos para pensar diferente, para ver outros mundos, para exercer a crítica. Para ler. Por iso falamos con medo ás consecuencias. Por iso nos expresamos pouco por se acaso. E mentres, vai medrando o consumo de ansiolíticos e de somníferos para podermos ir levando a vida. Lóxico. Sarkozy di que quere soterrar o espírito do 68. Aznar, que nunca se viviu mellor no Iraq que agora. Parvadas enormes diante das que ninguén di nada. Escuridade. Eclipse total.

Volvo a Darwin. Bush afirma e queda tan ancho, que a teoría da evolución é cuestionábel. Non importa que as teses de Darwin veñan avaladas por estudos científicos incuestionábeis. Nin que estea amparada por todo o que sabemos sobre o ADN. Todo isto tanto ten. George pensa que non. Ou coma outros moitos pensan que non diante de tantas cousas que son que si. É a opinión de George. Mais non nos despistemos do esencial: George só é un síntoma, un detalle, unha nimiedade sen importancia. E igual queda feo isto de dicirlle a Bush que só é un síntoma, un detalle, unha nimiedade sen importancia. Así que o direi dun xeito máis elegante. O presidente dos Estados Unidos é só un máis dos millóns de persoas que nese país cren, a pesar da ciencia, ou ben no relato bíblico ou ben na teoría do "deseño intelixente". ¿Que a ciencia di outra cousa? Pois vale, a nós tanto nos ten. Esta situación, terríbel, leva a unha realidade paradoxal e perigosa, pois rematamos poñendo no mesmo plano de validez á crenza e á ciencia. E se tes neuronas, resulta profundamente inaturábel e molesto. E quen di Bush di os pais e nais que, apelando ao seu dereito á "liberdade educativa" e ao "dereito á educación", conseguen que o evolucionismo estea fóra das escolas por lei. Pola primacía da relixión, que si que segue dentro das escolas. No estado español éche o mesmo conto: ¿ou alguén de verdade dos que obxectan a materia de Educación para a Cidadanía o fan por outros motivos que non sexan os puramente relixiosos *opusinos* ou *conferentes* e episcopais? Son esas mesmas persoas que, probabelmente, non obxectan da existencia de Guantánamo (é vista como normal), ou van correndo a manifestarse o Día da Muller.

Os ilustrados soñaron que a través da educación chegaríamos á liberdade, á verdade, á democracia e ao pacifismo coa supresión dos exércitos. Mais hoxe segue a haber guerras, a verdade salta polos aires todos os días grazas aos controis, sutís e moi ben levados, do mercado sobre os medios de comunicación, a democracia é violada tamén a diario ao non permitirlle á cidadanía/telespectadora/moi pouco lectora, o acceso a outro tipo de opinións que non sexan as estritamente bipartidistas idénticas e politicamente correctas ou corrixidas... Así eles, os Señores Escuros, van conseguindo o trunfo da néboa abafante e de paso, a nosa obediencia apolítica e consumista, domesticada para sempre a nosa capacidade para ver a realidade criticamente e con ollos máis espelidos.

E sobre isto, o Exemplo: imos celebrar as Olimpíadas na China, nun estado que estes días gozou, e moito, mallando nas xentes do Tíbet que reclamaban o seu dereito á liberdade. Aínda non escoitei os intelectuais –os donos da luz fronte da negritude escura do Poder Totalitario– pedir abertamente un boicot a estes xogos nun país onde se persegue a quen pensa diferente, que executa miles de persoas ao ano, que impide que nos buscadores de Internet poidan reclamarse palabras como "democracia" ou "liberdade". Os intelectuais, calados, na néboa escura do silenzo cómplice. Mentres, e supoño que animados por esa ausencia de voces críticas, o goberno chinés expulsou a todos os xornalistas estranxeiros. Xa non hai taquígrafos. Nin luz. Os tempos aínda non son chegados. E será pola idade ou polo peso das responsabilidades, empezo a ter a sensación de que non van ser chegados nunca, e que artigos coma este, despois de todo, a ninguén lle importan un carallo.●



Nicolas Sarkozy visto por **Roi Cagiao.**

> Sarkozy di que quere soterrar o espírito do 68. Aznar, que nunca se viviu mellor no Iraq que agora. Parvadas enormes diante das que ninguén di nada"

PASCUA

Francisco Carballo

É posíbel no laicismo o sentido da vida humana? Tal interrogante é agudo no xudaismo. Víktor Frankl (1905-1997), (*Na busca de Deus e o sentido da vida,* 2005) dedicou o seu traballo médico e varios libros ao tema. David Grossman (*Xerusalén*, 1954), (Vento amarelo, 1987) profundou aínda máis ante a morte do seu fillo, Uri. A resposta da Biblia hebrea é a do éxodo , a pascua.

Os cristiáns, nas novas formas de inculturación, debrúzanse na Pascua como razón vital da fe cristiá. Intento que tensiona a Semana Santa. O número de bautizos de adultos son por milleiros. Cada día hai deserciónss, cada día hai inserciónss. Na opción laicista é tamén posíbel un sentido da vida, por exemplo a busca dun mundo mellor.

No cristanismo a centralidade da Pascua é un indicio do profundar das novas comunidades. Nas tradicionais vivíase tal tempo desde mentalidades teolóxicas de expiación e propiciación –así as procesións. As novas estudan a realidade histórica de Xesús, a súa loita por un "reino" de xustiza, paz e liberación. Buscan leren a realidade e optaren por un sentido da existencia. Como Xesús de Nazaré, un "rabbi" que "pasou" da crucifixión á "gloria" (Xn 19, 30), esa "pascua" a revivir.

En todo caso, descubrir o senso da vida é imprescindíbel para os humanos. Escoito na radio o luns 17 a Santiago Carrillo, que era necesario en España un diálogo serio da relixión e a política como se fixera con Afonso Comín desde o PSUC. Diálogo non a esperar da Conferencia Episcopal: os bispos actuais de España fan lembrar aos que firmaron a carta episcopal de 1937 a prol da sublevación contra República. Lamentábel erro. Mais hai millóns de cristiáns a profundar nun sentido de liberación á luz de Xesucristo, a Pascua cristiá. Todos eses millóns soñan con compartir ese don e formar ecuménicamente un mundo de solidariedade e de sentido satisfactorio.●

> Cada día hai deserciónss e inserciónss"

A Nosa Terra premiada co galardón de *Vigueses Distinguidos*

Afonso Eiré, Conselleiro Delegado d'*A Nosa Terrra,* recollendo o premio de mans do alcalde de Vigo, **Abel Caballero.** PACO VILABARROS

O estaleiro Barreras recibiu a Medalla de Ouro da cidade

X.C.

Co gallo da celebración da festa da Reconquista o 28 de marzo, o pleno do Concello de Vigo, nunha sesión extraordinaria acordou por unanimidade conceder sete recoñecementos de 'Vigueses distinguidos', entre os que se atopa o xornal *A Nosa Terra.*

Tras a forte división política do pasado ano, os tres grupos políticos do concello pactaron a elección dos galardoados. O socialista Carlos Font, o nacionalista Xabier Alonso e Lucía Molares polo PP encargáronse dunhas negociacións nas que cada partido propuxo dous candidatos a Vigueses Distinguidos, ademais dun nomeamento a maiores pactado polos tres grupos.

A entrega dos galardóns Vigueses Distinguidos e a imposición da Medalla da Cidade celebrouse no Centro Cultural Caixanova a véspera da Festa da Reconquista.

A Nosa Terra recibe o premio, segundo o Concello, "polo seu contributo na defensa da lingua galega e o seu compromiso coa cultura propia". A vinculación da empresa editora con Vigo remóntase aos inicios da década do 1980, cando fixou a súa sede central na cidade.

VIGUESES DISTINGUIDOS 2008. O PsdeG propuxo o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo e a Asociación de Corais Polifónicas da cidade. Pola súa banda, o BNG nomeou a *A Nosa Terra*, que celebra desde agosto pasado o seu centenario, e a baloncestista do Amfiv María Vitoria Alonso Vilariño. O PP presentou como candidatas a Confraría do Cristo da Vitoria e a Asociación de Amigos da Ópera de Vigo. Os tres grupos acordaron concederlle o galardón á Asociación de Antigos Alumnos de Don Bosco, "María Auxiliadora".

MEDALLA DA CIDADE. A Medalla de Ouro da Cidade recae no estaleiro Hijos de J. Barreras, "en consideración á súa longa traxectoria empresarial a prol da vida industrial e laboral de Vigo". Os partidos da corporación subliñaron o "labor industrial acorde co cambio dos tempos, as tecnoloxías e os novos métodos de navegación" desenvolvidos pola empresa, que conta con 116 anos de existencia. A concesión da medalla débese ao papel como "fonte de postos de traballo que repercutiu de forma importantísima no mundo laboral de Vigo.●

ANOSATERRA
1.304

PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS S.A. **Presidente:** Miguel Barros Puente. **Vicepresidente e conselleiro delegado:** Afonso Eiré. **Vicepresidente económico:** Ramón Barral. **Vogais:** Xosé Fernández Puga, Xosé María Fonseca Moretón, Xavier Rei, Ana Miranda, Ceferino Díaz, Fernando Filgueira, Victorino Núñez e Bieito Alonso. **Secretario:** Xan Piñeiro. **Director:** Manuel Veiga Taboada. **Subdirector:** Xan Carballa. **Coordenador Diario Dixital:** César Lorenzo Gil. **Redactores:** Horácio Vixande, Mar Barros, Manuel Xestoso, Perfecto Conde , Manuel Vilas, María Obelleiro, Lara Rozados, Rodri Suárez, Eva Estévez, Xurxo González, Charina Giráldez, Paco Vila Barros (fotografía), Xosé Bocixa (tv). **Maquetación e preimpresión:** Xoselo Taboada. **Fotografía:** Axencia Galega de Noticias, Reuters. **Xefe de publicidade:** Carlos Martínez (publicidade@anosaterra.com) **Redacción:** Rúa do Príncipe 24, 1º - 36202 Vigo. Teléfono 222 405. Fax 986 223 101. Correo electrónico: info@anosaterra.com. **Administración:** Rúa do Príncipe 22, baixo - 36202 Vigo. Teléfono 986 433 830. **Subscricións:** subscripcions@anosaterra.com **Imprime:** Norprint. **Depósito Legal:** C-963-1977. **ISSN:** 0213-3105.

Xosé Choren, novo secretario nacional de Esquerda Nacionalista

Substitúe ao histórico Alberte Xullo Rodríguez Feixóo e propón reforzar os lazos no interior do BNG

X.C.

A VI Asemblea de Esquerda Nacionalista foi a do cambio do seu histórico portavoz, Rodríguez Feixoo, substituído polo concelleiro lugués Xosé Chorén, aínda que mantén a presidencia da formación. A Asamblea celebrouse en Compostela os días 29 e 30 de marzo e aprobou un documento (Bases para o establecemento do diálogo coas forzas políticas que integran o BNG) que para o novo secretario nacional quer ser un punto de partida para unha "definitiva reconciliación con outras correntes do BNG".

Na sesión de clausura estiveron presentes o secretario de organización do BNG, Alberte Ansede; representantes da UPG (Francisco Rodríguez e Roberto Vilameá), Inzar (Xesús Veiga) e PNG (Anxo Rivas). Camilo Nogueira asistiu a título persoal.

En declaracións aos medios Chorén, resaltou que entre os seus obxectivos se atopa "ter unha maior presenza" no seo do BNG e insistiu en que "parte da responsabilidade que leva aparellado o cargo de secretario nacional é precisamente o tema de ter máis presenza nos órganos de dirección do BNG". Así, recordou que Esquerda Nacionalista é "un partido político que esta integrado no Bloque e de feito naceu creado por xente que xa era militante nacionalista". Neste sentido, explicou que o "campo de traballo" deste partido é "colaborar no deseño das políticas do BNG, pero en clave interna". Non obstante, advertiu de que esta premisa require "reciprocidade".

"O que quere Esquerda Nacionalista é que os debates necesarios e positivos que han de darse nunha organización plural como é o BNG se dean en clave interna, de forma construtiva e sirvan para que posteriormente á sociedade saia unha mensaxe unívoca e nítida" razoou.

OUTRA CONVOCATORIA. A convocatoria dunha outra Asemblea de EN que se mantén na páxina web da organización para o mes de Maio, é descualificada pola dirección da organización. Segundo un comunicado emitido en Vigo o día da asemblea a convocatoria de maio está feita por un grupo de militantes "formalmente escindidos desde hai pouco máis dun mes" e tería o obxectivo de "crear confusión".

Na páxina web de Esquerda Nacionalista, que controlaría ese sector, fálase dunha asemblea a celebrar baixo o lema "Espazo aberto: socialista e galego" o vindeiro 10 de Maio de 2008, tamén en Santiago de Compostela. O evento serviría para facer " unha renovación dos nosos compromisos, as nosas obrigas e os nosos dereitos co nacionalismo galego, ademais dos principios políticos que nos sustentan dende hai moito tempo. Grazas a este proceso asemblear, onde a militancia do partido expresará democraticamente a súa vontade política e organizativa, teremos a oportunidade de reformular o proxecto do socialismo galego dentro do nacionalismo, e sempre consolidando o BNG forte e participado que defendemos". ●

Xosé Chorén. A.G.N.

Mesa Nacional de EN

Secretario Nacional: Xosé Chorén.
Presidente: Alberte Xullo Rodríguez Feixoo.

Xoán Manuel Rama, Vítor Manuel Martíns, Natalia Costas, Xoaquín de Acosta, César Pazos, Xavier Freire, Pedro G. Valadés, Pilar Coo, Xoán Antón Rodríguez, Xosé Manuel Maceira, Francisco Quintela, María Fuenteseca, Fernando R. Dacosta, Milagres Chapela, Miguel Mato, Rafael Dorribo, Manuel María Lourido, Adrián Rodríguez e Carlos Nuevo. ●

CARTAS

SOBRE O JAZZ GALEGO

Lin, coma sempre con moito interese, o amplo artigo de Xoán Manuel Estévez no periódico número 1.303 d'*A Nosa Terra* "Existe un jazz galego?". Celebro o esforzo amosado por Estévez. É moi complicado substanciar "corpo" crítico ou sensíbel musical, se nas publicacións habituais non atopamos traballos que tenten agromar as potencialidades íntimas de cadaquén que non somos, moitas veces, conscientes de levarmos no noso ADN...; isto pasa coa música e con todo en xeral, lóxicamente.

Son boas novas todas as iniciativas vencelladas coa perspectiva de dar "puntadas con fío" para saír da inercia globalizadora alienante...; é abafante contemplar as enormes cantidades de orzamentos que emprega o "inimigo" para transformar a sociedade nun ermo cultural...

Menos mal que ainda temos moita xente polo mundo con ganas de loitar polo pluralismo cultural, identidade,...; nese barco ficamos. ●

Xosé Carlos Solla
(Vigo)

PEPE CARREIRO

OS CAMBIOS QUE VEÑEN

Ceferino Díaz

Estamos nun momento de grandes cambios, algúns inquietantes como o climático, outros imposíbeis de frear, como o tecnolóxico. Os galegos, que chegamos tarde a case todas as revolucións económicas positivas, non podemos perder este último tren.

É fundamental a decisión das nosas autoridades de apostar polo I+D+i e pola educación.

Pero se é importante investigar para non depender do exterior nos nosos avances tecnolóxicos, é tamén fundamental que o froito das investigacións repercuta sobre os procesos produtivos. Eu marcaríame unha esixencia. Tomemos este exemplo: se hoxe a madeira de Finlandia se vende no mercado mundial como se fose aceiro e a nosa como viruta, o obxectivo a medio prazo é que a nosa madeira sexa aceiro. Non é tan difícil, xa convivimos con novas tecnoloxías no campo: a selección, a cría e a alimentación do gando en moitas explotacións xa se fai empregando as máis modernas técnicas; ao igual que sucede cos métodos de rego e a loita contra as pragas na horticultura e na fruticultura ou mesmo cos avances na viticultura e na vinicultura.

Neste mundo globalizado non podemos esquecer que os grandes cambios xeran exclusións territoriais e persoais. Hai xa zonas condenadas a quedar á marxe do novo sistema económico que se esta a debuxar. Nin Galiza nin España van quedar descolgadas.

É fundamental tamén tratar de que a maioría dos galegos estea en condicións de incorporarse ao novo modelo produtivo que está a nacer. Unha formación media máis ampla é fundamental para podérmonos acoller a todas as vantaxes das novas tecnoloxías.●

> É fundamental a decisión das nosas autoridades de apostar polo I+D+i e pola educación."

Un relacións públicas con dificultades de comunicación

Sucédense os equívocos polas declaracións do Valedor do Pobo, *Benigno López*

H. Vixande

Benigno López González, Valedor do Pobo, destaca na páxina electrónica da institución que dirixe o seu perfil conciliador e de home de consenso. Trátase do Valedor máis mediático dos que se elixiron deica o momento, aínda que, como relacións públicas non puido evitar numerosos equívocos sobre a súa labor e actitude para o posto nestes primeiros meses de xestión.

Tras unha carreira xudicial brillante como especialista en dereito civil, Benigno López chegou como maxistrado a ser integrante da sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior. De aí, pasou a Valedor, dentro dunha tradición galega de nomear xuíces como Valedores, algo que non sucede noutras Comunidades autónomas. Ao dicir dalgúns comentaristas políticos, López González loce un "sorriso profidén" que fai del un relacións públicas con vocación de satisfacer a todos, mais deu os primeiros pasos con mal pé. Un currículo presentado ante o Parlamento en castelán e asinado en "La Coruña" –forma que sempre defendeu– non impediu a súa elección porque o seu cargo negociárono os tres grupos políticos do Horreo dentro dun paquete que tamén incluía o Consello Consultivo, o Consello Económico e Social, o Consello de Contas e o Senado. Os que o coñecen sinalan que se trata dunha persoa impulsiva con escasa experiencia política. A súa relación con esta actividade, sendo xuíz no Carballiño, consistiu en ser preparador de Núñez Feixoo cando estudaba unhas oposicións de acceso á carreira xudicial, que abandonaría ao entrar en política.

Tan pronto como foi nomeado Valedor, Benigno López comezou un idilio cos medios de comunicación que só se interrompeu coas interpretacións erradas das súas declaracións, debidas probabelmente á súa inexperiencia e ao seu carácter pouco dialogante, segundo algúns dos seus ex compañeiros. Nunha das súas primeiras comparecencias na prensa, sinalou que a utilización do galego na xustiza "se non se domina pode ser perigosa". Posteriormente corrixiu esta afirmación con matizacións que non facilitaron a emenda do equívoco, indicando que "o problema do galego na xustiza nunca existiu, resulta moi difícil traducir o espírito dunha sentenza". O idioma é o principal atranco para que Benigno López aquele o seu perfil de relacións públicas. En varias ocasións máis realizou declaracións malinterpretadas. Unha delas avogaba por potenciar por igual galego e castelán, sen recoñecer que o galego vive unha situación de inferioridade sobre todo na xustiza, onde xuíces e matristrados non teñen a obriga de coñecer a lingua dos declarantes se esta é o galego.



Benigno López, Valedor do Pobo, durante a entrega do informe 2006 da actividade do seu departamento. OTTO / A.G.N.

> O problema do galego na xustiza nunca existiu, resulta moi difícil traducir o espírito dunha sentenza"
>
> **[Benigno López]**
> Valedor do Pobo.

A Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, no seu artigo primeiro, establece que a función do cargo é a defensa dos dereitos fundamentais dos cidadáns ante a Administración e no capítulo do Informe anual desta institución de 2006 dedicado ao bilingüismo, respecto ao castelán só se recollen queixas de ensinantes que teñen que redactar en galego a programación didáctica da materia de lingua española e literatura. No mesmo informe, admítese que as reclamacións pola vulneración ao dereito a usar o galego son un número moito máis elevado.

CONFLITOS COAS INSTITUCIÓNS. Mais Benigno López non só ten problemas de interpretación das súas funcións ou de comunicación. A finais de febreiro deu pé a que o grupo parlamentario do BNG o acusase de entremeterse, despois de reclamarlles aos nacionalistas que atendesen unha queixa dun cidadán. Posteriormente, Benigno López admitiu que non pode regular a actividade parlamentaria e retirou o auto presentado ante o Bloque, aínda que non se desculpou polo seu erro. De todos os xeitos, a súa maior polémica institucional, a consecuencia dunhas propostas súas en materia de tráfico, trouxo como resultado a intervención de Emilio Pérez Touriño esixíndolle que non invada as súas competencias. Tampouco acertou cando pretendeu intervir na designación do defensor do paciente na sanidade.●

Posíbel adianto técnico das autonómicas a marzo de 2009

Os partidos asumen a necesidade de evitar a coincidencia coas Europeas

PACO VILABARROS

X.C.

Desde 1981, ano da celebración das primeiras eleccións ao parlamento galego, vén sendo unha constante a defensa dun espazo de decisión política que non interfira con convocatorias de carácter estatal. A prerrogativa do presidente da Xunta de contar coa capacidade de decidir a disolución da cámara introduciuse para reforza esta idea, coa que outras comunidades autónomas non contaban até a recente reforma dos Estatutos. Daquela en 2009 Emilio Pérez Touriño vaise ver na tesitura de utilizar esa opción para evitar a coincidencia dos comicios galegos cos europeos, sinalados para a segunda quincena de xuño.

A lei dí que non poden simultanerarse nun prazo dun trimestre dous procesos electorais de carácter xeral. Daquela a data barallada xa por todos os líderes políticos é a do mes de marzo do ano que vén, polo que á actual lexislatura apenas lle quedaría un ano de actuación.

As declaracións de Alberto Navarro, o secretario de estado para Asuntos Europeos, defendendo implicitamente a coincidencia, obrigaron a pronunciarse aos diferentes líderes. Desde Bruxelas, o presidente da Xunta manifestou que o asunto "non tocaba" e segue a insistir en que o horizonte do final do período lexislativo "debe seguir sendo xuño de 2009".

Pero tanto o portavoz parlamentario do seu socio de goberno, Carlos Aymerich, como o líder dos populares galegos, Núñez Feixóo, parecen dar por sobreentendido que marzo pode ser a data elexida. Aymerich dixo que o "o único que se contempla sería un adianto técnico" para evitar que coincidan ambos os dous procesos e puntualizou que non se pode definir como tal adianto, senón de evitar a coincidencia de dous procesos que deben diferenciarse. Feixóo coincide no fondo coa posibilidade do adianto pero trata de converter eses tres meses nunha renuncia do PSdeG-PSOE, "que sempre insistiu en que se esgotaría o mandato".●

FORTE PLURAL ACTUAL

Consérvase toda a semana
Consúmea toda a familia
Por só dous euros

A NOSA TERRA

A INTEGRACIÓN

Susana López Abella

O acceso á vivenda segue a ser un dos principais problemas da poboación xitana. O chabolismo e a infravivenda son fenómenos que lle seguen afectando aproximadamente a un terzo desta comunidade, representando a máxima expresión de desigualdade de cara á normalización da situación do colectivo. O Vao en Pontevedra, Penamoa na Coruña e o Carqueixo en Lugo son os exemplos máis visíbeis das situacións de exclusión social que aínda vive unha proporción importante de familias xitanas. As administracións non poden eludir a responsabilidade, no marco das súas competencias, no que se refire ao acceso á vivenda por parte da poboación xitana, pois é un feito constatado que este acceso constitúe unha vía de integración a outros niveis.

O acontecido nos últimos meses en Pontevedra partiu dun problema concreto de realoxo transformado nun problema amplo de orde pública froito da improvisación, falta de criterio, incumprimento coas familias xitanas e cos veciños dos barrios elixidos para recolocalos. A Administración en ningún caso debe actuar con escurantismo en situacións como as vividas nos últimos días.

É necesario promover un cambio na imaxe social e na igualdade de trato, difundindo a súa cultura, tradicións, e costumes dende a perspectiva do respecto, así como evidenciar o cambio social xa conseguido na comunidade xitana impulsando o principio de igualdade de oportunidades na aplicación de políticas serias e rigorosas e onde a vontade de consenso cos todos os actores implicados sexa o verdadeiro eixe de actuación para unha integración normalizada rompendo cos preconceptos existentes.●

"O acceso á vivenda da poboación xitana é unha vía a outros niveis de integración"

Afonso Rueda (PPdeG)

‘Non imos romper o consenso por sistema nin por vinganza’

H. Vixande

O secretario xeral do PP de Galiza, Afonso Rueda, aborda nesta entrevista os novos conflitos e cuestións pendentes que quedan na última etapa da lexislatura en Galiza, tras o cambio de panorama no conxunto estatal.

A elección dos senadores en representación da Comunidade autónoma provocou un conflito parlamentario e unha rotura do consenso. Non había outra forma de superar as diferenzas?

Habíaa, aplicando a mesma fórmula de sempre. Hai catro anos empregouse a Lei D'Hondt para a elección dos senadores en representación de Galiza e o PP conseguiu dous e o BNG un. En todas as eleccións do Parlamento para os órganos colexiados sempre se aplicou a Lei D'Hondt, non había motivo para cambiar o sistema, máis aló dos intereses do PSOE e do BNG. O procedemento no caso do Consello de Contas ou no Consello de Administración da TVG tamén é a Lei D'Hondt.

Considera que iso pode levar a unha etapa de rotura de consensos en Galiza?

Rompeuse unha práctica que sempre se cumprira. Cando o PP advertiu da posibilidade de dividir o seu grupo foi para que fose evidente que é o máis numeroso da cámara con diferenza, tanto que aínda partido por dous é maior que o do BNG. De todos os xeitos, quitáronlle un senador. As regras quedaron rotas, rompeuse o consenso por primeira vez e non fomos nós os responsábeis.

Estamos nun novo escenario?

Non imos romper o consenso por sistema nin por vinganza. Nos temas pendentes analizaremos cada caso en función dos intereses de Galiza, non pensando nos intereses do noso partido, como fixeron o PSOE e o BNG. En calquera caso, tomamos nota.

Un tema pendente é o da lingua.

Aí tamén temos unha postura clara. O decreto do galego no ensino é ilegal. Non o dicimos só nós, dio tamén o Consello Consultivo. O que pensamos é que se rompe outro consenso, o da liberdade para usar unha lingua ou outra. Por suposto que estamos pola promoción do galego, pero sen que signifique coartar a liberdade de ninguén. Hai que garantirlle aos pais o dereito a elixiren a lingua na que estudan os seus fillos.

Con todo, hai unha limitación de medios, de onde sairía o diñeiro para crear un sistema que garanta a elección de idioma?

É posíbel respectar os dereitos dos pais pero, en todo caso, quen tería que decidir en que idioma se imparten as clases son os propios interesados, a decisión pódese tomar por maioría nos centros de ensino, sen que teña que intervir a Administración. De todos os xeitos, nós defendemos que se impartan un 50% das materias en galego e outro 50% en castelán. É posíbel levalo á práctica. O que non debemos admitir é que se coloque unha lingua por enriba da outra.

A denuncia máis habitual nas cidades vén de pais que non poden enviar os seus fillos a un colexio que imparta as clases en galego porque non o hai.

O Plano de Normalización que aprobou por unanimidade o Parlamento cando gobernaba o PP daba pasos para garantir os dereitos dos pais e para corrixir esa imposibilidade.

Outro tema pendente é o Estatuto.

Touriño, que é o presidente da Xunta, é o primeiro que debe poñer a cuestión enriba da mesa pero non o fai. Aínda que non llo pregunten, constantemente di que non ve que haxa unha conxuntura favorábel para reformar o Estatuto. Nós estamos a favor de abrir o debate en calquera momento, sempre e cando se respecten os nosos puntos de partida.

Alfonso Rueda, Secretario Xeral do PPdeG. OTTO/AGN

> Se hai crispación, será porque queira o PSOE”

> O idioma no que se dan as clases podería decidirse por maioría sen que interveña a Administración”

> En todas as eleccións do Parlamento para os órganos colexiados sempre se aplicou a Lei D'Hondt, por que co Senado agora non se fixo?”

Parece que o problema veu pola palabra nación.

Non foi un problema dunha palabra. Puxemos enriba da mesa cuestións que atinxían o autogoberno, o financiamento... pero quixeron deixar as diferenzas nunha soa palabra. Foi culpa do PSOE, que estaba hipotecado pola súa relación co seu socio de goberno. En todo caso, se se trata de avanzar, os dous partidos do executivo poden facer unha proposta.

Que acontecería en Galiza se o Constitucional acepta a presenza da palabra nación no Estatuto catalán?

Un pronunciamento así sería un dato a ter en conta. Logo habería que avanzar na cuestión da ampliación das competencias, do financiamento...

Tras as eleccións xerais, o entendemento entre o PP galego e estatal parece despexar o panorama.

Esa subordinación do PP galego ao nacional é unha imaxe interesada e falsa. O PP é un partido nacional e está orgulloso de selo. O PP galego é unha forza autonomista e galeguista que traballa coa vista posta en conservar esa orientación e que nunca tivo problemas coa dirección nacional.

En todo caso hoxe hai máis sintonía que nunca. Quedou atrás a crispación?

O nova portavoz no Congreso fixo públicas unhas liñas de actuación que son novas, pero o PP tivo un respaldo electoral que non tería atinxido con crispación e actitudes destrutivas. Anteriormente houbo unha actuación política que conseguiu un apoio moi importante na sociedade española.

E en Galiza, haberá crispación?

Todo o que sexa articular consensos é positivo. O PP está por esa vía, pero para que haxa consensos son necesarias dúas partes. A actitude do PSOE na cuestión do Senado é un mal agoiro, foron eles os que rachaaron co consenso. En consecuencia, se hai crispación, será porque queira o PSOE.●

ENPOLEIROALLEO

OS XOGOS OLÍMPICOS E OS PATROCINADORES

The International Herald Tribune
(venres 28 de marzo)
"Os patrocinadores da marcha do facho olímpico presos das protestas do Tibet", titula unha noticia asinada por **Heather Timmons** en *The International Herald Tribune*. "O patrocinio das compañías púxose ao día co conflito porque os responsábeis das protestas a miúdo agardan que os patrocinadores provoquen un cambio na política ou, cando menos, lles permitan empregar as súas canles de comunicación. A portavoz de Coca-Cola, Kerry Kerr, dixo que teñen os ollos postos na situación e asegurou que 'pensamos que usar o facho olímpico para realizar presión sobre a política da China non é apropiado'. Nun comunicado institucional, outro patrocinador, Samsung Electronics, parte dun conglomerado de empresas de Corea do Sur, dixo que a compañía 'tivo boa fe no diálogo con grupos de activistas'. De momento, patrocinadores e planificadores dos Xogos de Beixíng deben idear as súas campañas de promoción con coidado. A campaña do facho de Coca-Cola, por exemplo, esta enfocada a cuestións medio ambientais. General Electric proporciona tecnoloxías potabilizadoras de auga e placas solares. Os analistas din que a responsabilidade social pode facer diminuír as protestas contra eles".

JOHN KOLESIDIS / REUTERS

O ISLAM SUPERA O CATOLICISMO

L'Osservatore Romano
(domingo 30 de marzo)
O Islam superou o Catolicismo como a relixión máis grande do mundo, indica nunha entrevista no periódico do Vaticano, *L'Osservatore Romano*, monseñor **Vittorio Formenti**. "Por primeira vez na historia, non somos os primeiros, os musulmáns superáronnos". Formenti tamén sinala que se calcula que o 17,4% da poboación mundial é católica, mentres que os musulmáns son o 19,2%. "É verdade que mentres as familias musulmás, como se sabe, continúan a ter unha morea de fillos, os cristiáns rexistran a tendencia contraria". Con todo, Formenti admite que considerando todos os cristiáns, non só os católicos, estes suman o 33% da poboación do mundo e que a porcentaxe do 19,2% de musulmáns no planeta represéntaos a todos eles, con independencia da corrente á que pertenzan.

A INVESTIGACIÓN E A EMPRESA

Público
(luns 31 de marzo)
Carlos Fernández Liria, profesor titular de Filosofía na Universidade Complutense de Madrid, reflexiona nun artigo de opinión no diario *Público* sobre a supeditación da investigación universitaria ás necesidades da industria. "O financiamento público subordínase á previa obtención de fontes de financiamento exterior, é dicir, privadas. Na práctica isto significa que toda a xeografía do mundo académico vese forzada a axustarse aos intereses profesionais e as prioridades da investigación empresarial. Ábrese así un abismo entre un edificio que se ergueu por si propio coa lentitude da Historia da Ciencia e o imprevisíbel mundo das demandas empresariais, cada vez máis anárquicas e cada vez máis dependentes de capitais que se moven na Bolsa á velocidade da luz. Non é que se pretenda privatizar a Universidade; é moito máis rendíbel poñela ao servizo dos intereses privados. Ao mesmo tempo, as empresas aprópianse dun exército de bolseiros pagados cos impostos e que traballarán para elas e os seus propios intereses mercantís. Nunha volta de rosca do que Galbraith chamou 'a revolución dos ricos contra os pobres', as empresas non se conforman con pagar cada vez menos impostos: agora queren tamén os cartos dos contribuíntes".●

QUE FOI DO PPDEG?

Antón Losada

Unha das poucas certezas que ofrecía a política de noso era que os *populares* galegos eran alguén en Madrid. Por votos, por financiamento e por liderado conformaban un espazo propio dentro do partido, unha aldea gala na que Génova prefería non meterse. Certo que nunca souberon moi ben que facer con ese potencial, pero ai estaba por si algún día a alguén se lle ocorría empregalo.

A nova era marianista do PP trae, entre outras novidades, a destrución desa certeza. Na nova dirección, os *populares* galegos quedan rebaixados á condición de figurantes con frase. Un resultado especialmente grave se temos en conta que Feixóo ten apostado todo o seu capital político a Madrid: a estratexia da crispación, converter a lingua nun problema ou demonizar o nacionalismo asociándoo coa violencia son mostras desa fidelidade a Génova. A mala noticia é que semella que Madrid non aposta por el nin con tanta fe nin con tanta paixón. Nun mes pasamos de ser posíbel ministro nun goberno de Raxoi a ser outro no coro que ten como misión cantar as xestas do home dos dez millóns de votos.

A un ano das eleccións galegas e logo de perder cen mil votos, os *populares* galegos non só non reciben un empurrón para afrontar a confrontación electoral con ánimo e valor, senón que se lles obsequia cunha desconcertante indiferenza. Farían ben en preguntarse se non o terán gañado por ter deixado de ser quen eran para transformarse nunha terminal do que vén do alto mando. En política vales o que tes e o PPdeG de Feixóo semella que só ten a fidelidade da tropa rasa, e así se lle trata.●

"Feixóo aposta por Madrid. A mala noticia é que Madrid non aposta por Feixóo"

Programa de Vivenda en Aluguer

Agora, alugar a túa vivenda é máis **seguro, cómodo** e está **cheo de vantaxes**

PROPIETARIOS

Tes unha vivenda desocupada?

Inclúea no **Programa de Vivenda en Aluguer**

- Cobro do aluguer garantido durante 5 anos, tras a sinatura do primeiro contrato.
- Ata 12.000 euros para obras de reforma.
- Seguro multirisco para a cobertura de incidencias.
- Asistencia e defensa xurídica gratuíta.
- Cómodo: inscríbete e a Consellería xestiona o aluguer da túa vivenda.

INQUILINOS

Buscas unha vivenda en aluguer?

Apúntate no **Programa de Vivenda en Aluguer**

- A Consellería subvenciónache ata o 60% do aluguer en función dos teus ingresos.
- Accede a unha bolsa de vivendas con todas as garantías e a un prezo asequible.
- As vivendas adxudícanse acomodando ao máximo as características da mesma, tanto en superficie como en prezo ás necesidades do inquilino.
- Cómodo: inscríbete e a Consellería axúdache a atopar a vivenda que buscas.

Infórmate:

- Oficinas de información da Consellería en A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Vigo e Ferrol.
- www.conselleriavivenda.xunta.es
- Tel: 902 100 054

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

VINCENT WEST / REUTERS

Sandra Carrasco, filla do ex edil socialista en Arrasate Isaías Carrasco, asasinado pola ETA.

A ETA reivindica cinco atentados. A organización terrorista asume que foi autora do asasinato do ex concelleiro socialista en Arrasate Isaías Carrasco. Este atentado encádrao nunha campaña de resposta "ao proceso de acoso" do goberno de José Luis Rodríguez Zapatero. Nun comunicado entregado ao xornal Gara, a ETA compara a Zapatero con José María Aznar. "Fixo igual ca el, estendeu a represión a todos os niveis". Na nota tamén se reivindica a autoría doutros catro ataques, incluído o coche bomba contra a casa cuartel de Calahorra (La Rioja).●

Raxoi inicia a súa particular renovación do PP

Soraya Sáenz de Santamaría. SERGIO PEREZ / REUTERS

A elección de Soraya Sáenz de Santamaría sitúa o líder popular a meio camiño entre o cambio e o reforzo da súa autonomía

Ch.G.

Tres semanas despois da derrota electoral e logo duns días de silencio case absoluto, Mariano Raxoi convocou a Xunta Directiva Nacional do seu partido para anunciar a designación de Soraya Sáenz de Santamaría como nova voceira parlamentar. Foi a súa primeira gran decisión da lexislatura e, a xulgar polas reaccións suscitadas, non contentou por igual a todos os populares.

RENOVACIÓN CUESTIONÁBEL. Para xustificar o nomeamento, o líder do PP limitouse a salientar as cualidades da deputada, en particular a súa "preparación, experiencia, coñecemento, empuxe e ilusión". Porén, a coñecida proximidade entre ambos os dous políticos, que traballan man a man, impúxose como verdadeira razón non declarada. Malia contar cunha escasa experiencia no Congreso, Soraya Sáenz de Santamaría, valisoletana de 37 anos, logrou impoñerse a outros candidatos de maior perfil político (como Esteban González Pons, home forte do presidente valenciano, ou Juan Costa). Isto leva a pensar que, sen dúbida, a súa lealdade xogou un papel decisivo. Ao tratárense dunha das persoas de confianza de Raxoi, a nova voceira (a primeira muller que ocupa este cargo no PP) preséntase máis como reforzo persoal do presidente popular que como aposta decidida pola renovación do partido. Nesta liña, tamén se percibe a confirmación de Pío García-Escudero á fronte do grupo popular no Senado.
Fronte á opinión dos sectores mediáticos máis afíns, que consideran que o presidente do PP se apoia en xente achegada a Ruíz Gallardón, Raxoi preferiu formar o equipo de dirección que pilotará o partido até xuño, con autonomía de criterio e gardando o secreto até o fin, do mesmo xeito que fixo na primeira reunión do partido despois do 9 de marzo. Ademais de Sáenz de Santamaría, colocou na Secretaría Xeral do grupo a Jose Luís Ayllón e a Gabriel Elorriaga para seguir na mesma tarea de comunicación que desempeñou na campaña electoral. Os portavoces adxuntos serán a xornalista Cayetana Álvarez de Toledo, o ex alcalde de Vitoria Alfonso Alonso e Fátima Báñez. Entre os portavoces adxuntos está o ourensán Celso Delgado Arce –quizais un guiño á renovación do PP en Ourense– e o veterano Arturo García Tizón.

ANÁLISE ELECTORAL. Mariano Raxoi aproveitou a súa comparecencia ante a Xunta Directiva para tentar minimizar a derrota electoral e a súa responsabilidade directa nos resultados. O líder popular asegurou que o fracaso dos últimos comicios non ten que ver coa súa persoa, polo que pensa volver loitar pola presidencia de España. Todas as incógnitas ao respecto resolveranse no XVI Congreso Nacional do Partido, que confirmou se vai celebrar en Valencia entre o 22 e o 24 de xuño.●

> Ao tratárense dunha das persoas de confianza de Raxoi, a nova voceira preséntase máis como reforzo persoal que como aposta pola renovación"

anosaterra á venda en madrid

Kiosco Sol S.L.	Puerta del Sol 8
A Nice Day C.B.	Puerta del Sol 10
Montoya Revilla, Mª Victoria	Plaza Sta. Bárbara 4
Mariano Mayo Muñoz S.L.	Gta. Ruiz Jiménez 1
Simón García, Javier	Fuencarral 111
Calleja Pérez, José Luis	Fuencarral 112
Forés Sancho, Concepción	Gta. Cuatro Caminos (esq. Sta. Engracia)
Lojo Gesteira, Antonio	Orense 2
Rodríguez Alarcón, Cristina	Plaza de Cuzco
Ribera Regueiral, Mª Dolores	Capitán Haya (esqu. Bravo Murillo)
Olmo, Santiago	Agustín de Foxá 2
Alcalde Clemente, Fco Javier	Plaza de Cibeles 4
Montiel Valenzuela, Serafín	Plaza de las Cortes 6
Martín Cuesta, José Ignacio	Plaza de la Independencia 10
García López, Juan Carlos	Plaza de la Independencia 2
Ruíz Mazario, Ángel Manuel	Goya 63
González Martínez , Manuela	Plaza Manuel Becerra 3
Del Canto Núñez, Montserrat	Plaza del Perú 4

MULLERES

Xosé A. Gaciño

O novo parlamento de Andalucía, resultado das eleccións do pasado 9 de marzo, é a segunda cámara de Europa (a primeira é o parlamento sueco) en nivel de paridade. O 45,8 por cento dos seus membros son mulleres (en Suecia son o 47 por cento), claramente por enriba do Congreso español, onde as mulleres ocupan o 35,7 por cento dos escanos (menos que en lexislaturas anteriores, por certo, a pesar da nova Lei de Igualdade, que obriga a que nas listas non haxa menos de 40 por cento, nin máis do 60 por cento, de cada sexo).
A clave dese nivel feminino na cámara andaluza está na súa nova lei electoral, aplicada por primeira vez nestes comicios, e que estabelece as chamadas listas cremalleira, que van máis alá que a lei estatal, porque impoñen un 50 por cento de reparto de postos por sexo, e ademais alternando home-muller (ou muller-home). A lei está recorrida polo PP ante o Tribunal Constitucional, como recorreron, con resultado negativo, a Lei estatal de Igualdade.
O sistema de obrigar a unha porcentaxe determinada de presenza feminina (a "muller cuota", como din maliciosamente algúns) recibiu moitas críticas e non deixa de ser unha maneira artificial de visualizar a igualdade dos sexos. Pero a práctica está a demostrar que os chamamentos morais e retóricos para ampliar a participación da muller en postos de representación política non eran atendidos e que só estabelecendo esta sorte de obrigas legais se chega a asegurar esa participación.
E cando todos cheguemos a superar prexuízos machistas e ver como natural a actividade pública da muller, poderemos prescindir das cuotas.●

> O novo parlamento de Andalucía é o segundo de Europa (por detrás do de Suecia) en nivel de paridade"

GUSTAU NACARINO/REUTERS

Joan Puigcercós, secretario xeral de ERC.

Puigcercós e Carretero presentaranse á presidencia de ERC. Joan Puigcercós, de maneira individual e xa oficial, e Joan Carretero, a través da proposta Reagrupament.cat, xa entraron na carreira pola presidencia de Esquerra, cuxo congreso se celebra no comezo do verán. É probábel que algunha candidatura máis xurda nas próximas semanas, aínda que fontes próximas á formación independentista consideran máis probábel que homes fortes do partido se unan ás listas de un ou outro candidato.●

Os nacionalistas castigan a Bono

As abstencións de CiU, PNV, BNG e o resto do Grupo Mixto fan de José Bono o primeiro presidente do Congreso en democracia electo en segunda volta

José Bono, esquerda, xunto ao presidente do goberno central, **José Luis Rodríguez Zapatero,** durante a sesión na que se escolleu a Bono presidente do Congreso dos Deputados. SERGIO PÉREZ/REUTERS

Ch.G.

A sesión constitutiva das Cortes, na súa IX lexislatura, rematou por facer historia pero non colleu por sorpresa a ninguén. A anunciada abstención dos nacionalistas (CiU, PNV, BNG e o resto do Grupo Mixto) obrigou ao candidato do PSOE, José Bono, a afrontar unha segunda volta para poder ser elixido presidente do Congreso. Deste xeito, o ex ministro convértese no primeiro en acceder a este posto por maioría simple e tras someterse a dúas votacións.

Na primeira, o candidato socialista obtivo 168 votos a favor, un menos do número de deputados do seu partido que hai na cámara. Na segunda, acadou 170 (co apoio de Gaspar Llamazares e Coalición Canaria), o que lle deu a vitoria fronte á candidata popular, Ana Pastor, que quedou cos 152 sufraxios da votación inicial. Ademais, houbo 26 votos en branco e dous nulos.

> Bono acadou 170 votos (co apoio de Gaspar Llamazares e Coalición Canaria) fronte os 152 de Ana Pastor”

ABSTENCIÓN DO BNG. Coa abstención, os nacionalistas amosaron o seu rexeitamento á figura de José Bono e, ao mesmo tempo, quixeron deixar unha porta aberta ao diálogo co partido socialista. A posición común das formacións de Galeuscat non significan posturas de negociación común cara á investidura, pero sinalaron a capacidade que poderían utilizar en ocasións puntuais. O deputado do BNG, Francisco Jorquera explicou ante os medios de comunicación a postura da súa formación, “o voto en branco é unha manifestación da nosa discrepancia coa figura de Bono, un home sectario e moi hostil aos nacionalismos”, pero tamén é unha mostra de “boa vontade”. Jorquera insistiu en que a súa formación continúa receptiva co PSOE, malia non estar satisfeita coas primeiras respostas do partido no goberno ás súas formulacións, sobre todo no que respecta á inflexibilidade á hora de propiciar que o Grupo Mixto se divida.

CESIÓN DE POSTOS. O que si apoiaron abertamente os deputados do BNG foron as candidaturas presentadas por CiU e PNV á Mesa da Cámara, grazas a cesión do PSOE de dous dos cinco postos que lle correspondían. Así pois, Jordi Jané por parte de CiU, asume unha das vicepresidencias e Joseba Beloki, do PNV, unha secretaría. No resto de vicepresidencias quedan a socialista Teresa Cunillera e os populares Ana Pastor e Jorge Fernández. A Mesa complétana polo PSOE, Javier Barrero, e polo PP Celia Villalobos e Ignacio Gil. Desta volta, o PSOE cedeu os postos ás formacións nacionalistas sen pedir a cambio o apoio explícito ao seu candidato e na elección das presidencias das comisións poderase contemplar se a advertencia de Blanco ao PP de deixalos fóra toma corpo ou se impón a idea dun arranque “suave” do curso parlamentario.●

A investidura de Zapatero entre o 8 e o 10 de abril

O pequeno castigo padecido por Bono podería quedar en anécdota se Rodríguez Zapatero se ve na obriga de pasar tamén por unha segunda quenda de votación para ser elixido presidente do goberno. Despois da rutina de visitas ao Rei dos presidentes do Congreso e do Senado, o encargo ao leonés para buscar a confianza da Cámara obriga aos negociadores socialistas (Ramón Jáuregui e Xosé Blanco) a acelerar a procura de acordos.

O primeiro incidente do percorrido negociador supúxoo o rexeitamento do PNV da moción de censura no concello de Arrasate para substituír á alcaldesa de ANV, por non condenar o asasinato por ETA do militante socialista Isaías Carrasco na véspera das eleccións. A dirección do PNV non se pronunciou no que parece unha decisión autónoma da dirección gipuzkoana encabezada por Joseba Egibar. E José Antonio Alonso, o novo portavoz socialista, xa advertiu que os socialistas “meditaremos seriamente o significado desta posición”. A posibilidade de abrir de entrada un flanco de ataque nun tema especialmente sensible como a violencia en Euskadi, pode botar para atrás a alianza cos nacionalistas vascos, que serían os máis obrigados a ceder logo de entrar na Mesa do Congreso. Ademais, ao fondo permanece a convocatoria por Ibarretxe dun referendo en outubro, cuxa retirada podería ser o elemento de troco esencial, aínda que se escenifique de xeito non doloroso. En todo caso, a posibilidade de procurar un apoio, cando menos de PNV e BNG, semella a prioridade de negociación que se está sustanciando á hora de pecharmos esta edición.

> José Antonio Alonso, o novo portavoz socialista advertiu ao PNV que os socialistas ‘meditarán seriamente o significado desta posición’, en referencia ao sucedido en Mondragón coa moción de censura a ANV”

Os nacionalistas galegos avanzaron que o tema central da primeira reunión cos socialistas sería verificar se é posíbel que o PSOE acepte a división do Grupo Mixto en varios subgrupos parlamentarios, unha demanda que o Bloque considera básica, ademais de aspectos programáticos e de prioridades orzamentarias para Galiza. Para formar grupo a posibilidade máis realista parece ser a de sumar os seus escaños con Coalición Canaria aínda que seguiría precisando do apoio doutro parlamentario.

OUTRAS COMBINACIÓNS. O sucedido na votación de Bono tamén forneceu algunha pista sobre as relacións de privilexio que procura unha IU doída coa escasa colleita de deputados. Na segunda volta, Llamazares fixo explícito o apoio ao candidato socialista, e fontes cercanas a Zapatero tamén deixan entrever que aínda que non como acordo de investidura, si pode interesarlle algunha axuda que sosteña as posibilidades de futuro político da coalición.●

KAREEM RAHEEM / REUTERS

Case mil civís morreron no Irak en marzo. Os recentes combates entre as tropas leais ao goberno iraquí, aliadas ás tropas ocupantes estadounidenses e británicas, e as milicias controladas polo líder relixioso xiíta Muktada Al-Sadr, fixeron medrar o número de vítimas no Irak até niveis descoñecidos desde agosto. Segundo datos do propio goberno de Bagdad, 923 civís morreron en marzo. Esta cifra bota por terra o optimismo estadounidense, que se gababa de mellorar moito as condicións de seguranza.●

Dous excéntricos compiten pola alcaldía de Londres

Livingstone, o *Roxo* enfróntase ao conservador Johnson, nun adianto do duelo polo goberno do Reino Unido

Fernando Pérez-Barreiro
Membro do Consello Asesor do IGADI (www.igadi.org).

O alcalde de Londres, **Ken Livingstone,** durante a convención do Partido Laborista, en Bournemouth (Inglaterra) o ano pasado. STEPHEN HIRD / REUTERS

A alcaldía de Londres é unha novidade na política británica. É unha creación do novo laborismo, e pode ser que a menos criticábel das reformas constitucionais e administrativas do programa de Tony Blair. Londres foi sempre e segue a ser unha amálgama de autoridades muncipais, das que a máis coñecida, tradicional e pintoresca é o Lord Alcalde de Londres, que ten xurisdicción só na City.

A necesidade de atender a problemas comúns da inmensa urbe foise atendendo desde finais do século XIX e ao longo do XX con organismos de mancomunidade: o Concello do Condado de Londres, primeiro, e despois o Concello do Gran Londres. A política niveladora da distribución de recursos entre barrios e distritos municipais que impulsaron eses organismos, sobre todo en cuestións como a educación, foi un orgullo dos laboristas. O predio do Consello ás beiras da Tamisa era un monumento a esa política.

Esa especie de Mancomunidade tiña unha forte impronta colexial e carecía dunha figura como a do alcalde. Mudou isto cando o Consello do Gran Londres, con maioría laborista, escolleu como líder a Ken Livingstone, procedente da esquerda do partido. Ken "o roxo" gañou sona como defensor das causas progresistas máis visíbeis no decenio do 1970. No 1986, Margaret Thatcher promoveu un novo sistema de administración local e o punto forte da reforma foi a supresión do Consello de Gran Londres. Voltouse ao fraccionamento municipal da urbe e, como a educación é responsabilidade primordialmente municipal, as escolas volveron ser peores non barrios pobres que nos ricos.

> A creación da alcaldía de Londres pode ser a menos criticábel das reformas constitucionais e administrativas do programa de Tony Blair"

> Cameron e Johnson estudaron nos prestixiosos centros de ensino de Eton e Oxford, onde foron membros do Bullingdon Club"

ALCALDE INFLUENTE. Coa vitoria de Blair no 1997, creouse unha Autoridade do Gran Londres, que consiste nunha Asemblea de 25 membros elixida en parte por distritos, co mesmo sistema de maioría simple que nas eleccións lexislativas, e en parte por representación proporcional, e un alcalde. Pensouse, amais das razóns de coherencia da xestión urbana, na necesidade de contar cunha figura que levase a voz de Londres no mundo e fose o seu defensor en asuntos tales como a sede das Olimpiadas.

Livingstone foi o primeiro alcalde, electo no comezo como independente, porque a Blair parecíalle "roxo" de máis para candidato do Novo Laborismo, e despois readmitido no partido.

Nestas eleccións, que serán o primeiro de maio, Livingstone volve ser o candidato do laborismo, e os conservadores presentan a Boris Johnson. Entre estes dous librarase a verdadeira batalla, ainda que hai outros oito, dos que só un, Brian Paddick, un policía que chegou a número dous de Scotland Yard e que se apresenta polo Partido Demócrata Liberal, pode contar algo

PRESAXIO DE MUDANZAS. Os medios de comunicación e o público estanlle dando una animación a estas eleccións que semella maior que a das eleccións lexislativas. Claro está que os resultados vanse interpretar como presaxio de mudanzas do electorado, e os conservadores esperan que lles sexan favorábeis. Jonhson é unha personalidade pintoresca no seu físico e na sua conduta. Bromista e propenso aos erros, encarna o excentricismo outrora característico de boa parte da vida británica. Nin el nin Livingstone son os políticos grises e tecnocráticos que últimamente predominan. David Cameron, o líder dos conservadores, e Johnson foron a Eton e a Oxford, onde para máis, foron membros do Bullingdon Club, o colmo da elite. As cuestións de clase nunca andaron lonxe dos liderados políticos na Gran Bretaña.●

LATEXOS

OS FRANCESES ESTÁN TRISTES

X.L. Franco Grande

Iso é o que di M.GR. no *Liberation* do 29 de marzo. Unha tristura que mina a moral das familias despois de coñecer as cifras de crecemento máis baixas do previsto e logo de comprobar o deterioro dos déficits. Un índice que continúa degradándose en marzo e caendo ao seu máis baixo nivel histórico.

Dísenos tamén que o indicador que mide a moral dos fogares recuou un punto en febreiro e que non son optimistas sobre as perspectivas de evolución do seu nivel de vida, polo que se vai aprazando a oportunidade de facer compras importantes.

Pero o goberno difunde a mensaxe de que Francia resiste a crise mellor que outros países e que a economía non vai tan mal. Algo que, conclúe o articulista, pode comezar a soar un pouco falso.

Semella que se está facendo unha alusión directa ao que manifestou Fillon: "¿Por que –dixo– Francia resiste mellor hoxe? Xustamente porque nós votamos o paquete fiscal este verán, o que mantén a demanda. Os nove mil millóns que inxectamos na economía póñennos a cuberto". Pero o estancamento da economía impídelle ao goberno volver sobre algunhas das súas promesas, como sinala o mesmo xornal o día 27. E isto é o que proe nos fogares franceses, que, ademais, ven que Sarkozy segue mergullado no seu narcisismo patolóxico (o diagnóstico é do psiquiatra Serge Hefez), para esquecerse dos problemas, distraéndose con actos como os recentes de Londres ou como o da liberación de Ingrid Betancourt, máis próximos a aquela patoloxía.

Teñen toda a razón os franceses para estaren tristes.●

> De que Unión se pode falar cando nin sequera se tomou en consideración o rol do conflito de Palestina e Israel nela?"

JASON REED/REUTERS

Putin e Bush asinan o seu derradeiro documento bilateral. O presidente ruso Vladimir Putin e o norteamericano, George Bush, celebrarán o seu derradeiro encontro como xefes dos seus respectivos Estados en Sochi o 6 de abril. Alí asinarán un documento "que garanta a estabilidade das relacións e lles deixe aos sucesores de ámbolos unha guía de entendemento", tal e como explicaron fontes do Kremlim. Rusia está moi preocupada polos intentos de Washington de unir á OTAN a Ucraína e Xeorxia, tradicionais aliados de Moscova.●

Jumana Odeh Esawee e Ivonne Mansbach, activistas palestina e israelí

'A ocupación está a corromper a sociedade israelí'

M. Barros

A XXV Semana Galega de Filosofía contou coa intervención de dúas activistas pola paz chegadas desde Oriente Medio, a epidemióloga israelí Ivonne Mansbach e a pediatra palestina Jumana Odeh Esawee, para reflexionar sobre o conflito palestino israelí. Ambas as dúas militan na organización non gobernamental Médicos polos dereitos humanos. Mansbach realiza unha intensa actividade na organización Checkpoint watch, xunto con outras 300 israelís. Pertence ademais ao movemento Mulleres de Negro, xurdido en 1988 en Xerusalén occidental despois de que oito mulleres feministas e pertencentes a movementos de esquerdas saíran a rúa a manifestarse en contra da ocupación. O obxectivo era promover a paz e crear pontes entre as mulleres israelís e palestinas. A partir deste grupo creouse o movemento internacional do mesmo nome.

Como nace en cada unha de vostedes esa conciencia política?

JUMANA ODEH (JO): Coa guerra de 1967 os meus pais convertéronse en refuxiados en Ramala. Supoño que con seis anos xa era consciente de que vivíamos en territorios ocupados pero non foi até os 11 que se despertou esa conciencia política e empecei a participar en folgas e a loitar contra os ocupantes. Recordo que a esa idade un soldado israelí bateume e quedei inconsciente. Cando fun estudar fóra sometéronme a interrogatorios e controis, e tiven cada vez máis claro de que eramos cidadáns de diferente nivel.

IVONNE MANSBACH: (IM) Cando cheguei a Israel dende América Latina tiña unha conciencia formada en contra da ocupación. Sempre pensei que o meu dereito a ter un estado depende do dereito dos palestinos. Se eles non o poden ter nós tampouco. Dende a ocupación no 1967, houbo grupos non organizados que loitaban e reclamaban regresar as antigas fronteiras. Existía unha base política á que adherirse. A plataforma Mulleres de Negro non xurdiu de repente. Defendía dous estados, que Xerusalén fose capital compartida e rexeitaba a violencia contra civís de calquera lado. As Mulleres de Negro, que pertencen á Coalición Israelí de Mulleres pola Paz, abriu o camiño para grupos máis activos que virían despois, como Check Point Watch.

Jumana Odeh Esawee e Ivonne Mansbach. PACO VILABARROS

Cal é o impacto do conflito na condición de mulleres tanto palestinas como israelí?

JO: A vida diaria non é normal para ninguén. A pesar de que a todo o mundo lle afecta, como profesional da saúde debes loitar diariamente en todas as frontes, e non só debes curar nenos e buscar solucións aos seus problemas, senón que tamén debes sobrevir a ocupación.

IM: Na sociedade israelí hai efectos moi claros. É evidente que a violencia contra as mulleres se incrementou como resultado do conflito. Os mozos van ao exército, armados, compórtanse con moita violencia contra os palestinos e cando regresan a casa non cambian de actitude. Hai moitos asasinatos de rapazas e moita violencia familiar. Por outro lado, dase un preocupante proceso de deshumanización. As fronteiras morais non son tan claras e trasládase esa actitude brutal á sociedade. Hai pensadores que defenden que se debe regresar aos territorios de 1967 porque a ocupación está a corromper a sociedade israelí.

> "Os mozos van ao exército, compórtanse con moita violencia contra os palestinos e cando regresan a casa non cambian de actitude. Hai moitos asasinatos de rapazas e moita violencia familiar"

Un dos principios de Mulleres de Negro é o achegamento e o traballo conxunto de palestinas e israelís. Como é na práctica?

IM: Facemos poucas actividades xuntas. A política israelí de separación funciona moi ben. Hai muros, puntos de control, estradas que dividen áreas e polas que non todos poden circular. Existen moitos obstáculos físicos para reunirse. As palestinas, por suposto, teñen máis dificultades aínda. Pero todas sabemos que sen o diálogo non hai esperanza. Jumana e máis eu consideramos que é necesario construír unha narrativa común que conte a súa historia e a miña, que exista unha lexitimación de ambas e que nos dean a posibilidade de vivir en dous estado en paz.

Este apoio mutuo das Mulleres de Negro e doutras organizacións, trasládase a outros ámbitos como podería ser o cultural?

IM: Non hai simetría, os palestinos están ocupados, non se poden desentender da ocupación e crear nexos económicos. Hai iniciativas simbólicas para chamar a atención, como pintar o muro.●

'Non é un conflito relixioso'

Hai unha lectura feminista da guerra entre Israel e Palestina?

IM: O Check point wach, nacido na segunda Intifada da man do camiño aberto por Mulleres de Negro, é un grupo de mulleres que se dirixe aos puntos de control, un ámbito militar masculino, como cidadás con dereito a dar un discurso político en contra da ocupación. É unha afronta ao espacio militar masculino. Imos tamén a este espazo para traelo a luz, para documentar o que alí acontece e para intentar resolvelo. Pero non imos a axudar aos militares israelís senón aos palestinos, xusto o contrario do que nos esixe a nosa sociedade. Aí está o revolucionario.

Debaixo das roupas, cada unha ten a súa relixión. É compatíbel?

IM: O conflito árabe israelí é un problema nacional colonial, non ten nada que ver coa relixión.

Pode haber paz en Palestina?

IM: Haberá paz cando se volva ás fronteiras do 67. A resolución é doada pero non existe unha vontade clara nesta liña.●

Participantes nunha cazolada en Buenos Aires contra o goberno de Cristina Fernández, o pasado mércores 26 de marzo. ENRIQUE MARCARIAN / REUTERS

A rebelión do campo arxentino

Os produtores de soia consideran que o imposto ás exportacións que impuxo Fernández é só unha "mordida" tributaria aos seus grandes beneficios

Laudelino Pellitero

O súbito estoupido do conflito dos produtores agropecuarios por cuestións fiscais, sacudiu a plácida maioría parlamentaria e a flamante presidencia de Cristina Fernández, con cortes das grandes estradas nacionais, con nutridas manifestacións ás que se sumaron importantes sectores urbanos acomodados, con desabastecemento dos mercados etc.

"Se os produtores de soia teñen unha "superrenda". Cal é o seu pecado?

Apostaron... e foilles ben!".Este parágrafo forma parte dun texto que circula entre as clases medias arxentinas.

Trátase da revolución dos terratenentes? ¿É unha medida confiscatoria dos beneficios do ouro verde ou una medida compensatoria de rendas?

Todo comezou o 12 de marzo, cando o ministro de Economía Martin Loustau lles impuxo retencións ás exportacións agropecuarias do 44,1 por cento, alegando necesidade de garantir a soberanía alimentaria, incentivando a produción cárnica e láctea en detrimento da crecente "soización" arxentina.

Non semella en perigo a soberanía alimentaria dun país que consome a décima parte dos alimentos que produce. Máis ben semella unha medida tributaria. As retencións achegaron no 2007 o 10 por cento da recadación, coa nova taxa significarán no 2008, o 14,25 por cento."

Se unha hectárea dedicada a prado produce 300 kilos de carne anuais e dedicada a millo da 10.000 kilos de gran, enténdese que os produtores escollan a opcións máis lucrativas. Por tanto, existe un crecente desfase entre a produción minguante de alimentos como carne e leite e a crecente demanda destes elementos básicos da canastra arxentina, que padece medras nos prezos alimentares.

Non é un imposto novo, provén da época do ultraliberal Adalbert Krieger Vasena, no 1962. Tras o *crack* do 2001 o goberno retomou un vello imposto, e impuxo retencións do 10 por cento ás exportacións agropecuarias que aboiaban solidez en plena crise. Lavagna ergueunas ate o 23,3 por cento. Felisa Miceli, que ocupou a continuación a carteira de Economía, elevounas até o 27 por cento. O seu sucesor, Miguel Peirano, elevounas ao 35 por cento.

O sector agropecuario arxentino experimentou un crecemento espectacular neste século grazas á alza dos prezos das materias primas e á política monetaria do goberno que ten sobredesvalorizado o peso para favorecer as exportacións e o crecemento interno.

> Non semella en perigo a soberanía alimentaria dun país que consome a décima parte dos alimentos que produce. "

No 2007 exportáronse 13 millóns de toneladas de millo e 10 de trigo. Tan só da soia facturaranse no 2008 máis de 20.000 millóns de dólares, dos que Loustau quere que 8.000 millóns de dólares pasen ás arcas do Estado para subvencionar alimentos básicos, pagar os avultados intereses da débeda externa pendente ou para mellorar os servizos públicos abandonados na época neoliberal de Menem.

A tentación de botarlles o dente aos suculentos beneficios agropecuarios é forte, pero facelo indiscriminadamente sobre produtores grandes, medianos ou pequenos foi un grave erro. Abriu unha innecesaria fronte antigobernamental interclasista.

Deberían terse gravado niveis de renda dos produtores e non cada hectárea, sen contemplar a dimensión da explotación.●

Promoción de investimentos en Cuba. O presidente da Asociación de Empresarios Españois en Cuba, Víctor Moro Suárez, animou os empresarios galegos a visitar a illa para analizar as posibilidades de instalar un negocio. Ademais de resaltar "o vínculo emocional, histórico e de lingua", incidiu en que os cambios anunciados polo novo Goberno cubano terán importantes repercusións na economía, abrindo novas posibilidades de investimento.●

ENRIQUE DE LA OSA / REUTERS

Millo, o novo ouro verde?

A necesidade de reducir a contaminación mediante o emprego de biocombustíbeis xera incerteza sobre a evolución dos prezos de alimentos básicos. A produción de leite xa se viu afectada pola suba dos custes dalgúns cereais. O cultivo de millo podería ser a solución para manter a competitividade.

Xurxo González

Os biocombustíbeis están en alza. Prevese que a súa produción aumente de xeito vertixinoso nos próximos anos, co obxectivo de limitar a incidencia negativa do transporte no medio ambiente. Non obstante, as incógnitas que a transformación de alimentos en enerxía para os vehículos terá na reorganización da agricultura son aínda grandes. Subas de prezos en produtos de alimentación básicos, como o pan ou o leite, posíbeis beneficios para os labregos do terceiro mundo ou a degradación do medio ambiente que pode ser consecuencia do proceso de elaboración do biodiésel e o bioetanol centran o debate.

Aínda que os principais promotores destas novas fontes enerxéticas son Estados Unidos e Brasil, que posúen de grandes territorios dispoñíbeis para o cultivo, a internacionalización dos intercambios comerciais provoca que as consecuencias sobre os prezos se noten tamén en Galiza. O servizo de Alimentación da cooperativa radicada na comarca de Santiago SERAGRO analizou nun estudo as implicacións para o agro galego. A produción de bioetanol inflúe no prezo de produción do leite, xa que aumenta a demanda de millo, cebada e trigo. Estes cereais constitúen as súas materias primas e o principal alimento do vacún.

Adolfo Álvarez e Víctor Manrique, técnicos de SERAGRO que realizaron o citado informe indican que, se ben o aumento dos custes para as explotacións dependen dos biocombustíbeis, tamén inflúen outros factores, como "a crecente demanda de materias primas por países asiáticos, circunstancias climáticas e a especulación dos mercados". Aínda que recoñecen que as consecuencias a medio prazo son difíciles de prever, estiman que algúns elementos básicos para a alimentación do gando, como os cereais, incrementarán os seus prezos en torno a un 25%.

O MILLO PROPIO COMO SOLUCIÓN. Os técnicos de SERAGRO consideran que a rendibilidade da gandería en Galiza pasa pola produción da, como eles a chaman, "propia enerxía alimentaria". O cultivo que maior enerxía pode achegar ao vacún por hectárea cultivada, coas condicións de chan e clima que se dan na Comunidade, é o ensilado de millo. A superficie deste cereal sementado no país nos últimos anos incrementouse significativamente, con moi boa produtividade como forraxe pero imposíbel de colleitar para gran.

> "A superficie de millo sementado nos últimos anos incrementouse significativamente, con moi boa produtividade como forraxe"

A produción de bioetanol non aproveita de xeito total os cereais que emprega. Logo da fermentación xéranse residuos que se aproveitan para a alimentación do gando. Polo momento non se desenvolveron as tecnoloxías necesarias para usalos como fonte de enerxía para o transporte, polo que a súa oferta aumentará, mantendo uns prezos competitivos.

Os técnicos de SERAGRO ven moi difícil, dada a complexidade das variábeis en xogo (clima, desenvolvemento de novas tecnoloxías, evolución dos mercados internacionais) prever canto pode durar a tendencia alcista do custo da alimentación para o gando. Non obstante, o continuo aumento do consumo de produtos lácteos indica que, para produtores, industrias e distribuidores este pode ser un bo negocio se se xogan ben as bazas.●

Esperanza e perigo en América do Sur

Brasil e os EE UU son os principais promotores dos biocombustíbeis. Ambos dispoñen de grandes superficies aptas para o cultivo dos vexetais necesarios. A utilización de millo, trigo ou soia, dedicados até agora ao consumo humano, como materia prima para o bioetanol ou o biodiésel xerou suspicacias en zonas produtoras como América Latina, xa que a competencia entre ambos destinos elevaría o prezo destes produtos, co conseguinte prexuízo para as clases máis pobres.

Unha das voces que mostrou a oposición a empregar plantas de consumo humano para a elaboración de combustíbeis foi a de Fidel Castro, quen aducíu que os agricultores do Terceiro Mundo non están en condicións de competir en igualdade condicións coas corporacións norteamericanas. Na súa opinión, o Goberno estadounidense amosou "belos exemplos do que na produtividade por home e por hectárea alcanzan os experimentados e ben organizados agricultores dos EE UU: o millo convertido en etanol; os residuos do millo convertidos en alimento animal con 26% de proteína; o excremento do gando empregado para a produción de gas. Dende logo, isto está, logo de cuantiosos investimentos, ao alcance das empresas máis poderosas, nas que todo se move sobre a base de consumo de electricidade e combustíbel".

A visión de organismos como a Organización das Nacións Unidas para a agricultura e a alimentación (FAO), é menos pesimista. José Cordeu, membro do seu grupo temático sobre bioenerxía, considera que "é necesario evitar posturas dicotómicas que obriguen a optar entre a produción de biocombustíbeis ou alimentos". Na súa opinión, os produtores agrícolas pobres beneficiaranse do aumento do prezo dos cereais e outras materias primas, mentres que os grandes prexudicados serán as clases urbanas menos favorecidas, para as que se deberían desenvolver medidas especiais. Cordeu pensa que "existen riscos (no que respecta á alimentación humana), pero estes foron magnificados".●

Folga de traballadores vietnamitas de Nike. 21.000 operarios da multinacional estadounidense en Vietnam están en folga para reclamar un aumento do 20% sobre os 59 dólares mensuais que cobran. Aínda que o soldo é un 14% máis alto que o salario mínimo fixado polo Goberno, a alta inflación (o IPC do último ano alcanzou o 19%) provoca que os traballadores teñan dificultades para chegar a fin de mes, segundo os seus delegados sindicais.●

REUTERS

O secretario estadounidense do Tesouro, **Henry Paulson,** durante a intervención en Washington o pasado 31 de marzo, na que presentou a súa proposta de maior control do sistema financeiro. JASON REED / REUTERS

Financiamento público para rescatar bancos en crise, o fin do monetarismo?

L. Miguel Barros Feteira
Director de Solventis.
www.solventis.es

"Tras a maioría dos argumentos contra o libre mercado subxace en realidade unha profunda desconfianza na liberdade"
MILTON FRIEDMAN

A principios do ano 2008 convirá repasar esta afirmación de Friedman, xa que a maior economía do mundo, despois de trinta anos de políticas económicas liberais, viuse devorada pola sua propia ambición.

As bases nas que se fundamentan as políticas económicas de EEUU e Gran Bretaña foron cimentadas por Ronald Reagan e Margaret Thacher ao principio dos anos 80 do seculo pasado, seguindo os postulados de Milton Friedman (premio nobel de Economia en 1976), máximo teórico do monetarismo e do libre mercado.

Estes piares víronse esnaquizados polos acontecementos ocurridos en datas recentes. O pasado 14 de marzo e nunha operación sen precedentes, a Reserva Federal dos EE UU, abriu unha liña especial de financiación para que o segundo banco do país, JP Morgan Chase, adquirese a prezo de saldo, a outro histórico de Wall Street, Bear Stearns.

A operación valoraba o banco adquirido en dous dólares por acción cando doce meses atrás, as suas accións cambiábanse a 150 dólares.

A finais do nadal de 2007 o Banco de Inglaterra tivo que sair o rescate do Northern Rock para evitar a sua quebra.

Sen entrar a valorar se estas actuacions das autoridades monetarias son ou non axustadas ás regras do libre mercado ou se os riscos para o conxunto do sistema financieiro xustificaban o papel de prestamistas de última instancia, si poderemos preguntar como e posíbel que no prazo de tres meses e en dous países distintos se tomen medidas de urxencia tan similares.

> Se nun escenario de libre mercado as autoridades públicas rescatan as entidades privadas en apuros, aínda polo ben do sistema, non sería desexábel e xusto que paguen por esa protección pública que reciben?"

Tomando como certa, a premisa de que tanto os gobernadores dos bancos centrais coma os altos directivos das entidades financieiras son xente seria, debemos pensar que hai factores externos e inescrutábeis que levan as entidades privadas que dirixen a situacións de quebra inminente.

Un deses factores e, ao meu entender, a evolución e sofisticación dos novos instrumentos financieiros de titulación, apalancamento e translación de riscos, que en moitos casos dificulta, até o delirio, valorar o que os bancos teñen nos seus balances.

A outro factor poderiamos chamalo simplemente ambición. A maioría destes activos non cotizan en mercados organizados, polo que o seu prezo debe ser estimado internamente. É evidente que sen unha supervisión férrea das autoridades monetarias poucas entidades van dicir que o que mercaron a 100 vale 23 e sendo isto preocupante, pode selo aínda máis que en realidade no saiban algunhas veces nin o que teñen, nin o que vale...

Estas suposicións déixannos unha realidade que golpea as políticas do *laissez faire* na sua liña de flotación.

Se nun escenario de libre mercado as autoridades públicas rescatan as entidades privadas en apuros, ainda polo ben do sistema, non sería desexábel e xusto que paguen por esa protección pública que reciben?

Se teñen a capacidade de xerar beneficios cunha adecuada xestión dos riscos do seu negocio, por que trasladar o conxunto da sociedad os seus fracasos?●

Medio Rural anuncia o fin dos contratos verbais na compra-venda de leite

A crise das últimas semanas reabre o debate sobre a organización do sector e a necesidade dun grupo lácteo galego.

Xurxo González

A recente crise de prezos resucitou dous temas de longo recorrido para o agro galego: un modelo de contrato homologado para a compra-venda de leite e a creación dun grupo lácteo con capital do país. A consellería de Medio Rural e os sindicatos agrarios considéranos puntos fundamentais para a viabilidade das explotacións galegas.

O estabelecemento dun contrato por escrito responde ás esixencias dos gandeiros de asegurarse unha estabilidade nos prezos durante todo o ano. Até agora os produtores de leite viñan negociando coas industrias transformadoras cada semana, e de xeito verbal, cal era o prezo por litro recollido. Así se entende que Puleva, Leite Celta e Pascual reducisen o pasado mes de febreiro de xeito unilateral o prezo pactado, e desatasen o conflito das últimas semanas.

No marco da Mesa do Leite celebrada o pasado día 26 acordouse dispoñer dun modelo de contrato nas próximas semanas, segundo informou a consellería de Medio rural. "As administracións públicas non podemos fixar nin orientar os prezos do mercado, pero os propios contratos serán unha referencia de estabilidade para os gandeiros", explicou o director xeral de Produción Agroalimentaria da Xunta, Antonio Oca.

Á BUSCA DO VALOR ENGADIDO. Máis aló da crise conxuntural, a creación dun grupo lácteo de capital galego vese como unha necesidade do sector. O 80% da industria transformadora na Comunidade está en mans de compañías foráneas. Logo de máis de dúas décadas de intentos infrutuosos, a Consellería de Medio Rural retomou, dende a súa creación, este proxecto. A Administración non ten dado moitos detalles sobre o estado das negociacións, pero fontes oficiais indicaron que o traballo céntrase na organización dun equipo directivo que xestione o grupo, a creación dunha alianza entre Río, Feiraco e Colaga, as cooperativas e industrias transformadoras con capital galego e a busca de financiamento público e privado.

O grupo resultante podería seguir o modelo doutras experiencias como Iparlat, que nacía da asociación entre centrais e cooperativas vascas e navarras. O proxecto baseábase en controlar toda a cadea de produción, dende a recollida do leite até a súa comercialización. A estratexia deste grupo céntrase en promocionar as súas propias marcas, coas que conseguiu situarse como unha das empresas punteiras en produtos como os iogures.

Os sindicatos agrarios veñen denunciando que un dos principais problemas do sector en Galiza consiste en que o leite se destina a marcas brancas, que se caracterizan por un menor prezo no mercado. A aposta polos produtos derivados e innovadores, nun contexto de aumento da demanda por parte do público, aumentaría os beneficios de empresas e gandeiros.●

> A aposta polos produtos derivados e innovadores, nun contexto de aumento da demanda por parte do público, aumentaría os beneficios de empresas e gandeiros"

BALANZAS FISCAIS AUTONÓMICAS

Manuel Cao

No arranque da segunda lexislatura de José Luis Rodríguez Zapatero chama a atención o compromiso do PSOE e Pedro Solbes de aceptar a publicación das balanzas fiscais. Quizáis, os bons resultados do PSC aguilloaron a explicitación desa vontade pois vense insistindo dende Catalunya no imprescindíbel recoñecemento por parte dun documento oficial do Estado do déficit fiscal catalán que se pretende paliar coas disposicións introducidas no Estatut.

Nos Estados de corte federal, os datos sobre as relacións económicas e financeiras entre as unidades subestatais e o Estado considéranse fundamentais para artellar unha política pública con garantías de calidade que permita dar conta do uso e xestión dos fondos. A creación das autonomías realizada nun contexto que simultanea o paso da ditadura á democracia coa descentralización xerou un alto grao de conflitividade resultado da convulsión emocional e do oportunismo electoral, de xeito que foi difícil chegar a unha visión obxectiva da estrutura do Estado e do grao de descentralización máis acaído para España. O Estado autonómico avanza nunha permanente tensión entre centralización e soberanismo, o que impide tomar como referencias constitutivas os modelos de corte federal para tratar de aplicalos na medida que corresponda.

Pasados 30 anos do recoñecemento da autonomía aínda non existen datos oficiais que revelen os fluxos de fondos interautonómicos e tampouco existen organismos consensuados que traten os temas relacionados coa organización territorial do Estado. Neste sentido, a publicación das balanzas autonómicas sería un grande avance para situar diante da opinión pública a realidade da política fiscal española o que permitiría coñecer os ingresos e gastos territorializados das autonomías reducindo a opacidade das políticas autonómicas e do propio Estado central pois así iríase coñecendo quen recada e gasta os recursos públicos, a procedencia dos fondos, como se exercen unhas competencias cada vez mellor delimitadas, etc. En definitiva, responsabilidade, transparencia e rendición de contas, as claves dunha política económica democrática.

Existen diversas metodoloxías para calcular as balanzas fiscais e en cada unha delas están presentes os intereses contrapostos das autonomías pois os resultados condicionarán as políticas de reparto de fondos e a disposición que pagar. Hai abundante literatura en materia de balanzas fiscais e tanto FUNCAS como a Fundación BBVA teñen publicado balanzas coas diversas metodoloxías chegándose a un consenso académico sobre e pertinencia de reducilo a dous enfoques: carga-beneficio e fluxo monetario.

Corresponderalles aos poderes públicos xurdidos da vontade democrática a aprobación dunha ou varias metodoloxías para calcular e publicar as balanzas fiscais. As discusións e ruídos político-electorais serán inevitábeis e ocorren en todos os países pero o avance que isto supón en transparencia e bon goberno compensa sobradamente.●

> A publicación das balanzas autonómicas permitiría coñecer os ingresos e gastos territorializados das comunidades, reducindo a opacidade das políticas autonómicas"

SONIA DAPONTE

Galiza acolle o Mundial de Hóquei 2009. Xa botou a andar a organización do Mundial de Hóquei sobre patíns Galiza 2009, que se vai desenvolver en Pontevedra e Vigo. Vigo fora escollida como sede –por diante de Cáceres e Madrid– a mediados do ano pasado pero foi agora cando se asinaron os protocolos necesarios entre as institucións municipais e autonómicas e as autoridades mundiais deste deporte para asegurar os investimentos e apoios necesarios para este evento deportivo de primeiro nivel.●

Triatlón, deporte galego

Xavier Gómez Noia inaugurou a tempada internacional cun novo triunfo para o poderoso triatlón galego, que terá este mes en Pontevedra a súa gran cita local antes duns Xogos que prometen medallas.

Xavier Gómez Noia, no centro, de negro, entre a directora xeral de Deportes, Marta Souto, e a conselleira de Deportes, Ánxela Bugallo, con outros atletas. Á outra beira de Bugallo está Francisco Villanueva, presidente da Federación Galega de Triatlón

Rodri Suárez

O home dos 15 podios consecutivos comezou o curso sumando o décimo sexto. En Australia –berce do triatlón– o ferrolán Xavier Gómez Noia volveu gañar unha proba da Copa do Mundo, competición da que foi campión nos dous últimos anos. O seu palmarés e o impresionante momento de forma que atravesa converte o galego no principal favorito para a medalla de ouro nos Xogos Olímpicos de Beixing do mes de agosto. Pero os éxitos de Noia non son os dunha illa casual senón a vangarda do que se está a converter (en dura pugna con piragüismo e vela) no deporte galego de maior proxección internacional. En triatlón, ese lema da transición optimista que converte a Galiza en potencia non é un desexo nin unha posibilidade; é unha realidade con moita bagaxe detrás e aínda máis camiño por diante. Xunto ao ferrolán aparecen nomes como Iván Raña, Pilar Hidalgo e ademais unhas seleccións galegas afeitas a copar os podios estatais, tamén no duatlón, o irmán menor da disciplina. "Levamos tres títulos seguidos en duatlón e cinco en triatlón. Incluso cambiaron as normas a petición doutras territoriais a ver se acababan co noso dominio pero seguimos gañando", afirma Francisco Villanueva, presidente da Federación Galega.

O triatlón é un dos deportes máis novos. A súa mestura de natación en augas abertas, ciclismo e carreira a pé non se oficializou realmente até principios da década do 1990. Debutou como olímpico en Sydney 2000. Alí, de súpeto, espertouse o deporte galego cunha grande estrela. Saído da nada para a maioría, un rapaz de Ordes chamado Iván Raña acadaba un valioso diploma tras rematar a proba en quinta posición e loitar polo podio até o final. Porén, foi máis un aviso que unha posta en marcha. A auténtica explosión tivo lugar dous anos máis tarde, en Cancún. Alí, Raña proclamouse campión mundial. Ao ano seguinte aparecía en escena Xavier Gómez Noia. Este atleta medrou espectacularmente nos últimos anos, ao igual que a disciplina en Galiza. "Hai 11 anos, cando collín a Federación, no primeiro campionato ao que acudimos tiñamos só catro deportistas e quedamos de décimo cuartos entre 16 e porque os dous últimos equipos apenas tiñan entidade", lembra Villanueva.

FUTURO. O veloz e triunfal >>>

A copa do mundo, en Galiza no 2010

Galiza é referencia internacional no triatlón, pero aínda non conta con experiencia no eido organizativo. Até este mes. O próximo 19 de abril, Pontevedra acolle a proba coa que arranca a Copa de Europa 2008, que terá doce citas en dez estados diferentes. Na cidade do Lérez adestra e vive Gómez Noia, no Centro de Tecnificación da Xunta. Alí rematará a competición "como un recoñecemento ao traballo que se leva a cabo nestas instalacións", segunda explica Marta Souto, directora xeral de Deportes. "Traer ao noso país unha data así era unha obriga tamén para con todos estes triatletas que non deixan de darnos alegrías", explica sobre un evento no que está asegurada a presenza do propio campión ferrolán. Pero as intencións organizativas non se pechan na cita pontevedresa (cun circuíto que percorrerá o casco histórico) senón que van máis alá. "No 2009 esperamos ter a Copa Iberoamericana", comenta Francisco Villanueva, presidente da Federación Galega de Triatlón. Un ano despois, o grande obxectivo: unha proba da Copa do Mundo. Para o 2010. Non é oficial, pero si moi probábel. Sería un bo xeito de pechar dez anos de feliz triatlón galego. E comezar outros tantos.●

PACO VILABARROS

Triangular de básquet entre Galiza, Euskadi e Catalunya. Logo de que remate a tempada de clubs, as seleccións de básquet feminino e masculino de Galiza, Euskadi e Catalunya disputarán un torneo triangular. Será a primeira vez que se dispute unha competición destas características entre os combinados propios das nacionalidades históricas. Este torneo é froito dos acordos de San Mamés que os tres gobernos autónomos pactaron a primeiros de ano para potenciar as seleccións deportivas propias.●

>>> asentamento do triatlón en Galiza aínda busca un dato que exerza de explicación. Quizais porque só pode entenderse dende unha óptica ampla. Loxicamente, hai un traballo ben feito detrás. Algunhas correntes atribúeno a características propias do territorio, segundo as cales débese á xeografía do país (propicia para a natación en auga viva e cunha orografía diversa para o ciclismo e a carreira). O máximo responsábel da disciplina en Galiza prefire personalizar. "Aquí sempre houbo bos ciclistas e bos atletas, talvez non había tanto nivel en natación, pero o certo é que a unión das tres disciplinas dá resultado, se ben creo que principalmente por méritos dos deportistas e, sobre todo, dos magníficos adestradores, o que tamén hai que agradecerllo ao esforzo da xente que se forma no INEF, moi importante para o deporte galego", engade o presidente da federación.

Vive un momento doce o triatlón. Pero –como pasa con todo aquilo que alcanza a cima a unha velocidade de vertixe– vive baixo a sombra do xigante con pes de lama, do brillo pasaxeiro doado de esquecer en canto rematen os éxitos internacionais. "É posíbel que non sempre poidamos manter este nivel, por iso a ilusión que sentimos polas medallas actuais non nos fai esquecer que o máis relevante da nosa actuación está na base. Neste intre e sen poder predicir o futuro, o mellor froito do traballo que facemos está neses catro o cinco triatletas galegos que en dous ou tres anos esperamos que alcancen a elite mundial", sinala Villanueva. Para iso, contan con suficiente apoio institucional? "Eu sempre pedirei máis, pero tampouco nos podemos queixar. Hai que recordar que estamos correspondendo con resultados e que antes viaxamos moitas veces ao campionato de España cruzando a península en furgoneta. E, non obstante, gañabamos", di. É un deporte duro o triatlón.●

Beixing: Medalla segura, o enigma e a utopía

Tres triatletas defenden a Galiza a nivel mundial. Dous deles estarán nos Xogos de Beixing. A terceira, Pilar Hidalgo, ten bastante complicada a súa presenza. Intentará obter a clasificación nas probas da Copa do Mundo de Nova Celandia e Corea, pero despois de dous anos practicamente fóra da competición, aínda ten que progresar moito. A incógnita chámase Iván Raña. Tras a súa irrupción en Sydney e a decepción en Atenas (quedou no posto 23), o de Ordes volveu amosar a súa mellor cara nalgúns treitos do pasado exercicio. Recuperou o seu lugar entre os 15 mellores do mundo. O seu problema, a irregularidade. Seica tamén a súa mellor arma. "O seu rendemento é imprevisíbel, pero falamos dun superclase, polo que non sería raro que loitase polo podio", confesa o presidente da Federación Galega, Francisco Villanueva. A unanimidade chámase Xavier Gómez Noia. Leva dous anos e 16 competicións seguidas no alto. Se non hai ningunha desgraza, conquistará un metal, con claras opcións para o Ouro. A súa preparación vai por moi bo camiño. "Síntome mellor que a estas alturas do ano pasado. Todo vai como ten que ir", dixo o ferrolán despois de vencer en Australia hai unha semana.●

Shereen Martineau [arriba] e J**essie Burton, Simon Wilson** e **Sarah Woodward** [á dereita].

A praza pública sobe ao escenar

Peter Handke presenta en Londres unha obra con 450 personaxes e sen diálogos

Manuel Xestoso
Neil Libbert [FOTOGRAFÍA]

A sempre estimulante temporada teatral londiniense vive estes días unha pequena convulsión. O pasado febreiro estreouse unha nova montaxe –a cargo do National Theatre e baixo a dirección de James MacDonald– da obra *The Hour We Knew Nothing of Each Other* (A hora en que non soubemos nada os uns dos outros), de Peter Handke. Trátase dunha peza que bate contra a incomprensión dunha parte do educado público que asiste ás estreas da prestixiosa institución inglesa e que recibiu críticas tan dispares coma apaixonadas. A razón? A obra de Handke consiste, basicamente, en 450 personaxes –aos que dan vida un elenco de 27 actores– que vagan arredor dunha praza, sen dicir unha soa palabra na hora e tres cuartos que dura a función. No canto de atopar unha obra teatral no sentido clásico do termo, os espectadores contemplan un fragmento de vida, un anaco do mundo trasladado ao escenario. O que a audiencia pode observar correspóndese co trasfego habitual que se pode encontrar en calquera espazo público.

O espectador avezado, non obstante, constata que Handke logra destilar un abraiante conglomerado de emocións e experiencias a través das brevísimas aparicións dos seus personaxes, mantendo un sosegado equilibrio entre gravidade e humor, entre traxedia e comedia, entre transcendencia e futilidade. A vaidade, a desesperación, o amor, o odio, a amizade, o rancor, a compaixón, a soidade, a envexa… desfilan polas táboas do teatro, nun emotivo retrato de grupo do ser humano que pretende ser, ao mesmo tempo, un himno e unha elexía. Entre o ecléctico grupo de figuras que fan as súas fugaces aparicións polo escenario hai varredores, unha parella de recén casados, bombeiros en prácticas, travestís, borrachos ouveadores, homes de negocios que bulen cara aos seus postos de traballo ou que toman un tempo para xantar, amas de casa camiño do mercado, practicantes de footing, colexiais máis ou menos desocupados, policías, *skaters*, un equipo de rodaxe, turistas, pescadores, ladróns, operarios, azafatas, funcionarios… Déixanse ver, tamén fuxidiamente, Moisés, Tarzán, o Gato con Botas e o Papaxeno de *A frauta máxica*. Fórmase unha cola –non sabemos para que– e en poucos minutos esmorece. Unha muller chora. Un home morre dun ataque e, en canto a ambulancia o leva, unha parella entra excitada nun portal para facer o amor bestialmente.

> *A obra foi concibida nunha praza preto de Trieste, onde pasei todo o día observando e onde todos os pequenos detalles se converteron en significativos, sen seren simbólicos".*
>
> **[Peter Handke]**
> Autor da obra.

Unha celebración da calidoscópica diversidade humana? Sen dúbida; pero tamén algo máis. En realidade, Handke apunta a unha revolución da nosa forma de mirar. Segundo unhas declaracións do propio autor reproducidas no programa, a obra foi concibida nunha praza preto de Trieste, onde pasou todo o día observando e onde todos os pequenos detalles "se converteron en significativos, *sen seren simbólicos*". Precisamente é esta carencia de simbolismo, a distancia que existe entre o ton desta obra e o discurso alegórico, a que nos compele a fixarnos na humildade das accións representadas, que translocen vigorosamente a relación entre os perso-

io

> A obra consegue que a banalidade se converta en desvelamento"

naxes e a súa significación. Obrigados a presenciar escenas cotiás que suceden ao noso arredor todos os días, os espectadores tomamos conciencia do teatro coma espazo creador de ilusións, mais ilusións con fasquía de realidade. A nosa mirada deambula polo escenario fixándonos nos pequenos detalles que habitualmente pasan inadvertidos. Conscientes de que albiscamos só un espellismo, atopámonos coa *materialidade* da vida diaria. A nosa visión convértese na do pintor, atendendo sempre aos pormenores mínimos da realidade para captar a súa esencia máis profunda. O que estás vendo es ti, máis tamén algo que te transcende, dinos Handke.

Xa en 1980, na súa novela *A doutrina do Saint-Victoire*, Handke reparaba na pintura de Cézanne como exemplo dunha arte que mostrase o invisíbel. Nela, o protagonista, fascinado pola obsesión por *ver* do pintor –que nos derradeiros anos da súa vida pintou o monte Saint-Victoire unha e outra vez– lembra que este, negando que pintase "do natural", describía os seus cadros como "construcións e harmonías que gardaban un paralelismo coa natureza". En consonancia con este criterio, a concepción da literatura de Handke aspira á obxectividade absoluta e ansía, flaubertianamente, unha obra na que estea ausente a historia. O seu texto ideal está construído a partir de mínimas anécdotas minuciosamente descritas, xustamente porque pretende fixar na escritura o incesante devir do mundo. Ou dito doutro xeito, conseguir que a banalidade se converta en desvelamento. *The Hour We Knew Nothing of Each Other* resulta, vista dende esta perspectiva, unha das cimas do seu teatro.

Nunha época na que o consumo visual substituíu definitivamente a contemplación, a obra de Peter Handke constitúe un concentrado antídoto contra a trivialidade, unha revelación fulcral da nosa posición no mundo. Debido a que a conmovedora vulnerabilidade da vida que se nos descobre nesta obra é ordinaria –mesmo vulgar–, a súa translación teatral –literaria– engrandécea. Dignificada por esa extraordinaria transmutación que chamamos arte. ●

Vetado en París, reivindicado en Londres

A crítica, malia as obxeccións que se lle apoñen ao experimento dramático de Handke, destaca que esta versión de *The Hour We Knew Nothing of Each Other* é a máis completa das que se fixeron –moi poucas, dada a envergadura da montaxe– dende a súa estrea en Viena en 1992. A proverbial competencia de actores e técnicos británicos consegue que a complexa mecánica desta obra se converta nunha perfecta coreografía que funciona coma un impecábel engrenaxe.

Pero ademais, a montaxe do National Theatre ten unha inopinada lectura política. En 1996, a Comédie Française –o equivalente francés do National– vetou a montaxe dunha obra do autor austríaco despois de que este asistise ao enterro do dirixente serbio Slobodan Milosevic. Varios medios de comunicación europeos amosáronse inclementes co escritor. *Le Nouvel Observateur* acusouno incluso de negacionismo e de aprobar o masacre de Srebrenica e outros crimes de limpeza étnica levados a cabo durante a guerra dos Balcáns. En realidade, Handke afirmaba exactamente o contrario de aquelo do que se lle acusaba. "Existían campos intolerábeis nas Repúblicas iugoslavas, entre 1992 e 1995, sobre todo en Bosnia. Pero, xa está ben de ligar mecanicamente eses campos aos bosníaco-serbios: tamén había campos croatas e campos musulmáns e eses crimes tamén serán xulgados ante o tribunal de Le Hague", declaraba daquela.

Handke, como defensa ante "a manipulación de certos medios europeos" presentou unha querela contra *Le Nouvel Observateur* que foi fallada ao seu favor o pasado decembro, aínda que case que ningún medio informativo dos que o acosaron entón se fixo eco da noticia. Un duplo acerto dos británicos. ●

ANOSATERRA
27 DE MARZO - 2 DE ABRIL DE 2008

Todas as entidades asociativas participarán nos Premios Nacionais creados por Cultura

M. Barros

O pasado 24 de marzo materializouse no Centro Galego de Arte Contemporánea unha das vellas reivindicacións do mundo das letras e das artes coa presentación dos Premios Nacionais da Cultura Galega. A conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo arroupada polos 15 membros que formarán parte do xurado, anunciou a posta en marcha destes galardóns propios coa intención "de que se convertan en ferramenta para facer visíbel o traballo silencioso e rigoroso de todos aqueles que traballan por crear e difundir a cultura galega". Para Ánxela Bugallo este é un paso máis na normalización da creación propia e agarda que os Premios sexan cada ano "a grande festa de recoñecemento da cultura galega".

Os galardóns, que teñen un carácter anual e están dotados con 15.000 euros e cada categoría, recaerán preferentemente en persoas que teñan destacado por unha obra ou actuación desenvolvida no ano anterior ou en recoñecemento do conxunto dunha traxectoria. A selección dos premiados responderá a un proceso aberto e participativo. As candidaturas poderán ser presentadas polos membros do xurado e tamén por institucións, entidades culturais e profesionais relacionadas coas actividades artísticas, culturais e patrimoniais obxecto de cada premio. As propostas deberán enviarse á Consellaría de Cultura antes do 24 de abril, acompañadas dun informe razoado que xustifique a súa presentación. Xa foron enviadas máis de 5.000 cartas convidando a asociacións, entidades e concellos de Galiza a participar coas súas propostas.

Neste sentido, a conselleira manifestou o seu desexo de que os cidadáns "se vexan recoñecidos nestes premios, que participen na designación de candidatos e que vexan o proceso como algo propio, que implique a todos os axentes do mundo da cultura".

Xosé Ramón Barreiro [presidente da Academia Galega], Luís Bará [director xeral de Creación e Difusión Literaria], Ánxela Bugallo [conselleira de Cultura], María Bouzas [actriz], María Xosé Agra [catedrática de Filosofía] e Ramón Villares [presidente do Consello de Cultura] durante a presentación dos premios.

> "Non sei como resultará que sexamos tantos na resolución dos premios"
>
> **[Xosé Ramón Barreiro]**
> Presidente da Academia Galega.

XURADO ÚNICO E PLURAL. Nesta primeira edición, o xurado está composto por 15 profesionais de recoñecido prestixio, representativos de cada sector da cultura, entre eles María Xosé Agra Romero, catedrática de Filosofía moral e Política da USC e autora de libros como *Ecología y feminismo* e coordinadora de *Corpo de Muller. Discurso. Poder. Cultura*, Rosario Álvarez Blanco, membro da Real Academia Galega, a actriz e presidenta da Academia Galega do Audiovisual María Bouzas e o politicólogo Xosé Luís Barreiro Rivas. Tamén darán o seu veredicto o presidente do Consello da Cultura Galega Ramón Villares, o músico e xornalista Xurxo Souto, a escritora e xornalista Ana Romaní, a ensaísta e investigadora Laura Tato, o escritor John Rutherford, a directora do Museo de Historia Natural María Isabel Fraga Vila e o arquitecto Celestino García Braña, entre outros.

O presidente da Real Academia Galega e membro do Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento, do Seminario de Estudios Galegos e do Consello da Cultura Galega, Xosé Ramón Barreiro Fernández, tamén membro do xurado, sinala que os premios "significan un salto cualitativo na conformación de galardóns en tanto que persegue abranguer todas as áreas importantes da investigación, da arte e do cine". Barreiro Fernández móstrase máis escéptico no referido ao veredicto do xurado e asegura non saber como "resultará que sexamos tantos na resolución dos premios". "Non se trata de innovar no que a premios se refire", puntualiza "porque galardóns xa existían". "O que é realmente novo e importante é o feito de abordar toda a temática".

Pola súa parte, o comisario e crítico de arte Xosé Manuel Buxán Bran, tamén membro do xurado, considera que os galardóns contribúen a "crear unha conciencia e un sentimento de patrimonio cultural nacional".●

Piden máis peso para a literatura

Aínda que a maior parte do sector coincide en aplaudir a posta en marcha dos premios e en destacar que contribúen a normalizar a cultura propia, o certo é que o número das categorías contempladas non acadou tanto consenso. A orde publicada no DOG o pasado 24 de 2008 pola que se crean os Premios Nacionais recolle dez categorías: Arquitectura e Espazos Públicos, Artes Visuais, Artes Escénicas, Literatura, Música, Patrimonio Cultural, Pensamento e Cultura científica, Cine e Audiovisual, Iniciativa Cultural e Cultura Tradicional e de Base.

O director de Edicións Xerais, Manuel Bragado, introduce, neste sentido "un matiz de cara a vindeiras edicións do premio", co que non lle quere restar "a importancia que ten" á iniciativa de Cultura e o paso decidido que representa no camiño da autoestima e valoración da nosa creación "a altura de calquera outra do mundo". Ao seu ver, o modelo escollido para os Premios Nacionais de Galiza presentan moitas similitudes cos seus correspondentes cataláns, creados na década dos 90 nos que se contemplan 15 categorías. "Seguimos a súa estrutura e afastámonos de xeito intencionado dos premios que outorga o Ministerio de Cultura, que teñen 22 modalidades e se artellan sobre os catro ámbitos de creación artística". Dalgunha maneira, para Bragado este modelo "non recoñece suficientemente a importancia da nosa cultura literaria". "Na propia lei do Libro fálase dos Premios Nacionais da Literatura Galega, e paréceme insuficiente que nestes galardóns exista un só premio no ámbito literario". Bragado defende que no "futuro, e haberá tempo abondo para que se consoliden estes galardóns, podemos ter un Premio Nacional de Narrativa, de Poesía, de Ensaio..." porque sería precisamente a literatura e a lingua os que garanten o futuro de toda creación cultural como feito diferenciado, "sen desmerecer ningunha outras expresión artística nin creativa".●

A única revista infantil que ten un suplemento para adultos chamado A Nosa Terra

BULEBULE

HOXE: O TELÉFONO

3-9 de abril de 2008

Coordenación e Ilustración: Gonzalo Vilas

Enciclopedia temática ilustrada do Profesor Bulebulsky
diplomado pola Politécnica de Transilvania

OS HOMES SEMPRE QUIXERON COMUNICARSE A LONGAS DISTANCIAS, PROBANDO DISTINTOS MÉTODOS

SMS (SISTEMA DE MENSAXERIA SIOUX) DECIR:
"wena kza, bisont chgar, preparar danza d kza chiki-chiki"

GUERREIROS MOZOS CADA DÍA ESCRIBIR PEOR! EU AFIRMAR!

A INICIOS DO SECULO XIX INVENTOUSE O TELÉGRAFO. PERO A COMUNICACIÓN ERA ALGO IMPERSOAL

DÍ A SUA PROMETIDA QUE: PUNTO-RAIA-RAIA-RAIA PUNTO. RAIA-RAIA-PUNTO. RAIA-RAIA. PUNTO-PUNTO-PUNTO. RAIA-RAIA-RAIA

TIC TIC

QUE POUCO ROMÁNTICA! XA ME ESTA RAIANDO!

AO LONGO DO S. XIX HOUBO DIVERSOS INTENTOS DE TRANSMITIR A VOZ POR IMPULSOS ELECTROMAGNÉTICOS. O ITALIANO ANTONIO MEUCCI É CONSIDERADO HOXE O VERDADEIRO INVENTOR DO TELÉFONO PERO QUEDOU SEN CARTOS PARA A PATENTE. MEU POBRE!

NON TIÑA UN CENTAVO NEN PARA FACER UNHA CHAMADA!

GONZALO

ASÍ QUE A GLORIA LEVOUNA GRAHAM BELL, CON ESTE APARELLO

BELL, UN ESCOCÉS AFINCADO NOS EEUU, ADEMÁIS DE CIENTÍFICO ERA UN EMPRESARIO ESPABILADO. O TELÉFONO EMPEZOU A DAR CARTOS EN CANTO FOI INVENTADO. ALGO QUE NON MUDOU MOITO ATÉ OS NOSOS DIAS...
ASÍ, O 10 DE MARZO DE 1876, BELL PRONUNCIOU A FAMOSA FRASE QUE DEU ORIXE A HISTORIA DA TELEFONIA:

MISTER WATSON, VEÑA AQUÍ

AO PRINCIPIO, A COMUNICACIÓN SÓ CUBRÍA DISTANCIAS MOI CURTAS

MR. WATSON

EU IR VOU, PERO PARA ESTO PODIA TERME CHAMADO CUN BERRO, QUE ESTOU NA HABITACIÓN DO LADO!

PERO EN POUCOS ANOS A TÉCNICA MELLOROU. AS GRANDES CIDADES DO MUNDO EMPEZARON A TENDER LIÑAS, E UNHA MARAÑA DE CABLES EMPEZOU A CUBRIR AS SUAS RUAS

(Continúa na páxina seguinte)

NUN PRINCIPIO CADA CHAMADA TIÑA QUE SER CONECTADA A MAN. PARA ESO NACEU O OFICIO DE TELEFONISTA, QUE FOI CONFIADO A MULLERES, POR SER MAIS AMABEIS, DISQUE (E PORQUE COBRARÍAN POUCO POR UN TRABALLO ESGOTADOR)

PERO O SISTEMA DE OPERADORAS ERA MOI TRABALLOSO, CHEO DE ERROS, E....POUCO DISCRETO

ATÉ QUE ALGUÉN INVENTOU O DIAL, E UN SISTEMA PARA CONECTAR OS NÚMEROS AUTOMÁTICAMENTE

A EVOLUCIÓN DO TELÉFONO PROSIGUEU, E PODÉMOLA SEGUIR, VENDO OS CAMBIOS NO PROPIO DESEÑO DOS APARATOS...

O TELÉFONO SEN FÍOS XA SE UTILIZARA NA II GUERRA, PERO ERA USANDO A RADIO, E O ALCANCE ERA DE POUCA DISTANCIA

PERO AS LIÑAS NON CHEGABAN A TODOS LADOS. NO RURAL NON HABIA TELÉFONOS, OU SÓ HABÍA UN:

E ALÁ TIÑA QUE IR PEPIÑO, A TODO CORRER

E PASABAN COUSAS DESTAS...

(COS ANOS, PEPIÑO CHEGOU A SER UN GRAN CAMPIÓN DE CROSS, PERO ESTA E OUTRA HISTORIA...)

A TELEFONÍA MÓBIL COMEZOU NO XAPÓN A FINS DOS 80, E EN POUCOS ANOS CHEGOU AO ÉXITO ACTUAL. OS VELLOS POSTES VENSE AGORA SUSTITUIDOS POLAS ANTENAS NOS TELLADOS...

PERO A PESARES DESES INCONVINTES, A TELEFONÍA AO FIN CHEGOU AO SEU ÚLTIMO OBXECTIVO, O QUE GRAHAM BELL NON PODÍA IMAXINAR: ***A COMUNICACIÓN TOTAL!***

Os Bolechas

PEPE CARREIRO



Pasatempos

3	5		2
2		4	
	1		
5		1	4

Usando dous dos números que aparecen no cadro, enche os espazos valeiros, de xeito que os números sumen 15 en calquera dos sentidos.



Alguén recortou e desordenou o papel no que estaba escrito o nome dun famoso deportista galego. A ver se sabes recompoñelo, e averiguas quen é!

BULEBULE

BIBLIOTECAS ESCOLARES

Antonio García Teixeiro

Coñecín persoalmente a Mariano Coronas nunhas xornadas literarias en Cuenca. Alí, cada un deu o seu taller e falamos moito. Volvín velo en Baeza por idénticos motivos. Mariano é unha das persoas que máis leva traballado teórica e practicamente no eido das bibliotecas escolares. Coma min, é un convencido da necesidade dunha rede bibliotecaria ben dotada, con medios materiais e humanos, nas nosas escolas. Os dous sabemos que é unha materia pendente das institucións educativas. Tras falar con el, lembro a esa xente que aquí en Galicia leva ben anos desenvolvendo un labor encomiable nos centros, nunha precariedade evidente. Menos mal que agora o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, (PLAMBE), posto en marcha en 2005 pola Consellería de Educación, comeza a dar os seus froitos e permite albiscar un horizonte máis claro. Que as escolas teñan unha biblioteca en condicións, supón poñer ao alcance do alumnado e dos docentes libros dos máis variados formatos e temáticas, xornais, revistas, carteis, etc. Cun persoal cualificado, a biblioteca será un foco de dinamización cultural no centro e un lugar de encontro das persoas ávidas de lectura e cultura, así coma un espazo civilizador e afinador de sensibilidades. Sen dúbida, a biblioteca escolar fomenta a democratización dos medios e materiais de aprendizaxe, compensando desigualdades e proporcionando recursos a aqueles que non os posúen no seu fogar. Disto e doutros temas falei con Mariano. Que fermosa sintonía. Son conversas que che devolven a confianza no ser humano.●

> Hai conversas que devolven a confianza no ser humano"

Qué pasa neste mes?

O nome:
Hai diversas teorías sobre a orixe do nome, pero en xeral coinciden en que ven da palabra romana "aperire", que significa "abrir", pois neste mes vén a Primavera, e abren as flores, e abre a vida, en xeneral.

Días destacados:
Os nosos veciños portugueses celebran o 25 de Abril, o día en que derrocaron á ditadura que sufrían. Foi en 1974. Unha canción do grande poeta e cantante José Afonso, "Grândola Vila Morena", é o símbolo daquel día.
En España, o 14 de Abril de 1931 foi proclamada a II República.
O penúltimo fin de semana de abril celébrase a Festa da Lamprea en Arbo (Pontevedra).

Na Natureza
Este mes é o comezo definitivo da Primavera, aínda que principia oficialmente en marzo.
Ao longo do mes vaise dando a explosión de verde e colorido das flores desta estación.
Tamén é un mes de tempo cambiante, e normalmente de bastante chuvia, como din os refráns.
Nas pozas vólvese escoitar o canto das rás e os sapos. Tamén os camaleóns despertan do seu letargo de inverno.
As aguias inician a súa posta de ovos. En cambio, eclosionan xa os dos parrulos silvestres.
Os lobos perden o pelo do inverno, mentres os xabarins van vendo como empezan a medrar as súas crías.
Nas plantas, as cerdeiras botan a flor, un espectáculo visual moi bonito. Tamén florece o trebo, a hedra, e o narciso silvestre.
E no bosque, volve cantar o cuco.
E, falando do cuco, aí ao lado tés un precioso poema, tamén levado á música, que escribiu o poeta Manuel María sobre este curioso paxaro que nos anuncia a chegada da Primavera.

Unha póla de cerdeira coa súa flor

O cuco, cuco, cuqueiro.
O cuco, cuco, cucón.
¡Madrugón e cantareiro!
¡Cantareiro e madrugón!
Óise pola carballeira
o vello cuco souril*
ó nacer a Primaveira
entre o Marzo e o Abril.

¡O vello cuco, cucou
e moito máis cucará!
¡O cuco non me capou
e nunca me capará!
Polas mañás ben cediño
o cuco canta "cú-cú".
¡Como o teño por veciño
eu trato ao cuco de tu!

Manuel María

*Souril= Ledo, risoño.

Refraneiro

En abril augas mil.

Corta cardos en abril e de cada un naceranche mil.

Entre marzo e abril, se non vén o cuco quere vir a fin.

Altas ou baixas, en abril son as Páscoas. Da Páscoa á Ascensión, corenta días son.

No mes de abril, fai queixos mil.

Páscoas molladas, anadas dobradas.

As chuvias de abril, tumban o boi no carril.

O misterioso destino dos dentes caídos

Sabeliña e os ratos.

Autor: Paco Martín
Ilustradora: José Tomás
Editorial: Galaxia. Árbore

Entrañable conto que nos achega Galaxia e que nos permite gozar coas verbas de Paco Martín, un dos escritores sobranceiros da nosa literatura, ademais de ser premio Nacional en 1985 con *Das cousas de Ramón Lamote*.
Trátase da recuperación dunha obra que foi gañadora do primeiro premio convocado pola Agrupación Cultural O Facho (1973), pero que agora presenta unha nova e fermosa edición.

A Sabeliña, a protagonista, chegoulle a hora da caída do seu primeiro dente. Non é que teña medo, pois na súa clase varios compañeiros xa locen algún que outro sorriso desdentado. Os seus nervios non son tanto pola novidade ou a posible dor, como polo misterio que encerra o seu troco por un galano. Este poder máxico do intercambio provocará o seu intento de vixilia para coñecer o destino do seu dente, gardado baixo a almofada.
O feito de que a acción enigmática aconteza durante a noite fai que, ás veces, o mundo onírico e o real se mesturen, chegando a crear un novo marco narrativo onde todo é posible e verosímil. Linguaxe sinxela e precisa que cobra forza expresiva nas partes dialogadas.
As ilustracións coloristas, tenras e vivas axudan ao goce da súa lectura.●

Alba Piñeiro

James Robert Salter

‘En Galiza está todo máis vivo que en Escocia’

Xurxo González

James Robert Salter (Glasgow, 1969) naceu en Escocia. O pasado xaneiro, Xerais publicou o seu primeiro libro, oito relatos que teñen como marco e protagonista a cidade de Vigo. As tradicións galegas e a vitalidade industrial da cidade inspirárono para escribir contos durante a súa estadía. Logo tivo que marchar a Madrid por cuestións laborais, pero a relación con Galiza e o Norte de Portugal permanece viva, xa que mercou unha vivenda en Vila Nova de Cerveira, localidade arraiana portuguesa dende a cal, máis aló do Miño, se ve Tomiño.

Como xorde a idea de publicar a súa obra en galego?

Eu viñen vivir a Galiza cando tiña 22 anos, logo de rematar a carreira. Traballei como profesor de inglés e decidín que me quedaba. A miña estadía en Vigo representa as miñas primeiras experiencias vitais de adulto, que me van formando para comezar a escribir. Vivo en España dende entón, son un inmigrante. Este feito motívame a escribir sobre o meu entorno, que me inspira moito máis que o meu país de nacemento. De Vigo gústame o mar e o concepto de fronteira, que para a literatura son ideas moi importantes e que me estimulaban. Ademais en Galiza está todo máis vivo que en Escocia, que é un país postindustrial, no que non se fala outra cousa que non sexa o inglés. O gaélico non o fala case ninguén. Aquí pola contra mantéñense tradicións, as festas nas aldeas. Houbo unha época na que traballei facendo dobraxes de documentais sobre Galiza, que orixinalmente estaban escritos en galego. Tiña ademais amigos que lían en galego e comecei a ver libros de Álvaro Cunqueiro e cadros de Lugrís. Tamén traballei no colexio Nós, e aí entrei en contacto coas obras de Laxeiro e co mundo da arte galega en xeral.

Ten pensado seguir publicando en galego?

Agora estou tentando escribir unha novela, pero a idea é publicala en inglés. *A idade da auga* xestouse nun momento moi concreto, a partir das experiencias na cidade de Vigo, acontecementos persoais, tamén lecturas. Publicalo en galego era para min a forma máis adecuada. Podería telo intentado publicar en castelán, pero tratábase dunha pequena obsesión. Non creo polo tanto que se repita.

Que tal aceptan as editoriais galegas a un autor estranxeiro que quere publicar en galego?

Eu non sabía se estes contos pagaban a pena, e custoume moito decidirme. Non sabía se eran obsesións persoais ou tiñan interese. Logo chegaron ás mans de Manuel Bragado (director de Xerais) e díxome que lle gustaran e que estaban interesados neles. Foi moi bonito saber iso.

> De Vigo gústame o mar e o concepto de fronteira, dúas ideas literariamente estimulantes”

Vostede viviu de neno en Sudáfrica. Tivo este feito algunha influencia na súa obra?

Os meus avós tiñan unha granxa de piñas alá, e estiven desde os dous aos sete anos, cando regresei a Escocia. Naquel momento non o considerei algo importante, pero sendo un neno non se reflexiona sobre estas cuestións. Eu tiven unha infancia moi feliz, en contacto coa natureza, marcado polas praias de Sudáfrica, con acontecementos e experiencias un pouco salvaxes en relación con estas forzas vivas. A miña irmá case afogou no mar alí. En Escocia as cousas son moito máis apagadas. Persoalmente non digo que sexa un mal sitio para vivir, pero non estimula a miña creación literaria.

No libro dálle voz a personaxes moi distintos, crea unha caste de mosaico.

Non se trata tanto de personaxes, porque hai algúns que se repiten, como o construtor, Costas, e a súa filla. O que me interesaba era tratar certos temas, que están sintetizados no primeiro relato. Para min é un mito central. Escribín ese, case sen pensar, e logo quedeime coas ideas que estaban nel. A continuación elaborei máis ideas relacionadas coa forza da natureza, do mar, as consecuencias que arrastra a perda de persoas nel ou a súa relación coas cidades.

É recorrente unha certa crítica social nesta obra. Aparecen construtores, ineficiencia dos concellos, corrupción. Que grao de denuncia existe?

Nese tempo eu non era moi consciente da política. Considérome ignorante nese campo. Non entendo moi ben a burocracia do Estado, sobre todo en España, onde é moi complexa. Lembro que no concello estaba Carlos Príncipe e Elena Espinosa á fronte da Autoridade Portuaria. Pero os aspectos sociais ou políticos que aparecen na obra non teñen que ver con crítica, senón cun elemento que seleccionei para dar un pouco de consistencia á narración. O construtor aparece porque é o que crea as forzas sólidas da cidade. Agora podería ser unha crítica, pero naquel tempo era máis ben algo útil para o propósito do libro.●

‘Gústanme as novelas fortes, directas, éticas’

Cales considera que son as súas principais influencias?

Gústanme as novelas fortes, directas, éticas, pero non aquelas que pretenden unha revolución na forma narrativa, como o Ulises de Joyce, por exemplo. Prefiro algunhas do século XIX, como *Moby Dick*, de Melville, Wilkie Collins e, máis recentemente, *O perfume,* de Patrick Süskind. Nestes libros non costa entrar, son amenos e con moita imaxinación. Eu pretendo achegarme a un estilo como o dos libros para nenos, directo.

E en canto á literatura galega?

Aínda que as miñas lecturas son limitadas, destacaría a Álvaro Cunqueiro, que ten un toque máxico e sobre todo humor. Tamén a Manuel Rivas, sobre todo os primeiros libros. A min gustoume moito *Que me queres, amor?*●

XITANOS

Marica Campo

Agardabámolos cada ano coa seguridade de que chegarían o mesmo que as andoriñas, o Nadal ou a neve no inverno. Viñan recoller vimbios, vender cestos e saldar, na medida do posíbel, a débeda contraída co meu avó o ano anterior. Porque o meu avó fiáballes aos xitanos e fiábase dos xitanos e non recordo que os veciños do Val do Mao aumentasen a vixilancia para non padeceren roubos. Chegaban en alegre procesión. Diante, o carromato cargado coas pertenzas, os nenos máis pequenos e os vellos. Salvador Cortiñas, o patriarca de inmenso mostacho, levaba as rédeas. Pode sorprender o apelido galego do personaxe, mais ten explicación: Á marxe de toda burocracia, a tribo de Salvador non tiña apelidos e, cando se viu obrigado a inscribirse el e mais a súa prole, elixiu o dun potente industrial de Sarria, talvez por aquilo do prestixio. Eu, que non lera aínda *O cuarteto de Alexandría* e, polo tanto, os meus soños non podían estar influenciados pola personaxe de Justine, matinaba en marchar con eles para percorrer camiños e, sobre todo, non ter que ir á escola. O tempo e a historia fixéronos sedentarios e arrincáronlles quizais o xene dos camiños. Se cadra antes eran aínda máis pobres, pero agora son máis tristes. Na procura dun novo xeito de vida, moitos tropezaron coa droga e o seu mercado; mais outros traballan para conquistar a dignidade. Unha neta de Salvador é a primeira xitana galega con carreira universitaria. Ela, como a súa nai e moitos da súa etnia que coñezo, sabe que a confianza da sociedade se gaña cando se cumpren as normas de convivencia.●

> Se cadra os xitanos antes eran máis pobres, pero agora son máis tristes”

crítica

Tabela das letras. FICCIÓN
1. **Harry Potter e as reliquias ...** J.K. Rowling. Galaxia.
2. **Made in GZ.** Séchu Sende. Galaxia
3. **Cardume.** Rexina Vega. Xerais.
4. **Os ollos de K.** Antón Riveiro Coello. Galaxia.
5. **Fin de século en Palestina.** M.A. Murado. Galaxia.

NON FICCIÓN
1. **No pazo de Laiovento.** Xosé Luna. Espiral Maior.
2. **Carta ao señor Futuro.** Suso de Toro. Xerais.
3. **O segundo sexo.** Simone de Beauvoir. Xerais.
4. **Ao pé do abismo.** Rosa Aneiros. Xerais.
5. **Coa man armada.** Lupe Martínez. A Nosa Terra.

NOVELA.

Miseria, emigración e música dos Tamara

Xesús Manuel Marcos logra unha novela moi ben enfiada

Alúa dos Everglades
Autor: Xesús Manuel Marcos.
Edita: Xerais.

Non é tan coñecido dos lectores como o Xerais ou Blanco Amor, porén o Certame de Creación Literaria Terra de Melide, creado no 1999, vén puxando por abrir unha clareira de luz propia. *A lúa dos Everglades* de Xesús Manuel Marcos obtivo o galardón do sétimo certame melidense. Trátase dunha boa novela, do melloriño que a narrativa galega do ano pasado nos deixou.

Alá polo verán de 2005 xurdía a noticia de que Sofía Romo, irmá de Prudencio Romo, emigrada nos USA, logo dun atraco sufría amnesia, non era quen nin de lembrar o seu propio nome e cantaba acotío cancións de Os Tamara, precisamente por elas sería como, tras moitos meses de procura, a darían atopado nunha residencia estadounidense. Caso de violencia contra os emigrantes que, desafortunadamente, non é único. Esta é a orixe, o impacto que produciu no autor. Isto e mais a conciencia do desamparo que padece a vellez nos nosos días. E velaí, logo, que os versos de cancións de Os Tamara que salfiren o discurso non obedezan a un oportuno aceno de cara á galería. E velaí, logo, que sería ben que a homenaxe do autor se vise acompañada da do lector. Outra razón para que mentásemos a noticia da aparición de Sofía Romo.

Xesús Manuel Marcos.

Por iso e porque axuda moito a comprender a dimensión dun discurso que se desenvolve na Arxentina, en Madrid, en Miami e na Galiza. Porque a orixe non sempre é o principio, a novela comeza na Arxentina, onde unha familia de emigrantes, que fixeron fortuna mais que viven modestamente, aparece brutalmente asasinada. En Miami, outra muller é brutalmente atacada, fica amnésica e só lembra, como dixemos, cancións de Os Tamara. En Madrid, Andrés Leiro coñece o enigmático vello Manuel Eiras. A Galiza é orixe e final, coa viaxe de Manuel Eiras e Andrés Leiro á terra péchase un argumento que ten como centro as miserias humanas. A miseria en que viven os Quintelo, ricos e sen que os cartos lles alivien a vida; e máis miserenta será aínda a súa morte. A miseria da que foxe Aurora, en Miami. A miseria existencial na que viven Andrés e Manuel, ou tamén Mariana. A miseria pezoñenta que leva a un pai a violar á súa filla... Ninguén dá fuxido, a miseria remata atrapándoos a todos, como pecado orixinal..

> O alto grao da intriga creada non decae e mantén o lector coas páxinas na man”

O autor xoga moi habilmente coa converxencia das tres historias, converxencia que o lector presente, que o autor insinúa e á que administra con solvencia deica o remate, de xeito que o alto grao da intriga creada non decae e mantén o lector coas páxinas na man. Non era doado lograr esa converxencia, entre algo que avanza escasamente (o esencial que tiña que pasar en Miami ou Belgrano xa pasou) e algo que só se insinúa (o vínculo) porque constitúe o clímax final. No eixo desa converxencia, xa sabemos, a miseria humana. Alén desa converxencia, salientemos tamén a eficiencia coa que se nos achega o que pensan/pensaron, o que senten / sentiron, as personaxes, como se a comunicación se establecese directamente entre as personaxes e o lector. De xeito que magnitude e morfoloxía da traxedia están sempre na mente. O lector vive nos ambientes recreados, aspecto no que a lingua ten moito que ver, sobre todo nas páxinas arxentinas.

Tampouco era doado lograr personaxes densas, nestas condicións. E o mérito de acadalo reside no mesmo feito de ter a habilidade de saber converxer as tres historias. Unha cousa explícase pola outra. Se as historias ficaran inconexas, a magnitude da traxedia veríase reducida e con ela tamén a densidade das personaxes. Todos son fíos da mesma madeixa.

Andrés Leiro tamén escribe, algúns relatos seus incardínanse no discurso da novela, son relatos nos que a ficción nace da realidade (como a mesma novela) ou como a ficción se volve a cada paso máis realidade. Nese aspecto, resulta inevitábel non lembrar *Os ollos de K* (Antón Riveiro Coello). A novela de Xesús Manuel Marcos non explota esta faciana, renuncia ás augas metaliterarias nas que Riveiro Coello si se mergulla. Porén, isto non é en si unha carencia de *A lúa dos Everglades*, senón unha opción. Unha opción que lle permite ao autor acadar a dimensión xusta da novela, e a escrita da novela está condicionada pola anécdota (perdón por esta denominación) da que nace e na que tamén vai morrer. En virtude desta opción, a novela non perde intensidade, a intriga mantense indemne, cousa que o lector agradecerá. Naturalmente, a opción contraria (enchido, heteroxéneo ou non, do discurso para acadar meirande volume) tamén era posíbel, mais moi dificilmente se podería manter o grao de intensidade (xa de inicio palpábel) na intriga, sempre se asomaría ao abismo do cansazo e do perigo de que o lector se decatase da estratexia. Velaí, pois, unha decisión intelixente.●

Xosé M. Eyré

Margarita Ledo entra na Academia. O Plenario da Real Academia Galega, reunido en sesión ordinaria o 29 de marzo, acordou nomear académica numeraria a Margarita Ledo Andión, para ocupar a vacante producida tras o falecemento do académico Miguel Anxo Araúxo Iglesias. A xornalista, que foi a primeira directora de A Nosa Terra tras a refundación de 1977, é catedrática de comunicación audiovisual na USC. Escritora e cineasta, na súa obra fílmica destaca Santa Liberdade (2004) e Liste, pronunciado Lister (2007).●

O *Novelino* reflicte a nova distribución social que se dá na Florencia do s. XIII. Na imaxe, unha obra de Giovanni Baronzio.

As orixes da novela moderna

Rinoceronte traduce o *Novelino*, obra anónima do século XIII florentino

Novelino
Tradución: Moisés Barcia.
Edita: Rinoceronte.

A Florencia dos séculos XIII e XIV é un labirinto de luxosa magnificencia e de refinadas depravacións, de conspiracións políticas e vinganzas atroces, de exquisitos apetitos e envelenamentos abxectos. Polos corredores e os xardíns dos seus palacios retumban os ecos das loitas entre Güelfos e Xibelinos, as intrigas dos gremios comerciais e as equívocas manobras duns banqueiros que acumularon un inmenso poder e que fixeron do Gran Ducado da Toscana a gran potencia mercantil e financeira baixo cuxos auspicios emerxería a nova economía europea. Mais tamén é a república onde nacerían as artes e a literatura modernas, a espectacular revolución intelectual do Renacemento. Polas súas ruelas resoan os versos de Dante, Petrarca e Bocaccio, a música dos poetas do *dolce stil nuovo*, a canción de Guido Cavalcanti ecoando nos dourados dos innovadores frescos de Cimabue e Giotto.

Neste exacerbado clima intelectual e político nace tamén unha nova prosa que se acomoda aos gustos e ás necesidades dun novo público, burgués e urbano. O *Novelino,* que agora publica Rinoceronte en espléndida tradución de Moisés Barcia, é un perfecto exemplo deste prototipo de narrativa premoderna. Trátase dun conxunto de cen *novellas* de autor descoñecido, que parten do modelo medieval do *exemplum*, mais cunhas características xa propias do universo da narración moderna.

A novela moderna caracterízase por poñer de manifesto a distancia existente entre o ser humano e o mundo, entre o individuo e unha orde moral que semella moi distante da realidade que se lle presenta ante os ollos. Ante esta cesura evidente, o protagonista da novela ten que optar por rexeitar o mundo, mergullarse nel para recompoñer a orde moral ou batallar para emendar a súa propia precariedade. As narracións contidas neste *Novelino* conságranse ao estudo da imperfección humana mais fano de xeito indutivo, amosando situacións nas que os protagonistas se ven apartados da comunidade polo seu comportamento moral. Estas pequenas narracións céntranse nun acontecemento ou nunha situación pouco comúns, casos particulares que sorprenden o espectador e, ao tempo, o ilustran sobre algunha virtualidade do comportamento humano.

Esta concreción é a causa dun estilo moi característico do xénero que anos despois aproveitarían Bocaccio (*Decamerón*), Mateo Bandello (*Novellas*) ou Margarita de Navarra (*Heptamerón*). A acción sitúase nun escenario moi pouco elaborado mais pretendidamente real. Dado que a sorpresa coa que debe acabar cada unha das historias será máis forte –e as posibilidades de indución da ensinanza moral máis clara– canto máis verosímil, estas *novellas* aproveitan ao máximo a experiencia daqueles novos lectores para crear un decorado que en poucas pinceladas mobiliza elementos facilmente recoñecíbeis polos lectores. Ao mesmo tempo, os personaxes caracterízanse por ter poucos atributos, mais moi marcados psicoloxicamente. Para provocar esa sorpresa que garante a indución, o autor céntrase en aspectos pouco habituais da conduta dos homes e isto redunda en beneficio da complexidade dos personaxes, que resultan moito máis críbeis que os seus antecesores medievais.

> Máis de setecentos anos despois de seren escritas, estas historias seguen a provocar no lector unha hilaridade talvez algo rudimentaria, mais entrañábel

Así que un acontecemento singular e un personaxes complexos sobre un fondo ben recoñecíbel son os elementos sobre os que traballará o autor (ou autores) do *Novelino* para construír –cunha sobriedade estilística asombrosa– a súa versión das deficiencias da existencia. Mais atópase xa nestas noveliñas un interese que non é unicamente o edificante. Se ben é certo que o prurito de corrixir os comportamentos inmorais segue estando presente na intención de cada un dos contos, tamén é moi visíbel o propósito de rebaixar a idealización moralista dos *exemplum* medievais para internarse no dominio da comedia, para poñer de manifesto a virulencia do contraste entre a norma ideal e a vida real. E é neste terreo onde a capacidade de xerar efectos cómicos se manifesta un recurso fértil e gozoso dunha eficacia irresistíbel. Máis de setecentos anos despois de seren escritas, estas historias seguen a provocar no lector unha hilaridade talvez algo rudimentaria, mais entrañábel. Un humor cordial tinxe todo o libro de xeito que o enxeño do autor brilla por si mesmo e logra que un mundo distante –como é o da Florencia do século XIII– semelle tan próximo coma o que nos arrodea.

Unha reflexión marxinal impónse ao rematar de ler o *Novelino*. Unha cavilación que ten a ver co ricaz catálogo de fontes das que proceden as historias aquí contadas. Mestúranse neste libro narracións procedentes da Biblia, dos clásicos gregos e latinos, da mitoloxía, das sagas medievais, das cancións trobadorescas, dos bestiarios e lapidarios, da Historia… Un cosmos de referencias que derruban o estereotipo da Idade Media coma Idade Escura do coñecemento. Sen dúbida –co- >>>

CONTADE LIBROS.

Historia do himno

Laiovento presenta o ensaio *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego,* de Manuel Ferreiro. O autor investiga a evolución, avatares e cambios do texto escrito por Eduardo Pondal e a súa evolución durante 90 anos.

O heroe do *Santa María*

Xosé Velo Mosquera, de Antonio Piñeiro, é unha biografía ilustrada do denominado 'heroe do *Santa María*', guerrilleiro celanovés que secuestrou un barco de nome xa mítico na historia recente de Europa no nome da liberdade. Mais á parte diso foi pensador, poeta e mestre. Edita Ir-Indo.



Recuperando o pasado

Ángel Rodríguez Gallardo presenta o libro *Memoria e silencio na Galiza contemporánea,* que reúne diferentes textos xornalísticos que se publicaran en *A Peneira* e *A Nosa Terra.* Recuperar a memoria dos que a perderon durante moitos anos de represión política e superar o silencio que enxendrou o medo son obxectivos deste traballo a medias entre a investigación social e o testemuño. Edita Alén Miño. ●

Roteiro homenaxe a Curros na Coruña. Cen anos despois do multitudinario desfile que acompañou o cadaleito de Manuel Curros Enríquez ao cemiterio de Santo Amaro, o Concello da Coruña organiza o sábado 5 un roteiro de homenaxe que comezará as 17h30 e que pasará polos diferentes puntos da cidade relacionados coa súa figura. A actividade contará coas actuacións musicais de Cántigas da Terra, Toxos e Froles e Follas Novas e El Eco, e contará coa participación de diferentes persoeiros que explicarán aspectos da vida e obra de Curros.●

crítica

CONTADE LIBROS.

Ópera clásica

Orfeo e Eurídice, a ópera de Christoph Willibald Gluck, edítase nun libro-cd que contén un libreto adaptado para

os lectores novos, da man de Pedro Azara, con ilustracións de Pep Montserrat. A historia de amores contrariados entre seres míticos da Antiga Grecia. Edita Kalandraka .

Con cheiro a pintura

Con cheiro a pintura sae do prelo *De que cor es ti?,* de Spela Trobec e Luís Rapela.

Pensado para os máis cativos, o texto combina letras con debuxos e cores nunha sinfonía moi divertida de personaxes que queren averiguar que cor é a súa. Edita Embora.

Novas fantasías

Oqo presenta dous novos títulos, *Ollobrusco,* de Darabuc e Maurizio Quarello,

a historia de varios animais que terán que enfrontarse a unha perigosa ameaza. *A tartaruga que quería durmir,* de Roberto Aliaga e Alessandra Cimatoribus, cóntanos a historia dun sapoconcho canso que vai ter máis problemas dos que quixera para poder durmir a gusto.●

>>> mo apunta Mª Consuelo de Frutos no moi ben documentado prólogo que acompaña esta edición–isto se relaciona coa prosperidade da Florencia daquel tempo, unha época en que as traducións e reinterpretacións eran abondosas e preludiaban xa o xiro que o Humanismo lle había dar ao saber. Mais cómpre meditar sobre os piares nos que se alicerzou esta viraxe para recuperar o verdadeiro valor dunha cultura europea do medievo. Aquela que –como dicía Goethe– "se construíu peregrinando a Compostela".

Este é un libro para amantes da Idade Media, para xente con sentido do humor e para todos aqueles que pescuden na orixe dese xogo sublime no que se pode converter a literatura. Mellor para ler pouco e pouco que dun tirón, aínda que a súa lectura é tan deleitosa que, a quen o comecen, lles resultará difícil pospoñer o pracer.●

Manuel Xestoso

POESÍA.

O rumor do tempo

Vento de sal

Autor: Xosé María Álvarez Cáccamo.
Edita: Galaxia.

Emotivo e suxerente, á procura da intuición e da elipse, da sensación e a memoria, Xosé María Álvarez Cáccamo, en *Vento de sal*, evoca o rumor e a imaxe, o perfil íntimo do tempo e a soidade: espido e enviso, amosa a turbación e a dor, o tremor e a distancia a abrollar da lembranza e da ausencia.

Así, ofrece o intenso arrecendo da emoción e a memoria –*Nunca/ esquezamos a luz, a luz rarísima/ que entraba polas fendas do faiado,/ o que fica en min de onte aínda lóstrego*–, a soidade e o ritmo, a distancia –*O mar é unha parede de luz negra,/ un vidro visceral aberto á noite/ das fronteiras sen fondo*–, a sensación e a ausencia, a lembranza –*Entra en casa/ setembro lentamente/ e marcha pola porta da cociña/ a acender a faísca das amoras./ Setembro deixa logo esparexido tarde arriba/ un tremor de nostalxia sen volume*–, a tristeza e a renuncia, o silencio –*O que merca no colmado o pan elemental/ e camiña logo polas rúas discretas/ en dirección á casa que ninguén lle coñece*–, a turbación e a denuncia.

Xosé María Álvarez Cáccamo.

> "Álvarez Cáccamo, afastado do son caprichoso e distante, perfila a figura serodia do instante a brillar fugazmente"

Agás algún poema circunstancial resolvido con máis oficio que intuición, Álvarez Cáccamo, afastado do son caprichoso e distante, perfila a figura serodia do instante a brillar fugazmente e amosa o desacougo e o silencio, o rumor insistente do tempo e o tremor da tristeza e da ausencia: o ritmo interior apunta á intensa raíz da tensión e a imaxe íntima revela a tenrura e o contorno singular da soidade a mergullar a palabra na turbación e a distancia.●

Xosé María Costa

ANXO FARIÑA
presenta

'As linguas dos animais'



'O ladrón de palabras'

Contos do Miño
A NOSA TERRA

María Xosé Agra.

María Luísa Sobrino e María Xosé Agra no Consello da Cultura Galega. As catedráticas foron elixidas membros do Pleno do Consello da Cultura Galega nunha sesión que permitiu renovar a metade dos representantes elixidos e dos designados polas institucións nel representadas. Tamén se aprobou o reagrupamento das trece seccións actuais en seis áreas temáticas e a conversión da Sección de Cultura Galega no Exterior nunha Comisión de Acción Exterior, dependente da Comisión Executiva.●

MÚSICA.

Políglota cantautor

Homenatge a Lluís Llach. Si vens amb mi
Autor: Lluís Llach.
Edita: Picap.

Lluís Llach no recital de Cubelles do ano 2006. XAN CARBALLA

A despedida artística no pasado 2007 de Lluís Llach coincidiu, ben que con varios meses de diferenza, coa edición dun dobre CD, no que unha manchea de intérpretes homenaxean a tan sobranceira figura, e fano individualmente con cadansúa sensibilidade artística. Por conseguinte, a diversidade de opcións é a característica sobresaínte do ambicioso traballo, e como xa é frecuente nas escolmas ao uso, a produción resultante non parece guiarse por criterios de popularidade en canto ao repertorio escollido, senón que semella máis ben que cada quen optou pola canción que lle resultara máis acaida, sen máis, co que se conseguiu unha mostra abondo ampla do cantautor homenaxeado. Máis unha vez, evidénciase que un mesmo tema é susceptible de ser tratado desde distintas interpretacións, e a tolerancia, en canto que amplitude de criterio, permite sermos receptivos ás máis dispares versións, algunhas mesmo dificilmente recoñecibles. Onde conclúe esa sorte de empatía e onde comeza un respectable refugamento cara certas interpretacións, é unha opción delicada para o afeccionado, condicionado como estará inevitablemente pola gravación orixinal dalgúns temas, que permanecen xa no sentir colectivo asociado á interpretación do xenio que foi o seu mentor.

Mª. del Mar Bonet ilustra a portada do duplo volume, que se abre cunha interpretación súa da canción *Penyora*, na que a mallorquina exhibe a súa dote de intérprete *estándar*; outra musa, Ana Belén, fai propia a *Nube blanca* que salienta pola súa sinceridade no canto, afastada de calquera impostura vocal que desvirtúe o contido esencial do tema escollido; Marina Rossell consegue unha versión reconvertida de *Que feliç era, mare*, desenvolta en clave étnica de base percusiva. Outras voces da *cançó* mostran a pervivencia de Llach nas sucesivas xeracións que foron xurdindo após del, caso de Joan Amèric, Joan Isaac ou Josep Tero. Outros colegas de distinto ámbito cultural atrévense co idioma catalán nunha fonética claramene diferenciada, como Silvio Rodríguez en *Onades* ou Pedro Guerra en *Si arribeu*. Porque outra característica da produción é o seu ben asumido cosmopolitismo, como proban as versións en castelán, francés, euskera, italiano, portugués … –ningunha en galego. Imposible detallar polo miúdo o total de trinta e un temas peneirados, salientaría achádegos como a versión de *Silenci* por "The Walkabouts" en inglés, ou *La gallineta* reforzada por "Inadaptats" nun mecánico ritmo rockeiro.

> "Homenaxe cosmpolita como proban as versións en castelán, francés, euskera, italiano, portugués… pero ningunha en galego"

Logo da escoita, o afeizoado preguntarase, qué pensaría o pai destas criaturas da homenaxe que lle fixeron tantos e tan diversos colegas? No que á crítica se refire, non parece esta a mellor ocasión para tentar afondar nos pormenores dun cancioneiro, respectado nunhas ocasións e reconvertido noutras, pero en todo caso, revivido coa mellor das intencións por parte dos participantes nesta escolma. O propio subtítulo amosa ás claras a compañía brindada ao protagonista: *se ves conmigo*–parecen dicir– *poderás redescubrirte ata expresividades por ti mesmo descoñecidas*. Claro que Lluís Llach, tanto nas súas composicións intimistas como noutras de espírito colectivo, é un autor persoal mais transferible.●

Xoán M. Estévez

? UERE SABER MÁIS?
www.picap.cat.

POESÍA



Acendende as almenaras
Bernardino Graña



Hordas de escritura
Chus Pato

XERAIS
xerais@xerais.es • http://www.xerais.es

***Saltimbanqui* e *O mal da vaca*, premios de Teatro Radiofónico da Radio Galega.** O espazo radiofónico *Diario cultural*, dirixido por Ana Romaní, puxo en marcha durante o mes de marzo o II Premio de Teatro Radiofónico da Radio Galega. A radionovela *Saltimbanqui*, de Lois Pérez, e a comedia *O mal da vaca*, de Begoña García fixéronse cos premios do xurado e da audiencia, cunha dotación cada un de 3.000 euros.●

Ana Romaní, poeta e directora do *Diario Cultural* da Radio Galega.

crítica

TEATRO.

As estratexias fatais

O último espectáculo de Nut Teatro reflexiona sobre as relacións entre o desexo e o poder

A mirada de Pier
Compañía: Nut Teatro.
Dirección: Carlos Neira.
Elenco: Nerea Barros, Xiana Carracelas, Iria Sobrado e Arantza Villar.

Unha escena d'*A mirada de Pier*.

"O suxeito só pode desexar, só o obxecto pode seducir". Son palabras de Baudrillard –do libro que lle dá título a esta crónica– que teñen moito a ver co texto que sostén *A mirada de Pier*, o último espectáculo de Nut teatro. Cando se fala sobre os mecanismos do desexo, adoita esquecerse que un xogo de poder está presente en toda estratexia de sedución. Quen desexa busca a satisfacción inmediata das súas apetencias e exercitará todo o poder que atesoure para acadar o seu obxectivo. Mais quen ten na man esa satisfacción atópase cun poder se cadra meirande, o da posibilidade de seducir o suxeito desexante. O xogo que se establece entrambos os polos desta ecuación dá lugar a unhas tácticas que creban a inhibición e que se sitúan no ámbito do irónico, do obsceno, da ruptura da orde.

A mirada de Pier fala dende esta ruptura da orde. Trátase dunha montaxe íntima, que pola súa estrutura ben podería ser caracterizada coma un oratorio. O eixo que a vertebra está formado por tres monólogos que se suceden e que nos relatan tres historias sobre o desexo, sobre como cada unha das personaxes –cada un de nós– se enfronta con esa realidade apremante e confusa. E fano recorrendo aos estereotipos que a arte e a literatura –sarcasticamente, a *cultura*– instauraron sobre o discurso da sedución, para amosarnos os dobres sentidos e as ambigüidades que eses tópicos conteñen en si mesmos, coma se aquel xogo de poder que se activa con cada desexo non satisfeito quixese estar presente nas palabras dos seus protagonistas.

Nut teatro logra sintetizar uns textos densos e presentalos con ironía –e mesmo con humor– cunha desenvolta economía de recursos. As historias carecen en xeral de dramatización, tan só contadas polas protagonistas e ornamentadas con certos trucos de *performance* que alixeiran o denso texto de Clara Gayo. Mais o importante aquí é o ton que crean as catro actrices, a súa desafiante presencia física outorgándolle ás historias narradas unha credibilidade contundente, case carnal. Nerea Barros, Xiana Carracelas, Iria Sobrado e Arantza Villar son os auténticos alicerces dun espectáculo que ten a súa principal baza no poder de convicción que entre as catro conseguen irradiar. E non é tarefa doada adozar un texto difícil e ateigado de connotacións, mais o risco que se corría queda conxurado grazas á complicidade que se intúe entre o director e as actrices.

> "O importante aquí é o ton que crean as catro actrices, a súa desafiante presenza física outorgándolle ás historias narradas unha credibilidade contundente"

A obra intérnase por camiños que debullan as fronteiras entre realidade e ficción na sociedade contemporánea, que lle lembran ao espectador que calquera forma de poder procede dun acto de violencia –contra os protagonistas das historias, contra os espectadores– ou que a forma extática do desexo non é o seu cumprimento, senón a *fascinación* que sentimos pola súa forma pura. Mais faino a base de crear escenas que logran conmover ao espectador: ben cun monólogo ante unha cámara de vídeo que cuestiona a posición do público, ben construíndo unha ponte que conecta as fillas do rei Lear cos bravíos saloucos de P. J. Harvey. Escenas de voltaxe delirante ás veces e de máis controlada tesitura outras, mais sempre capaces de desacougar os espectadores.

A mirada de Pier reincide nalgúns dos defectos que –ao meu xuízo– atacan a gran parte do teatro alternativo que se está a facer agora mesmo. O abuso do monólogo, a reiteración un tanto gratuíta no emprego do vídeo… Mais compénsao cun texto máis que interesante e co estupendo traballo dunhas actrices –algunhas delas moi novas– que rebordan entusiasmo e seguridade. Unha combinación que en si mesma xa é un inescusábel motivo para ir ao teatro.●

Manuel Xestoso

CENTENARIO DE URBANO LUGRÍS

Urbano Lugrís
Unha biografía divulgativa de ANTÓN PATIÑO
COLECCIÓN ESENCIAS

Aquí vén o Maio
de URBANO LUGRÍS
RELATOS HISTÓRICOS

EDICIÓNS
A NOSA TERRA

O navío-hospital Gil Eanes serve de escenario para a película.

***Assalto ao Santa María* en Viana do Castelo.** O navío hospital Gil Eannes é o escenario da rodaxe da longametraxe de Francisco Manso *Assalto ao Santa María*. Producida por José Mazeda e pola TAKE 2000, a película retrata o asalto da embarcación e a historia do singular acto revolucionario para denunciar os réximes de Salazar e de Franco. O filme conta co apoio do Instituto do Cinema e do Audiovisual, da RTP e da Televisión de Galicia.●

Fotograma d'*Os falsificadores.*

CINEMA.

Pequena historia de sobrevivintes

Os falsificadores
Dirección e Guión: Stefan Ruzowitzky (baseada nunha historia de Adolf Burger).
Elenco: Karl Markovics, August Diehl, Devid Striesow.
Fotografía: Marius Ruhlard.

A pesar de ter o aval do Oscar á mellor película de fala non inglesa e de merecer unha espiga de prata na Seminci, "Os falsificadores" é un filme que podería botar para atrás pola súa pinta de outra-de-campos-de-concentración. O xénero está bastante machacado e parece que xa non queda moito que facer dentro do esquema pechado de prisioneiros-nazis-barracóns ao que xa estamos afeitos e no que podemos circular con perfecto coñecemento de causa. Ademáis, a historia é real, tal e como a conta un dos personaxes e tal como se constata historicamente: os alemáns organizaron un equipo de presos seleccionados, que falsificaban libras esterlinas e dólares co fin de introducilos no mercado mundial e, ao mesmo tempo, comprar material de guerra dado que estaban xa en real bancarrota. O final da guerra e toda a película céntrase nun feito anecdótico, a existencia dun gueto dentro do propio campo de exterminio de Sachsenhausen, un oasis de privilexios para aqueles prisioneiros expertos nas artes de impresión e reprodución de billetes de banco.

> Poderíamos dicir que resulta, despois de todo, menos falsa que outras películas máis *santificadas*"

A película conta a historia do mellor falsificador, nun longo flashback desde Montecarlo, que repasa o conto até retomar o fío no final. Puidera parecer que a obra carece do pulso doutras películas do xénero con moita máis rimbombancia. Vénsenos á cabeza a "Lista de Shchlinder", de modo que "Os falsificadores" dá a sensación de falta de profundidade e de que os personaxes non están ben acabados (con excepción do principal), pero ese mesmo feito fai que resulte moito máis verosímil, menos "heróica" e con menos moralina.

Aquí os personaxes son xente que quere vivir, sobrevivir e, polo tanto, aproveita as bazas que lle tocaron na partida para estar vivos despois da guerra. Os nazis tamén son malos (non podería ser doutro xeito falando de campos de concentración) pero na fronteira da derrota, tamén saben sobrevivir, aínda que sexa a costa de manter vivos os presos. Polo tanto poderíamos falar de que resulta, despois de todo, menos falsa que outras películas máis "santificadas".

O feito de que sexa unha coprodución de dous países, Austria e Alemania, que foron o eido onde medrou o Nazismo, dalle outra dimensión á historia, xa que se mostra máis espida de adornos que son característicos da visión norteamericana; os personaxes parecen máis vivos, menos cinematográficos e o tratamento visual é menos artificioso, máis real.

Un detalle marxinal, que resulta interesante é a inclusión de música de tangos, interpretada polo armonicista arxentino Hugo Díaz, que interpreta tangos clásicos con estilo post-Piazzola; ese aparente anacronismo, non obstante, agrada e fai un pouco máis redondo o resultado final. En resume, unha película discreta na que non hai heroes nin santos, só homes que queren sobrevivir aos malos tempos, aos tempos da morte e da guerra.●

J.A. Xesteira

PROPOSTA: Non hai proposta, que cadaquén improvise. (Nota: Sería interesante saber cantas de esas libras e eses dólares serviron para comprar, por exemplo, o wolfram galego ou as pasaxes desde o porto de Vigo para a Arxentina, cos pasaportes falsos fabricados nesta película).

LEMBRANZA DO VOLTER

Marcos Valcárcel

Hai unha década xuntouse un grupo de amigos en Ourense, todos eles do galeguismo e da esquerda, e decidiron celebrar cada ano a festa da proclamación da Segunda República. Cun total pluralismo ideolóxico por esas homenaxes pasaron persoas como o galeguista das Mocidades, Luís Taboada; o vello comunista Clemente, peza clave ademais no mundo do xadrez nas Burgas; o anarquista Pepe Formigo e a súa dona, e moitos máis. Ese grupo constituíuse logo como Asociación de Amigos da República e impulsou a realización dun fermoso monumento, en clave simbólica-musical, no cemiterio de San Francisco, perto de onde foron fusilados varios centos de ourensáns.

Seica este ano despiden esta xeira de homenaxes e acordaron celebrar unha lembranza dos artistiñas do bar Tucho, rebautizado como Volter por Vicente Risco, ese núcleo admirable formado por pintores e escultores como Xosé Luís de Dios, Acisclo Manzano, Xaime Quessada, Manuel García Buciños, Xavier Pousa, Arturo Baltar e Virxilio. Entre as actividades programadas está previsto un Roteiro polo casco vello, conducido por Ánxeles Cuña, con 12 lugares vinculados ós artistiñas . O Volter, desaparecido nos 70 pola desidia ourensá, insírese na tradición dos faladoiros da cidade nos anos 50 e 60 e reflicte o papel de maxisterio de Risco en tantas tarefas intelectuais: o creador de *O porco de pé* xa en 1960 facía crítica artística sobre a considerada primeira exposición de arte abstracta na cidade e de seguro abriu moitas mentes ás novas ideas: Carlos Casares, asiduo a outras das súas tertulias, teno contado moitas veces. Discípulo daquela xeira foi tamén o xa falecido Xaime Quessada quen definiu nunha ocasión a Risco como "O Gran Bruxo Hiperbóreo", subliñando a súa admiración sincera pola súa figura, símbolo, na creación artística, de antidogmatismo e modernidade intelectual.●

> Os Amigos da República homenaxean os *artistiñas* do Volter"

ECOS LUSÓFONOS

OS *CÂNTICOS DE DESESPERANÇA* DE VERA DUARTE

Xosé Lois García

Naquela primavera caboverdiana do 1996, en Praia, onde se fixo un congreso literario, eu tiña interese de coñecer a poeta Vera Duarte. Leváronme até o Alto Tribunal de Xustiza que ela presidía. Alí falamos de poesía e do movemento das mulleres africanas na que ela ten un elevado compromiso en favor da loita contra a discriminación feminina. Desde que lera o seu primeiro poemario: *Amanhã Amadrugada* (1993), sentín unha enorme vocación de seguir os pasos poéticos desta enorme creadora da poesía lusófona.

Vera Duarte é referencia obrigada para os lectores da poesía africana de expresión portuguesa porque ela é, desde Cabo Verde, a que desborda tanta reflexión e aborda imparábel innovación na literatura do seu país. Alén disto, está o compromiso de loita social por ese amplo mundo tan falto de xustiza social. Vera Duarte está puntualmente posicionada no compromiso de defender os desherdados deste mundo. Por iso no seu libro de poemas: *Preces e Súplicas ou os Cânticos da Desesperança* (2005), fusiónase a memoria dos escravos e explotados de África coas actuais desventuras e desequilibrios sociais no que está inmerso o continente africano. Pero ademais, Vera Duarte, segue as pautas daqueles grandes poetas caboverdianos no que toca a engrandecer e diferenciar a existencialidade tan singular que se dá no arquipélago de Cabo Verde. Mais a distinción primordial que observamos nas súas preces e súplicas posiciónanos na grandeza desa poesía fluída e ateigada de lamentos que, en ton de salmodia irredenta, conforma este seu gran memorando de rescatar a xénese e lembrar os episodios mais convulsivos polos que pasou a África toda. Sirva o énfase de Vera Duarte para comprender a súa posición exemplar fronte aos dilemas e convulsións que atenazan este planeta, cando di: "*Amo demasiado a humanidade para assistir indiferente às várias hecatombes que sacodem o nosso quotidiano*".

A Vera Duarte non a podemos contextualizar só no universo poético, ela, tamén, representa a nova e innovada narrativa caboverdiana. No seu libro: *A candidata* (Gran premio Sonangol de literatura 2003), os seus 25 capítulos son unha inmensa fonte de reflexión sobre os diversos dilemas que particularizan a vida en loita das mulleres en varios contextos de hostilidade. Mais a teimosa loita de Vera Duarte polos dereitos humanos verifícase no persoeiro central, chamada Marina, prototipo da muller caboverdiana, sempre revestida de heroína e implicada na solidariedade para superar confusións e rematar por ser unha muller emancipada. Vera Duarte, como xurista e asesora que foi do ex presidente caboverdiano, Mascareñas, pode que a ollemos algún día como a verdadeira candidata e tamén como presidenta de Cabo Verde.●

Guadi Galego e o poeta **Anxo Angueira** nunha recente actuación na Habana.

Rábade e Angueira reivindican a Rosalía en clave de jazz

M.B.

Rosalía 21 (Falcatruada'08) é unha revisión en clave de jazz da poesía de Rosalía de Castro. O proxecto parte do espectáculo multimedia ideado polo pianista Abe Rábade e o poeta Anxo Angueira no que tamén participa Guadi Galego. Unha ollada renovada a obra e ao pensamento rosaliano.

Novos aires para a música e para a literatura galegas. Xa está a venda *Rosalía 21*, o novo disco de Abe Rábade Quartet, que sae a luz da man da discográfica Falcatruada. O traballo, que propón a través de 11 temas unha nova ollada á obra e ao pensamento rosaliano, é en realidade un dos tres piares sobre os que se asenta un proxecto multidisciplinar máis ambicioso, que ten por obxectivo romper estereotipos que aínda perviven ao redor da autora.

Rosalía 21 nace como espectáculo multimedia, co patrocinio da Consellaría de Cultura, para levar e presentar na Feira do Libro da Habana a unha das escritoras nacionais por excelencia. Pero o que inicialmente se concibiu como unha iniciativa institucional, agora se presenta como un animal que colleu vida de seu e se expresa ademais en forma de disco e de libro de estudos críticos. Neste último apartado participan autores como Xosé Luís Méndez Ferrín, que reflexiona sobre a faceta máis política da autora, Xabier Cordal, que fala do mundo popular en Rosalía, e María do Cebreiro que aborda a relación da poeta con Compostela e coa metáfora da Negra sombra.

> Este é un intento de retomar unha figura que foi empregada, en moitos casos, con fins populacheiros"
>
> **[Abe Rábade]**

Anxo Angueira é o director literario do proxecto. Ao seu ver, as ideas de que Rosalía era unha chorona ou unha mártir "desactivaron a súa poesía". "Para min é unha poeta chea de pensamento crítico, rebelde e revolucionaria, feminista e socialmente comprometida", sinala. Destaca ademais o seu carácter nacionalista "a pesar de que na época non houbese soporte teórico para as súas ideas". Versos como "pobre Galicia, non debes chamarte española", son, segundo Angueira, "rotundos".

Para a escolma dos textos que forman parte tanto do espectáculo, que aínda non se estreou en Galiza, como do disco, Angueira seleccionou poemas de *Cantares Gallegos* e de *Follas Novas*. A selección inclúe ademais un poema de Pimentel e o prólogo de *Cantares Gallegos*, que Angueira concibe como "unha declaración de independencia literaria". O escritor resalta ademais a capacidade de Rosalía "para disfrazarse de autora costumista e folclórica como unha trincheira á que disparar todo o seu pensamento".

MÚSICA ARRISCADA. O apartado musical correu a cargo do pianista Abe Rábade. O autor confeccionou para os versos rosalianos unha música arriscada que incorpora contrabaixo, batería e saxo tenor e non renuncia a certas vangardas e á improvisación. Como explica Rábade á hora de musicar o importante "era non diluír o texto en música e que o centro fose Rosalía". Para poñer a voz a nova Rosalía, o pianista non tivo dúbidas en escoller a Guadi Galego. O disco tamén recolle a forza interpretativa de Anxo Angueira recitando os poemas da escritora.

Rosalía 21 súmase a toda unha serie de discos e de temas que están a saír a luz nos últimos meses e que teñen a escritora de Padrón como escusa. Ao ver de Rábade esta tendencia responde "a un intento de retomar unha figura que foi empregada, en moitos casos, con fins populacheiros". "Rosalía está máis vixente que nunca", comenta, "parécenos que somos modernos porque temos internet pero as relacións humanas que son as que definen a sociedade non cambiaron en absoluto".

O disco está adicado á memoria de Carlos Asorey, alma mater do pub compostelá Dado dadá, onde foron compostas todas as pezas do disco.●

? ARA SABER MÁIS?
Pode verse o vídeo destas entrevistas a partir da fin de semana en *A Nosa Terra Diario*, www.anosaterra.com

A noite do Centro Dramático

Cándido Pazó e Quico Cadaval triunfadores dos premios *María Casares*

Cándido Pazó no discurso de recepción do premio. A.G.N.

L.R.

Como estaba previsto, a do 27 de marzo foi a noite do Centro Dramático Galego. O teatro institucional acaparaba a meirande parte das candidaturas nesta XII edición dos Premios María Casares, e resultou vencedor na maioría: nove premios de dezaseis nomeamentos, bastante a pre entre as dúas montaxes que presentaba, constituíron o maior éxito do CDG dende que a Asociación de Actores e Actrices de Galicia (antes de Actores, Directores e Técnicos de Escena) outorga os premios.

Os protagonistas da noite eran dous monstros da escena e cadansúa montaxe: Cándido Pazó, por unha parte, conseguiu o premio ao mellor texto por *A piragua,* a súa terceira obra premiada, logo de *García* e *O bululú do linier.* Tamén a súa protagonista, Susana Dans, se impuxo finalmente a Rebeca Montero, de *Noite de reis,* e Luísa Merelas, que encarnaba á protagonista d'*O burgués fidalgo,* a revisión que Teatro do Morcego fixo da comedia de Molière (tamén premiada na categoría de vestiario, ex aequo con *Noite de reis*). Dans repite premio oito anos despois d'*O cerco de Leningrado,* de Teatro do Atlántico, e é xa a súa cuarta xerra de Sargadelos se temos en conta os premios como secundaria por outras dúas montaxes do CDG: *O ano do cometa* no 2005 e *Rosal* no 2002. *A piragua* venceu tamén en iluminación, a cargo de Afonso Castro, e música orixinal, da autoría de Manuel Riveiro Hermo.

Eran dous bois dun mesmo carro, pero o que máis turrou foi finalmente *Noite de reis* (ou o que queirades). A adaptación que Quico Cadaval fixo da comedia de Shakespeare valeulle o premio á mellor dirección, mellor espectáculo, mellor actor secundario (o inesquecíbel personaxe de André, encarnado por Xan Cejudo), mellor escenografía, cuxo labor correspondeu a Baltasar Patiño (a quen xa non lle debe de quedar sitio no andel para tanta xerra: este é o cuarto María Casares en escenografía e leva nada menos que seis en iluminación), e mellor vestiario xunto con Teatro do Morcego. Gilda Bompresa levara xa o galardón por vestir aos personaxes de *Si o vello Simbad volvese ás illas,* tamén do CDG. O vencedor da noite recolleu os premios con humildade, e moita admiración cara ao seu elenco: "a dirección adoita ser un oficio invisíbel. Nesta ocasión, o traballo colectivo dos actores creou a ilusión colectiva de que fixen un bo traballo de dirección".

As compañías privadas tiñan pouca marxe de manobra perante a abafante presenza do institucional. Con todo, recoñeceuse o traballo de dous actores: Ernesto Chao, e a súa interpretación do protagonista d'*As últimas lúas,* versión que Lagarta, Lagarta fixo da obra de Furio Bordón; e a de Mónica Camaño, candidata xa en varias ocasións, por *Emigrados,* de Teatro de Ningures. En adaptación textual repite Teatro do Atlántico, por *A bombilla máxica,* baseada nunha obra de Woody Allen. Xa o ano pasado conseguiran o premio por *A beleza da raíña de Leenane.* E por último, as caracterizacións de Adolfo de Hit e Francisco Frango, que Xulio Abonjo e César Martínez Goldi (ou Bacana Producións) encarnan en *Hendaya,* mon amour, mereceron o premio á mellor maquillaxe.

> "O momento máis emotivo foi o da entrega do Marisa Soto de honra a Rubén García, dinamizador do teatro galego dende que puxo en marcha, no 1973, a Mostra de Ribadavia"

O TEATRO PROFESIONAL, NA SÚA MADUREZ. Era unha edición especial, amais de por esta preponderancia do institucional, por conmemorárense trinta anos de teatro profesional en Galiza. O escritor Suso de Toro, autor do manifesto, lembrou a dureza do momento en que agromou, "nun país por facer, sen masa crítica cívica, con moi feble vida urbana". Houbo loitar, hai tres décadas, coa marca dunha "lingua negada que ten que inventarse, unha lingua que ten ela mesma que inventar o seu país". Agora, na madurez do teatro profesional, cómpre non deixarmos nunca "de brincar como rapaces, de anoxar os malvados e de usar as máscaras para desenmascarar aos impostores".

Mais aínda queda por facer: o teatro "ten de inventar de novo o teatro, como cada neno inventa, descobre, o adulto que leva dentro". E, despois de se inventar a si mesmo, "aínda ten que inventar o seu público".

UN ALMA MATER DO NOSO TEATRO. O momento máis emotivo da noite foi, sen dúbida, o da entrega do Marisa Soto de honra para Rubén García, dinamizador do teatro galego dende que puxo en marcha, no 1973, a Mostra de Teatro de Ribadavia. Naquela aurora teatral, a Asociación Cultural Abrente marcou o carreiro que se había seguir nas décadas seguintes. Só do teatro amador, e da teima de persoas como Roberto Vidal Bolaño, o propio Rubén García, Manuel Lourenzo, Ernesto Chao ou Rosa Álvarez, puido agromar o teatro profesional en proceso de normalización que hoxe coñecemos.

Estas décadas de esforzo foron recoñecidas co premio de honra Marisa Soto, recollido pola filla do fundador da mostra, quen tamén leu o agradecemento que seu pai escribira e non podía ser escoitado da súa propia voz, por mor da súa "fodida enfermidade", unha esclerose lateral amiotrófica que priva de voz, pero nunca de enerxía, ao que foi un dos principais dinamizadores da práctica teatral galega. Expresou a súa vontade de resistir, de se manter ao pé dos escenarios: "como fixen toda a vida".●

Dos grelos ás limusinas

A gala estivo marcada polas achegas musicais que foron dende o cabaret, da man de Blanca Cendán, até o peculiar dúo que integraban Matilde Blanco e Feli Manzano, que, igual que recibiron os presentes cunha benvida rockeira ao estilo Miguel Ríos, puxéronse na pel daquela cupletista encarnada por Sara Montiel para interpretaren unha *sui generis* Violetera e repartiren madas de grelos por entre o público. Máis convencional foi a música que acompañou a entrega de premios e a voz de Camila Bossa: Suso Alonso ao piano e Carlos Ariel co violoncello. Houbo lugar para a arte híbrida entre o escénico e o musical, e Druída Danza amosou o seu talento sobre as táboas do Rosalía. Fóra, en aberta contraposición cos grelos e a charanga, os fastos eran os propios de Hollywood: alfombra vermella e limusina, para máis *glamour*, na esquina rúa Fama.●

Elixio Rodríguez,

Estivo preso no mosteiro de Celanova e os falanxistas case o matan no monte do Furriolo (Celanova). Fugouse cun avión franquista e chegou a coronel da aviación republicana. Foi condenado a morte polos seus, perdeu a guerra e cruzou os Pirineos a pé. Morreu recentemente en México aos 97 anos. O libro coa súa vida, *Matádeo mañá,* vén de ser reeditado en Xerais

Aser Álvarez

Tres mozos cruzan furtivos a praza maior de Celanova. O que leva o bote de pintura na man voltéase na esquina do espolón para ver se alguén axexa tralas fiestras entornadas. Semella non haber testemuñas. Só a auga do pilón, as risotadas e os pasos dos seus correlixionarios (como lles gusta chamarse) rachan o escuro silencio desta vila, que ao día seguinte vai acoller unha xuntanza de falanxistas de toda Galicia. Vaia sorpresa cando vexan a pintada branca e fresca sobre o chapapote! "A todo porquiño lle chega o seu Sanmartín". Os que van subindo lixeiros polas Lobeiras son Elixio Rodríguez, Pepe Velo e Celso Emilio Ferreiro, os principais activistas das mocidades galeguistas na comarca, e o tal Sanmartín resulta ser o xefe dos camisas azuis de Celanova, quen agora se remexe na cama, abafado pola calor pegañenta e os mosquitos afiados do verán do 36.

Aínda que nace en Grou en 1910, a patria do Elixio é Bande, a vila onde pasou a infancia e tamén a matria onde recibe as primeiras leccións de galeguismo, pulsión e paixón que o acompañou toda a vida, da man do seu mestre, Xosé Taibo, quen teimaba en dicir que o neno valía para estudar. O tempo demostraría que aquel meniño espilido valía tanto para o estudo como para a política, os negocios e o activismo cultural, tanto para facerse piloto de aviación como para traballar man a man con Castelao, Soto e outros, burlar a morte en máis de tres ocasións e vivir para contalo no seu libro de memorias, *Matádeo Mañá,* reeditado trala súa morte, e testemuña excepcional dun tempo e dunha xeración de galegos marcados pola desfeita da guerra e da represión franquista. Estamos ante unha figura extraordinaria e un referente do galeguismo e do exilio mexicano, un (pequeno) gran home de acción, trasterrado, sempre metido en todo o relacionado co rexurdimento cultural e político do país *(Padroado da Cultura Galega, Vieiros, A hora de Galicia, Saudade),* arraiano comprometido e por veces arroutado, home recto, leal, íntegro, agarimoso, seductor, cordial, aglutinador e atrevido.

A BOA ESTRELA. Veleiquí unha desas persoas que pola súa forza e actitude vital semellaba ser inmortal. Unha presunta inmortalidade que deberon maldicir os falanxistas cando o tentaron asasinar, sen moito éxito, primeiro en Bande, cando un tiro lle pasou zoando pola orella mentres facía limpeza de papeis no local das Mocidades, e logo no Furriolo, onde foi salvado polo tenente Pousa, quen chegou ao lugar cando xa os catro compañeiros de paseo do Elixio xacían mortos no chan co cráneo furado polas balas dos camisas azuis. "Pousa chegou no coche e ripoume das súas gadoupas grazas a que a súa filla, quen se fixera amiga miña a través das reixas do cárcere, non paraba de chorar, xa que me vira sair no furgón dos falanxistas. Ela sabía que aqueles presos que saían de noite nunca voltaban e pediulle ao pai que fixera algo para me salvar", lembraba o Elixio, sempre co cigarro rubio na man, mirando para o rexo portón do mosteiro de Celanova, que >>>

Fotos de arquivo cedidas pola familia.

o inmortal

>>> aquela fatídica noite pensou que nunca máis voltaría ver.

O RETORNO AO FURRIOLO. Antes da guerra, en plena feira de Bande xa houbera tiros diante do concello entre os comunistas e os falanxistas da vila, sen que intervise a Garda Civil. Todo estaba moi polarizado e ao Elixio tíñanlle ganas, pois era un destacado activista político. "A guerra xa se vía vir, pero ninguén pensaba que aquilo puidera chegar até onde chegou", dicía hai un par de anos durante a inauguración dun monumento ás vítimas do franquismo, promovido pola asociación Arraianos e deseñado por Xosé Vizoso. Setenta anos despois daquela noite e daquel famoso "a este matarédelo mañá", a frase que lle deu título ás súas memorias, o Elixio voltou ao Furriolo, pero agora para ser homenaxeado. E o destino quixo que este fose o derradeiro acto público en que participou, a poucos metros do lugar en que os falanxistas quixeron asasinalo.

O ano pasado a morte chegoulle, aos 97 anos, en México, a onde chegou como exiliado a bordo do *Ipanema* no ano 1939, e onde casou con Gloria, a súa compañeira, arquiveira e artífice de que nos deixase escrita a novela reportaxe da súa vida. É pura e trepidante acción contada polo seu protagonista, quen sempre conservou ese punto positivo e retranqueiro da sabedoría ben alicerzada, ese humilde vir de volta, case invulnerabilidade, que distingue os homes e mulleres que sobreviviron a experiencias límite.

> A súa biografía é pura e trepidante acción, contada polo protagonista, que sempre conservou ese punto positivo e retranqueiro, ese humilde vir de volta, case a invulnerabilidade dos que sobreviviron a experiencias límite"

> A boa estrela, ou ese anxo da garda do que tanto falaba, sobre todo nos últimos anos, estiveron sempre presentes na súa vida"

Lembro agora unha viaxe de Bande a Celanova que fixemos xuntos uns días antes de voltaren para México, cando aínda me aseguraba, xa con 95 anos, que se lle pasaba algo ao piloto no medio do camiño el podería levar o avión até o aeroporto do DF sen problemas.

UNHA VIDA DE NOVELA. A boa estrela, ou ese anxo da garda do que tanto falaba, sobre todo nos último anos, estiveron sempre presentes na súa vida… Cando Pousa chega ao Furriolo e se inventa a treta de que o Elixio sabe algo dunhas armas que están escondidas e que o xuíz o require para un careo. Ou cando zafa dos falanxistas ao ingresar no exército franquista. Cando o seu avión se queda sen combustíbel mentres fai prácticas de voo no medio dun neboeiro e consigue aterrar a cegas. Ou cando se fuga cun vello Breguet-XIX dende unha base franquista e case se conxela para poder sobrevoar Serra Nevada no seu camiño cara a Xibraltar. Ou cando no medio dun malentendido, xa na zona republicana, os seus propios correlixionarios o condenan a morte por espía e traidor, e albisca a través do pecho da porta da cela onde agarda a inminente execución a figura dun antigo compañeiro de colexio do que só lembra o mote, Coíño, quen consigue avisar os deputados galeguistas para interceder por el. Ou cando cruza os Pirineos a pé, coa chuvia, o frío e a neve enriba e cos avións italianos bombardeando e tiroteando aos que fuxen da derrota e consigue liscar do campo de concentración en que o meten… Veleiquí a epopea dun aviador arraiano entre a guerra e o exilio, a extraordinaria vida do Elixio de Bande contada por el mesmo no seu libro de memorias.●

Carné de aviador republicano.

Partida para o exilio en México en 1939, no buque *Ipanema*. Sobre a cuberta, Elixio Rodríguez [á esquerda] o poeta Ramón Cabanillas [á dereita con pucha], Florencio Delgado Gurriarán [con camisa clara, no centro]. Tamén están Andrés Valín, Xohán López Durá e Carlos Tomé.

Florencio Delgado Gurriarán [á esquerda, abaixo], Carlos Velo e Elixio Rodríguez en 1957 en México durante a emisión radiofónica *A Hora de Galicia*.

O aviador arraiano

"Por ter eu sido nado nas terras arraianas de Bande, a tiro de pedra de Portugal, puiden comprender ben o moito que nos xungue e non dei atopado nada que nos separe. Unha das razóns que me empurraron a abrazar o galeguismo, sendo aínda un rapaz, foi o feito de que no galeguismo non había dúbida algunha, sempre houbo unha marcada afizón polo país veciño.

A iste rispeito podemos ler o que nos di o propio Castelao no *Sempre en Galiza* ou o que afirman numerosos escritores galegos e portugueses. Este sentimento de unidade non se pode poñer en dúbida. O trasno oficial deste *Padroado da Cultura Galega,* o irmau Lois Soto, na súa viaxe a Portugal atopou mostras e feitos inequívocos deste sentimento de irmandade. Os portugueses acaban de dar unha proba do seu galeguismo ao erguerlle un monumento a Rosalía no Porto, de tal magnitude e beleza que é un dos máis fermosos do país. Cómpre lembrar tamén as semanas galegas que se organizan no Porto e en Braga, e as semanas portuguesas nas cidades galegas. Estas xornadas demostraron abondo a inutilidade e o sensentido da fronteira política, mentres as almas dos dous pobos voaban por enriba dela e se xunguían en agarimosos anceios de irmandade. (…) E aproveito para saudar agarimosamente aos hespaños que comprenden os nosos anceios, aos galegos e portugueses que labouran para que o Pai Miño e a Raia Seca non sexan nunca máis unha barreira prós nosos pobos. E unha aperta tamén prá miña nai, que aló en Bande sofre a ausencia dun fillo que só quixo loitar por unha Galiza millor."●

Fragmento dun texto de Elixio Rodríguez, feito para o programa radiofónico mexicano *A Hora de Galicia,* lido tamén na homenaxe que se lle ofreceu o pasado 4 de xaneiro en Celanova.

Cando o natural e o moderno conviven

O centro de educación medioambiental As Corcerizas, situado na serra de San Mamede, recibiu o ano pasado a máis de setecentos rapaces

Aldara Domínguez

A nova lei de ensino recolle a importancia das materias transversais na formación dos rapaces. Temas como a concienciación ambiental, a educación para a paz ou os principios de solidariedade adáptanse ás tradicionais disciplinas lectivas. Asemade, obradoiros complementarios en contacto directo coa natureza convértense nas actividades escolares máis cotiás. Para dar resposta a esta demanda educativa crecente, xorden centros adicados a ilustrar os cativos en materiais medioambientais, ao tempo que contribúen a revitalizar a área rural con novas iniciativas ocupacionais. A este grupo pertence As Corcerizas.

?Pretendemos ser un proxecto vangardista en Galicia, xa que seguimos a óptica do desenvolvemento sostíbel dende a planificación das instalacións, a súa construción e finalmente, o seu uso", afirman dende a organización ecoloxista Amigos da Terra, que xestiona o centro co obxectivo de "fomentar o cambio local e global cara unha sociedade máis respectuosa co medio, xusta e solidaria", sosteñen.

Localizada na serra de San Mamede, espazo incluído na Rede Natura 2000, As Corcerizas practica co exemplo, así emprega técnicas e materiais de bioconstrución e arquitectura bioclimática, cubrindo as súas propias necesidades enerxéticas con fontes renovábeis (solar térmica fotovoltaica, eólica, microhidráulica e biomasa), depurando as augas residuais de xeito biolóxico con plantas flotantes, xunto coa compostaxe dos sólidos orgánicos: "Estes sistemas dótannos dunha case total autosuficiencia na xestión de residuos", afirma a xerente Analia Moares, quen resalta, que estas dotacións permiten desenvolver a filosofía de As Corcerizas de proporcionar experiencias directas e persoais aos participantes nos seus obradoiros: "Queremos que os nosos hóspedes se impliquen na problemática ambiental, e que o seu paso por As Corcerizas se traduza en comportamentos e actitudes responsábeis para ser parte da solución para a situación actual do planeta". Os obxectivos que establece este centro educativo pasan por sensibilizar, educar e informar sobre a necesidade dun desenvolvemento sostíbel, centrado principalmente no cambio climático.

> Para os nenos que viven na cidade vir á serra é unha liberación, aínda que tamén se lles nota unha gran desconexión coa realidade".
>
> **[Analia Moares]**
> Xerente.

Os programas destinados a escolares que se veñen impartindo en As Corcerizas ("Aplicacións de metodoloxías para a conservación do medio natural" e "Sentir, Coñecer e Actuar"), acollen nenos de toda

en paz

Galicia. Nas súas diferentes modalidades, adaptados por idades e materias, recibiron o ano pasado a máis de setecentos rapaces: "Tratamos diferentes temas medioambientais mediante actividades como routeiros pola serra, visitas interpretativas ás instalacións, xogos ou obradoiros de música", sostén Moares, para quen hai unha diferencia reseñábel entre os rapaces que proveñen dun contorno rural fronte aos que chegan da cidades: mentres os primeiros vense resoltos no terreo, os de zonas urbanas non están afeitos a saír ao campo e non paran de correr e berrar: "Para os nenos que viven na cidade vir á serra é unha liberación, aínda que tamén se lles nota unha gran desconexión coa realidade. Aconteceu unha anécdota curiosa cuns rapaces que ao ver ás vacas ceibes polo monte, preguntáronnos se eran de verdade e se programabamos os seus movementos cun mando a distancia".

> *Chámalles moito a atención a posta en marcha da microturbina. Fano eles mesmos e descobren como a forza da auga produce electricidade. Entón, a palabra máis pronunciada é guai*"

Os educadores e monitores de Amigos da Terra teñen comprobado que onde os cativos amosan maior interese é nos xogos ambientais no exterior. "Chámalles moito a atención a posta en marcha da microturbina. Fano eles mesmos e descobren como a forza da auga produce electricidade. Entón, a palabra máis pronunciada é guai", afirman. Aínda que tamén os abraia que nos tellados dos edificios medre a herba: "Son as cubertas vexetais da aula e do comedor feitos baixo criterios da bioconstrución", explícanlles os profesores, que aproveitan para introducilos no coñecemento das edificacións integradas no ecosistema e que, ademais de acoller ás persoas, desenvolven funcións naturais.●

A ciencia a favor da natureza

As programacións para escolares en As Corcerizas levan funcionando dende 2005 e abranguen a nenos dende primaria até niveis universitarios. As actividades de "Aplicacións de metodoloxías científicas para a conservación do medio natural" é financiado pola Consellería de Innovación e Industria; asemade, "Sentir, Coñecer e Actuar", é subvencionado pola Deputación Provincial de Ourense e pola Consellería de Medio Ambiente. Pese a estar centrados na concienciación medioambiental, ofertan xornadas onde enlazan este tema co patrimonio galego como en "Música e Medioambiente: A música das montañas galegas", para o que contan coa colaboración de profesionais do Conservatorio de Música Tradicional e Folque de Lalín.

Como proxectos de futuro, a ONG Amigos da Terra proponse estender o programa de educación ambiental ao resto das delegacións galegas. En canto a As Corcerizas comeza este mes unha nova edición das actividades para escolares: "Este ano, queremos darlle o programa de aplicacións de metodoloxías, unha orientación máis práctica de experimentación no medio, así como ofrecer unha variante para a Universidade e os ciclos formativos", sostén Analia Moares.●

Un lugar para o pan na nova cociña

O etnógrafo Xosé Lois Ripalda homenaxea á tradición panadeira

E. Estévez
Paco Vilabarros [FOTOGRAFÍA]

O pan tivo dende sempre un oco moi especial nos bandullos e despensas. O cultivo, a malla, a seitura, os muíños, os fornos, até os carros de bois e os hórreos gardan lazos de unión cos grans de millo, centeo e trigo ingredientes básicos dos distintos tipos de pan que se cocían en toda Galiza. E non digamos o grande número de cántigas, ditos e refráns da tradición popular que falan de todo o que rodea a produción do cereal, a sega, a muiñada e até o amasado do pan. Disto sabe un cacho Xosé Lois Ripalda (Carballedo, 1940) que na súa faceta de etnógrafo acaba de publicar *"A cultura do pan"* (Xerais, 2008), un compendio no que se inclúe todo o proceso de elaboración deste alimento tan ligado á cultura e tradición popular.

"Ter tantas variedades de pan como temos en Galiza é unha alegría", afirma este etnógrafo que, ao mesmo tempo confesa sentirse triste pola actual falta de comercialización e produción dos distintos pans, inaccesíbeis para a maioría dos consumidores senón viven preto de onde se seguen a elaborar. "Temos pan de sona pero solo podemos comelo cando hai unha festa monográfica ou unha feira. É como unha anécdota", comenta antes de cuestionar a calidade do pan que se pon á venda en calquera panadería ou se ofrece nos estabelecementos hostaleiros: "Non pode ser que merquemos unha barra de pan á mañá e á noite poidamos cravar unha punta con ela, cando nas zonas nas que se segue a facer un pan ao xeito tradicional se conserva fresco durante unha semana", observa este investigador que afirma con rotundidade que a causa desta dexeneración na calidade do pan é debida ao uso dunha fariña de baixa calidade. "Os cereais cos que se fan os pans de Galiza non son de aquí".

Na actualidade este costume de comer ou ofrecer un bo pan na mesa estase a descoidar. En moitas ocasións na restauración o pan queda relegado a un segundo ou terceiro lugar. Non se lle presta a atención que debería, ofrecendo unhas >>>

>>> cartas e uns menús nos que este alimento non está á altura da calidade e variedade dos viños e pratos incluídos nas cartas. Afortunadamente a nova cociña está a traballar neste eido coidando a oferta de distintas variedades de pan nos seus manteis, equilibrando a oferta gastronómica e culinaria con pans de calidade con varios séculos de historia feitos coas técnicas actuais.

CANTO AO PASADO. Ripalda define o seu libro como un canto ao pasado pero sen nostalxia. "Quero recordar aquilo como unha vivencia cultural con ánimo de que se retome e adapte aos nosos tempos. Agora temos tractores e máquinas varias, outros xeitos de traballar... Non pode ser que nas aldeas non haxa labregos nin xente moza que traballe. Hai que incentivar os labregos, difundir información, facilitar maquinaria e ensinar os novos xeitos de traballar para retomar unha actividade que lles dea para vivir".

O autor de *"Cultura do pan"* ve nos recentemente creados Bancos de Terra unha boa opción para recuperar as "mareas" de trigo, centeo ou millo, antano tan habituais na paisaxe. "Teño a esperanza de que sirvan para facer producións de trigo", confesa este investigador que se adicou a percorrer distintos puntos de Galiza para recoller a información que forma parte deste documento no que se recupera o cultivo do cereal e o proceso de produción de pan de calidade. Froito destas recollidas é esta obra na que se enumeran os tipos de pan segundo a súa forma e gran e se mencionan algúns dos pans de máis sona de Galiza como son os de Neda, Carballo e Santiago na provincia da Coruña; Monterroso, Antas de Ulla e Mondoñedo en Lugo; Cea en Ourense, o único con Indicación Xeográfica de Europa; e o do Porriño na provincia de Pontevedra.

Un arquivo fotográfico e numerosos gráficos nos que se recollen os mecanismos de funcionamento dos muíños, partes dos carros de bois e hórreos, completan esta obra que recupera a tradición do pan cunha intención de facela perdurar no tempo.●



O pan de noces e pasas, 'un vicio'

PANADERÍA DARÍO
(Ronda de Don Bosco, Vigo)

Neste pequeno e céntrico obrador de Vigo a terceira xeración de panadeiros segue a facer pan como antano. "Nós cocemos a diario todas as variedades que vendemos", comenta Margarita García. A barra de trigo clásica, a artesá, a chapata con parte de centeo, e o afamado pan gramado ou candeal-castelán, moi aprezado entre a clientela. Pan de leite, integral, pan de xoia, de multicereais, con sésamo e avea ou o de pasas con noces, son outros dos reclamos deste obrador no que tamén abundan pequenos pans con formas de flor, colíns, cornuchos ou galletas, moitos deles ligados aos recordos de distintas xeracións de viguese que, volven saborear a súa infancia mercando estas flores e cornuchos de pan. "O pan é unha arte para a vista e unha delicia ao padal. É un alimento san que non engorda e ten as mesmas propiedades que o chocolate: quita a depresión", di Margarita García. Unha clienta habitual comenta as virtudes do pan de noces e pasas "un vicio na nosa casa".●

Múltiples variedades

Cada vez son máis as panaderías que se especializan en ofrecer distintas versións de pans retomando vellas receitas dándolles actualidade e vixencia. Xunto co pan branco, o máis común feito con fariña triga peneirada, están a tomar forza os pans de cereais, compostos de fariñas de centeo e outros cereais decorados con sementes, e tamén os pans integrais, feitos con fariñas integrais. Estes dous últimos tipos de pan son máis sans xa que conteñen máis aminoácidos esenciais, proteínas, graxas e minerais básicos que a versión de pan branco.

A Organización Mundial da Saúde recomenda comer diariamente 250 gramos de pan en pequenas cantidades a ao longo da xornada xa que aporta hidratos de carbono, proteínas, ferro, calcio e vitamina B_1 entre outros nutrientes.

Galiza presume de ter o único pan de Europa con indicación xeográfica, o Pan de Cea. Este pan, feito de xeito artesanal, ten como ingredientes fariña triga, auga, sal e fermento, e cócese nuns fornos típicos de formas e dimensións regradas.

En España existen un total de 315 variedades diferentes de pan, dependendo da rexión e costumes culinarias de cada lugar. A pesares desta grande riqueza e cultura de pan, o certo é que os consumidores están a rebaixar o consumo deste produto nos últimos anos. Na actualidade as estatísticas falan dun descenso no consumo per cápita que pasou de 135 quilos por habitante nos anos 60 a 56 quilos no 006, unha cifra que dista da dos alemáns, máximos consumidores deste alimento, con 87 quilos o ano.●

viaxar.comer.mercar

TECNOLOXÍA.

Campus Party de Valencia, viaxe ao mundo dixital

Xa falta menos para o inicio da maior concentración de afeccionados á cultura dixital do Estado. A *Campus Party* de Valencia, do 28 de xullo ao 3 de agosto, aspira a superar os 8.000 participantes rexistrados na anterior cita e a ofrecer a tecnoloxía máis avanzada de todas as *Campus Party* celebradas no planeta.

A Feira de Valencia converterase ao longo dunha semana nun escaparate dos últimos avances no que a novas tecnoloxías, ordenadores e creatividade dixital e robótica se refire.

O programa inclúe áreas temáticas adicadas a astronomía, blogs, creatividade, xogos, simuladores, *modding* e mesmo software libre, así como conferencias, talleres e concursos aptos para todas as idades e gustos. Ademais a organización plantará unha árbore por cada un dos asistentes a este macroforo de afeccionados á informática e as novas tecnoloxías.

Os interesados en participar xa poden inscribirse a través da web www.campus-party.org. O prezo da mesma é de 92 euros. Os que o fagan até o 1 de abril ás 12.00 horas teñen un desconto do 10%, polo que abonarán 82 euros. O prazo pecharase no momento no que se cubran as 6.000 prazas ofertadas. Máis información na web anteriormente sinalada.●

E. Estévez

PUBLICAR.

Edítese vostede mesmo

Unha empresa de Carolina do Norte, Estados Unidos, ofrece un servizo de autoedición para todos aqueles autores que non conseguen atopar unha editorial que lles publique o seu traballo. *Lulu*, así se chama a compañía, cobra 5,85 euros por unidade no caso dunha extensión de cen páxinas nun libro con encadernación rústica, capa branda e un tamaño de 21,59 por 27,94 centímetros. A páxina permite realizar un cálculo de prezo segundo distintas dimensións e calidades da obra.

Calquera que conte cun ordenador con conexión a internet pode enviar o seu traballo a esta empresa e recibir os exemplares na casa ou decidir vendelos a través das canles de distribución da propia compañía. Aínda que son moitas as posibilidades que ofrece esta editorial en liña, está concibida para que o propio autor sexa quen realice a maqueta do libro e o envíe á editorial listo para entrar en imprenta. En caso de precisar axuda, hai servizos de montaxe, corrección de textos ou mesmo de tradución, cun custo engadido sobre o prezo inicial.

Tras a publicación do libro, a empresa ofrece a posibilidade de distribuílo por distintas librarías e tendas en liña por un prezo de 89 euros. Posteriormente, por cada unidade vendida, a editora queda cunha porcentaxe e envía outra parte dos beneficios ao autor. Trátase dun proceso automático.

Os escritores que se editan o seu propio libro teñen unha longa tradición. Hai anos que existen empresas en Galiza e no mundo que facilitan a publicación de libros, sempre e cando sexa o autor quen desembolse o custo da impresión. O novelista e semiólogo Umberto Eco ironizou con esta posibilidade no libro *O péndulo de Foucault*. O protagonista desta obra traballaba nunha editorial dedicada a "autores autofinanciados".●

H. Vixande

? UERE SABER MÁIS?
http://www.lulu.com

MUNDOVIÑO.

Arquitectura da viña

A plantación dun viñedo non é unha obra de enxeñaría agonómica. Ou si o é mais tamén é un acto cultural no que a creatividade do home pode atopar a sua máxima expresión mediante a conxunción da xeografía e do solo e a súa interacción coa vida dinámica, biodinámica, coas vides, tendo o cosmos como teito e polo tanto como referencia.

Arquitectura que se reflecte no trazado e na orientación das ringleiras de vides, na densidade de plantación, nos deseños das formas de condución: vexetación ascendente, descendente, en cortina, en V, en U, en T, en Lira, planos simples ou divididos, pérgolas, emparrados, vasos, espaldeiras, e na sua relación cos puntos cardinais, cos ventos dominantes, coa exposición solar, etc., así como a interrelación, biodinámica, co seu contorno natural, ecosistema do que forma parte, e co seu contorno humano, con todas as edificacions que leva asociadas: para a elaboración, para a crianza, para o enoturismo: recepción de visitantes, estancia, espazos para degustacions e outras actividades.

Observando e coñecendo todo o conxunto do microcosmos da viña poderemos adiviñar a calidade do viño que este orixina.

Cantos viños que coñecemos están integrados de tal maneira con elementos do seu espazo que incluso adoitan mencionar na sua denominación este elemento que lle dá singularidade e que incluso lle engade un algo máis, como no caso dos viñedos situados á beira ou inseridos en lugares cun evidente significado relixioso: santuarios, dólmenes, ermidas, etc. Viñedos que por outra parte nunca eran elixidos ao azar senón tendo en conta toda unha serie de características que proporcionaban un magnetismo especial, viñas que se benefician destas "propiedades" dando lugar a viños que en determinadas anadas tamén transmiten algo máis; daquela falamos de viños telúricos: as Ermidas varias, os Calvarios, os Clos, etc.

Viños de paraxes, viñedos históricos, de orixe monástica, vellos, pobres en materia orgánica mais ricos en mineral, viñedos de ladeira que producen menos pero con máis esencia, viñedos que nas zonas meridionais buscan as umbrías e a altura e nas zonas setentrionais os carasoles, antes do cambio climático, claro.

Cando falamos de *terroir*-terriña e do home que a traballa falamos dunha serie de pinceladas que a definen, son realmente as ferramentas que emprega e que nestas creacions excepcionais proceden de agarrar o pincel e ir trazando liñas e mesturar cores ou de interpretar e dirixir as notas que como nunha orquestra van to- >>>

>>> cando, cada ano cos seus matices, os diferentes instrumentos que este home director da orquesta dirixe e que se denominan: clima, microclima e cun son máis sutil o mesoclima que envolve cada cepa, o solo coas súas diferentes tonalidades –composicions, as castes como auténticas *primas donnas* desta composición que é un viño, tamén os inxertos, parte da orquesta desde que o ataque da filoxera os converteu en próteses permanentes pero provocando que a voz das variedades non sexa tan nítida e pura como cando non eran necesarios, os lévedos autóctonos, fundamentais para que a música soe con autenticidade.
Neste conxunto orquestral, as técnicas de cultivo coas súas diferentes técnicas instrumentais, funcionan coma os instrumentistas que manexan os elementos non permanentes, é dicir, que non dependen do medio coma o escenario da obra, pero que poden chegar a cambiar o carácter da composición, así como as técnicas e sistemas de elaboración e de envellecemento que lle dan os matices finais a esta sinfonia sempre dionisiaca.
Distinto deste home director de orquestra sería o facedor de viños de producións industrializadas e automatizadas para garantir un gusto único e uniforme anada tras anada.
A viña e o viño son unha arte, á par da arquitectura, da escultura ...●

Antonio Portela

O parto natural é acompañado por doulas, complementando o papel de matronas e xinecólogos.

FORMACIÓN.

Seminarios para doulas

As doulas son mulleres que acompañan á futura nai ao longo da xestación, parto e postparto, complementando o papel de matronas e xinecólogos. Ofrecen apoio emocional e información sobre todo o que a nai vai demandando ao longo de todo o proceso. Estas profesionais até hai pouco descoñecidas están integradas dentro do Proxecto Materna a nivel estatal. Este colectivo acaba de deseñar os Seminarios de Información e Reflexión para Doulas 2008/2009, que constan de 7 módulos independentes dirixidos a expertas ou principiantes que queiran coñecer e pórse ao día neste novidoso oficio orixinario da antiga Grecia.
O programa, que se desenvolverá en distintas datas dende setembro deste ano a maio de 2009, inclúe a participación de pedagogas, doulas, matronas, pediatras e psicólogas de contrastado prestixio. O Instituto de Terapias Integrais e Ensinanzas Enerxéticas de Madrid é o lugar elixido para o desenrolo destes cursos nos que se abordarán distintos temas relacionados cos vínculos entre nais e fillos antes, durante e despois do parto.
Máis información sobre os contidos, matriculacións e reserva de prazas destes seminarios na web http://proyectomaterna.es/actividades/permanentes/seminarios/●

E. Estévez

ant_art
52 semanas dunha aventura artística

Un proxecto de
Xosé M. Buxán Bran

Unha experiencia de intervención creativa na prensa coa participación de moitos dos principais artistas da península

Prensa & Criación
A NOSA TERRA

GUIEIRO

1.304 DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

Teatro Universitario.
Un total de dez obras de grupos universitarios de diversos países estarán en escenarios de Lugo e Santiago até o día 7 deste mes.

Coordenado por **Gonzalo Vilas**

O vicerreitor de Cultura, **Elías Torres**, e o responsable da Aula de Teatro da USC, **Roberto Salgueiro.**

XIV Mostra de Teatro Universitario

Dez compañías universitarias procedentes de diversos puntos de España, así como de Bélxica, Brasil e Estados Unidos participarán no XIV Festival Internacional de Teatro da Universidade de Santiago (USC) que se celebra desde o 1 até o 7 de abril paralelamente nos campus de Santiago e Lugo.

A organización espera a asistencia duns 3.500 espectadores, cifra media de asistentes contabilizada nos últimos anos nos eventos que se celebran nas dúas cidades, cunha media de 2.500 e 1.000 persoas, respectivamente.

Ademais do interese para os espectadores de ver en escena visións teatrais provintes de lugares como Brasil ou Estados Unidos, o certame ten a virtude de pór en contacto aos propios participantes, intercambiando experiencias nunha convivencia entre actores, técnicos e xente que comeza nun mundo no que o teatro universitario é unha tradicional canteira de futuros profesionais do medio.

Lugares:
- Teatro Principal e Sala de Teatro Roberto Vidal Bolaño (Santiago),
- Auditorio Municipal Gustavo Freire (Lugo)
Entrada gratuita.
Datas: Até o 7 de abril.

BAIONA

¬ACTO. Presentación Libro-DVD. Presentación pública do libro-DVD **A volta dos nove: arte e memoria**. O sábado 5, ás 20:00, no Auditorio V Centenario.

O BARCO

¬MÚSICA. Jabón Blue. Actuación deste grupo pop o venres 4, no *Pub Baranda*.

BUEU

¬MÚSICA. Kaotiko + Insolbentes. Actuación deste grupo de Salvatierra (Álava), nacido de "Kaos etíliko", o sábado 5, ás 22:30, entradas a12 euros, na *Sala Zona*.

CANGAS

¬CINE. Persépolis. Proxección deste filme de **Marjane Satrapi** (Francia, 2007), premiado en Cannes e candiadto aos Oscar. Este venres 4 de abril, ás 21:00, polo Cine Club Cangas, no *Auditorio Municipal*.

¬MÚSICA. Carlos Chide Trou-pe. Actuación deste grupo de blues presentando en directo temas do seu disco "Cooking Melodies". A entrada custa 3 euros. O venres 4, ás 23:00, na *Sala Son*.

CARBALLO

¬MÚSICA. Sr. Chinarro. Actúan este domingo 6, ás 23:00, na *Sala A Reserva* (R/Desiderio Varela, 7).

¬MÚSICA. Microfilm. Actuación o martes 8,na *Sala Los 80*.

¬TEATRO. O clube da calceta. Unha obra do grupo **Teatro do Morcego**, arredor dunhas mulleres que se reunen para calcetar. Este venres 4, ás 21:00, no *Pazo da Cultura*.

CEDEIRA

¬MÚSICA. Som do Galpom. O grupo de A Moniña, aldea de perto de Santiago, actúa este sábado 5, ás 23:30, na *Sala Universal*.

CEE

¬EXPO. Olladas nostálxicas. Mostra fotográfica até outubro de 2008. *Museo da Fundación Fernando Blanco*.

¬TEATRO. Ide todos ao inferno. Obra polo grupo **Teatro Lope de Vigo**. Osábado 5, ás 20:45,no *Salón de Actos do Concello*.

A CORUÑA

¬CINE. Desexos Humanos. Este filme de **Fritz Lang** é unha nova versión da novela de Èmile Zola. No ciclo Trens de Cine. O luns 7 de abril, ás 18:00 (dobrada) e 20:30 (V.O.S.) na *Sede Fundación Caixa Galicia*.

¬CINE. Programación CGAI.

¬ ARTE

II Encontro Feira de Proxecto-Edición

A feira da edición independente e creativa celebra a súa segunda edición do 3 ao 5 de abril no Pazo da Cultura de Pontevedra. Xurdido no seo de Proxecto-Edición (www.proxecto-edicion.net), no que se embarcaron hai xa máis de dous anos CGAC, MARCO e Fundación Luis Seoane, o encontro feira aposta por ser un punto de encontro e de intercambio de experiencias, tal como se concibiu naquela primeira edición de outubro de 2006. Este evento conta co apoio da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte, da concelleria de Cultura de Pontevedra e do Instituto Camões.

Expositores, charlas e música para un evento de tres días que experimenta algúns cambios respeito da primeira edición. Unha das novedades reside nos talleres: o primeiro deles estará impartido polo arxentino Gustavo Darío López de Ediciones Vox, unha editorial radicada na cidade de Bahía Blanca que se centra na poesía latinoamericana e cuxos libros e revistas son auténticos obxectos artísticos.

O evento celébrase no **Pazo da Cultura** pontevedrés, do 3 ao 5 deste mes.

O segundo taller estará impartido polo colectivo portugués A Mula e dirixido a un público tan especial como son nenos e nenas. Esta é outra das novedades da feira, que pretende facer partícipes do mundo da creatividade editorial aos máis pequenos convidándoos a un obradoiro o sábado 5 de abril durante a mañán. Miguel Carneiro e Marcos Mendes, ou sexa A Mula, introducirán ao público infantil na banda deseñada.

O colectivo Polaqia e a súa publicación Barsowia, o colectivo Alg-a, Asesinatos Morales ou Edita-T son algunhas das iniciativas galegas na feira Portugal ten unha presenza máis consolidada nesta segunda edición, en boa parte grazas ao compromiso e colaboración do Instituto Camões, embaixada cultural do país veciño. Ademais dos mozos de A Mula, no Pazo da Cultura de Pontevedra estarán presentes a Revista Biblia, Atlas Projectos e Rui Gato. Do outro lado do Atlántico, de Arxentina, chegan proxectos como Eloisa Cartonera, Ramona, Otso/Viajo e Proyecto Vox.

Xoves 3
Naomi Kawase
20.30 h. *Sombra* (2004)
A Danza dos recordos (2002). 91´. Vídeo. Subtítulos en galego.
Venres 4
David Lynch.
20.30 h. *Estrada perdida* (1997). 135´. Subtítulos en castelán.
After Hours / David Lynch
23.00 h. *Cabeza borradora* (1976). 89´. Subtítulos en castelán.
Sábado 5
Naomi Kawase
18.00 h. *Memoria do vento: En Shibuya o 26 de decembro de 1995* (1995). *Calidoscopio* (1999). 120´. Vídeo. Subtítulos en galego.
David Lynch
20.30 h. *Estrada Perdida*(1997).
Luns 7
Tendencias do Cine Italiano
20.30 h. *Agata e la tempestá*, Silvio Soldini, 2004. 118´. Subtítulos en castelán.
Martes 8
Contos de Marineda. A Coruña e o cine. 20.30 h. *Camarote de luxo*, Rafael Gil, 1957.92´. Entrada gratuíta.
Mércores 9
Tendencias do Cine Italiano
20.30 h. *Non è giusto*, Antonietta De Lillo, 2001. 90´. Subtítulos en castelán. Presentación revista «Quaderni del CSCI» coa presenza da súa directora e editora, Daniela Aronica. Entrada gratuíta.
No **CGAI**, na rúa Durán Loriga.

¬EXPO. Che! Revolución e mercado. Exposición comisariada por Trisha Ziff, que amosa a obra de numerosos artistas arredor da icona do Che Guevara, así como a utilización diversa da súa imaxe na cultura de masas. Até o 18 de maio, na sala de exposicións da *Fundación Luis Seoane*.

¬EXPO. A luz de Lupo. Un proxecto desenvolvido polo arquitecto **Fermín Blanco**,co que se pretende facer un achegamento desde a arquitectura en prol da candidatura da Torre de Hércules a patrimonio da humanidade. Na *Fundación Luis Seoane*.

¬EXPO. Os rostros da memoria. Serie de retratos fotográficos de **Xurxo Lobato** a supervivintes da represión da guerra e postguerra. No *Kiosko Alfonso*.

¬EXPO. Foto-espazos da colección MUSAC. Exposición de fotografías do Museo de Arte Contemporánea de Castela e León. Até o mes de xuño no *MACUF, Museo de Arte contemporánea Unión Fenosa,* Avenida de Arteixo, 171.

¬EXPO. Yves Saint Laurent: diálogos coa arte. Un total de 36 obras de artistas como Mondrian, Picasso, Goya, Matisse, Braque, Andy Warhol, Serge Poliakoff ou Roy Lichtenstein, entre outros, compartirán espazo con 47 deseños de Saint Laurent, formando unha perfecta combinación na que poderemos intuír a inspiración do modisto.Até o 29 de abril, na *Sede Fundación Caixa Galicia*.

¬EXPO. Pintura de Antonio Alcaraz. Obra pictórica deste artista, até o 4 de maio, na galería *Ana Vilaseco,* Padre Feijoo, 5.

¬EXPO. Wildlife Photographer of the Year 2008. Fotográfos da Natureza. Fotos deste extendido concurso inter-

NajwaJean. O dúo musical formado pola actriz-cantante Najwa Nimri e Carlos Jean, reconstruido despóis de varios anos de separación, segue na súa xira galega, actuando en Vigo e Coruña.

MÚSICAS

Os integrantes de **U-lo Trío".**

U-lo Trío"

U-lo Trío" é un proxecto musical que nace en 2007 coa intención de explorar un repertorio de variada procedencia adaptado ás formas rítmicas e harmónicas do flamenco moderno. Este inusual experimento xorde da reunión do guitarrista de longa andaina **Marcos Teira**, un dos poucos practicantes do xénero en Galicia e tamén participante doutros proxectos como *Marful* ou Narf, con **Xacobe Martínez Antelo**, un dos contrabaixistas máis activos (Sumrrá, XMA Quinteto, Pin Cirera Legido Martínez, Banda Baliza...) da nova fornada de jazzistas galegos e **Pepe Sendón**, a cargo das percusións e vibráfono, tamén integrante de Narf e compañeiro musical de Teira en múltiples aventuras. Os concertos de U-lo Trío" sorprenden polo timbre debido á peculiar combinación de instrumentos, polos curiosos arranxos dos temas, con amplo espazo para a improvisación, e pola diversidade de repertorio, que vai desde composicións propias a temas de jazz (Thelonious Monk, Charles Mingus, Miles Davis), rock (John Lennon, Jimmy Hendrix), música brasileira (Heitor Villa-Lobos), cubana (Bebo Valdés) ata a música popular de calquera recanto do mundo (Grecia, Venezuela, etc.). O trío ofrece un ha oferta musical diversa e divertida, ás veces calma e harmoniosa, outras, trepidante e arriscada, sempre diferente e aventureira.

Esta formación é o resultado dunha elucubración, que ten como primeira idea aflamencar dun xeito o máis orixinal posible un repertorio non flamenco, escollido de xeito escrupuloso. Baixo esta premisa quérese afondar para poder amosar onde poden chegar as influencias que os tres compoñentes da banda teñen alén do flamenco (Jimmy Hendrix, John Lennon, Heitor Villa-lobos, Thelonious Monk,...) Alén das carreiras persoais dos compoñentes do grupo, éste é o primeiro encontro no que os tres músicos comparten xuntos un proxecto.

Actúan este sábado no **Porriño**.

Marlango

Marlango é un grupo influido pola atmósfera musical de Tom Waits, integrado pola actriz-cantante **Leonor Watling**, Alejandro Pelayo e Óscar Ybarra, adoitando cantar en inglés.

En 1998, Leonor e Alejandro gravaron unha maqueta con catorce temas para piano e voz onde xa se atopaba o núcleo do que sería o seu primeiro álbum. No inverno de 2002, o neoiorquino Oscar Ybarra, recentemente instalado en Madrid, escoita o material e decide incorporarse ao proxecto. Entre os tres dan forma a un traballo que ve a luz en febreiro de 2004.

Neste disco Marlango ten influencias desde o rock ao jazz, do cabaret de entreguerras á banda sonora dun filme de David Lynch.

Logo dun ano de concertos por toda España, Portugal e Xapón, reciben un disco de ouro polas primeiras 50.000 copias vendidas.

En setembro de 2005 publican o seu segundo álbum, **Automatic imperfection**, que tamén consegue o disco de ouro en España. En 2006 fichan pola discográfica Universal, coa que publican unha edición especial do seu último álbum, ademais de editarse en moitos países.

En 2007 saíu o seu terceiro álbum de estudo, **The electrical morning**.

Marlango actúa este sábado en **Pontevedra**.

nacional, até o 30 de xuño. No *Aquarium Finisterrae*.

¬EXPO. Laxeiro. A lóxica do irracional. A través dunha selección de medio cento de obras que conforman un percorrido baseado nas múltiples facetas estilísticas e temáticas de Laxeiro, a exposición plasma a personalidade irrepetible do que foi un dos maiores anovadores da plástica galega do s. XX. Até o 1 de xuño na *Fundación Barrié de la Maza*.

¬EXPO. Os rostros do fútbol. Os suízos **Mathias Braschel** e **Monika Fischer** son os creadores deste proxecto expositivo, que mostra as expresións de 25 dos futbolistas máis destacados a nivel mundial. Até o 6 de abril poderemos ver esta exposición fotográfica no *Centro Sociocultural Fundación Caixa Galicia*.

¬EXPO. Carlos Albert. Esculturas deste artista, até finais de mes, na sala de exposicións *Atlántica*.

¬MUSICA. We are Balboa. Rock acústico, este xoves 3, ás 19:00, no *FNAC*, Praza de Lugo.

¬MÚSICA. Jabón Blue. Actuación este xoves 3, no *Forum Celticum (O Burgo)*.

¬MÚSICA. Hit. Están este xoves 3, ás 22:30, con entrada libre, no *Mardi Gras*.

Na mesma sala, o venres 4, o grupo **Capitán Furilo**, ás 22:30h, entrada a 5 euros. E o sábado 5, ás 22:30 os grupos **We are Balboa + Orange Soup**.

¬MÚSICA. Dúo Najwa Jean. Xira galega do dúo integrado pola actriz e cantante **Najwa Nimri** e o produtor **Carlos Jean**. O venres 4, no *TeatroRosalía*.

¬MÚSICA. Noa: genes and jeans. As maiores influencias desta artista israelí veñen de cantautores dos anos 60 coma Paul Simon, Joni Mitchell ou Leonard Cohen. Estas sensibilidades musicais e líricas, combinadas coas súas raíces iemenís e os antecedentes musicais de Gil Dor no jazz, en música clásica e no mundo do rock, fixeron que o seu son sexa único. Este venres 4, ás 20:30, entrada 28 euros, no *Teatro Colón Caixa Galicia*.

¬TEATRO. A extraña viaxe. Espectáculo da compañía **Sarabela Teatro**, o domingo 6, ás 19.:00 , no *Teatro do Andamio*.

¬TEATRO. Tolemaxias. Espectáculo de maxia do **Mago Teto**. O sábado 5 ás 19:00,no *Forum Metropolitano*.

Últimos días para ver a mostra de **Sorolla.**

CULLEREDO

¬TEATRO. Segredos dun Mago. Espectáculo de maxia polo mago Chrystian Magic, o venres 44, ás 19:00, no *Edificio de Servizos Múltiples*.

A ESTRADA

¬TEATRO. A bombilla máxica. Obra de **Teatro do Atlántico**, o venres 4, ás 21:30 , no *Teatro Principal*.

FERROL

¬CINE. Breve encontro. O primeiro filme do grande **David Lean**, situado na retaguarda da II Guerra. No ciclo Trens de Cine. O luns 7, ás 18:00 (dobrada) e 20:30 (V.O.S.) na *Sede Fundación Caixa Galicia*.

¬CINE. Auga + Sympathy for the Devil. Dous filmes de **Jean Luc Godard**, no ciclo *Primavera de Cine*, que seguirá todos os mércores. O día 9, ás 20:00, no *Ateneo Ferrolán*.

¬EXPO. Sorolla e os seus contemporáneos. Magnífica colección de pintura española do **Museo de Belas Artes da Habana**. A exposición reúne un conxunto de 60 obras de Joaquín Sorolla e outros autores. Até o 13 de abril, na *Sede Fundación Caixa Galicia*.

¬MÚSICA. April Fool´s Day + Nouvelle Cuisine. Os cataláns April Foll´s day en xira presentando os temas do seu disco 9th. Van acompañados no cartel polos coruñeses Nouvelle Cuisine. Actuación o sábado5, ás 22:00, na*Sala Carteles*.

EN ESCENA

Arte

Fulano, Mengano e Citano

Autora: Yasmina Reza
Dirección: Celso Parada
Adaptación: Fulano, Mengano e Citano & Miguel Martíns
Escenografía: Manuel Botana e Javier Couto
Son: Manuel Pombal
Iluminación: Pedro Fresneda
Vestiario: Ana Vázquez
Elenco :
Manuel Botana, Suso Pando e Manuel Pombal.

Serxio acaba de mercar un cadro branco, totalmente branco, polo que pagou unha enorme suma de diñeiro. Marcos, que odia a arte moderna, non comprende como a un amigo seu, sobre o que tiña certa opinión positiva, se lle poida ocorrer pagar por "semellante trapallada". Entón intervén Iván, o terceiro en discordia, no seu papel de mediador, tentando calmar as partes en conflito, pero lonxe de conseguilo acaba el mesmo metido no enredo.

SwingGuitars

Pistacatro

Autor: Swing Guitars
Dirección: Swing Guitars
Elenco:
Mon Orencio, guitarra
Xabier Mera, guitarra
Bernardo Martínez, baixo
Quim Fariña, violín

Catro homes, catro instrumentos de corda e unha viaxe. Un concerto cabaré que nos levará a través de medio mundo na procura da canción imposible. Esta é a historia de catro personaxes itinerantes narrando musicalmente o seu periplo vital como buscavidas. Os

Swing Guitars

espectadores terán a ocasión de asistir a un concerto de músicas de todo o mundo (swing, jazz, bossa...) enfiado nunha historia divertida e desenfadada.

O espectáculo responde ao que se deu en chamar cabaré-concerto, onde o humor dos clowns e o monólogo cómico ao estilo do Clube da Comedia consegue encher de risas cómplices e entretemento para todos un show de máis dunha horade duración.



Arte. A obra do grupo **Fulano, Mengano e Citano** está esta semana en Mondoñedo.

Valdemuller. A última produción do CDG está en cartel continuadamente en Santiago, até o día 20 de abril.

FOZ

¬TEATRO. *Hendaya monamour.* Obra que fala con humor dun suposto idilio entre Franco e Hitler, polo grupo **Bacana**, este venres 4, ás 21:30, na *Sala Bahía*.

LUGO

¬CINE. Trens rigorosamente vixiados. *Ostre sledované vlaky*, , é unha das mellores obras do cinema checo dos sesenta. O maior éxito de **Jirí Menzel** baseado na novela homónima de Bohumil Hrabal,e que acadou o Óscar á mellor película estranxeira en 1967. O martes 8 de abril, no ciclo Trens de Cine, ás 20:00, no *Centro Sociocultural Caixa Galicia*.

¬EXPO. Proxecto Abertal, 99 artistas lucenses. Até o 4 de marzo de 2009, 99 artistas lucenses expoñen nas salas 29, 30, 31 e 32 do Museo Provincial de Lugo. Noventa e nove propostas que abranguen todos os estilos, todas as técnicas, todas as idades. Un proxecto aberto a todos os artistas e que abre as portas do Museo Provincial de Lugo á arte lucense, aos seus protagonistas, sexan consagrados ou recén chegados. No *Museo provincial*.

¬EXPO. Os xoguetes esquecidos. Exposición sobre antigos xoguetes, elaborados por Xosé Manuel García, aberta até o 6 de abril no *Museo da Deputación*.

¬EXPO. Alberto Morago. Pinturas, até o 14 de abril, na *Galería Clérigos*.

¬MÚSICA. The Blows. O grupo vigués actúa este venres 4, ás 23:30, entrada a 4 euros, na *Sala Babel*.

¬TEATRO. XIV Festival de Teatro Universitario. O venres 4, ás 20.30 ,**Lesão cerebral**, a partir de contos de Donald Barthelme, pola Escola de Arte Dramática da Universidade de São Paulo.

O sábado 5, ás 20:30, **No es tan fácil**, de Paco Mir. Adaptación e dirección L.J. Holguín.

O domingo 6, ás 20:30, **Las relaciones de Clara**, de Dea Loher.Pola Aula de Teatro da Universidade Pablo de Olavide.

E o luns 7, á mesma hora, **As raíñas**, de Werner Schwab (adaptación literaria do seu texto "As presidentas"), pola Compañía de Teatro da USC-Santiago.

As funcións terán lugar no *Auditorio Municipal Gustavo Freire*. Entrada gratuita, previo paso por taquilla.

MARIN

¬MÚSICA. Parking Son + la-Suite.Poderémolos escoitar o domingo 6, ás 19:30, entrada gratuita, na *Alameda de Marín*.

MELIDE

¬MÚSICA. Kaotiko + Insolbentes.Actuación deste grupo de Salvatierra (Álava), nacido de "Kaos etíliko", o venres 4, ás 23:00, entradas a 10 e 12 euros, na Sala 600.

MONDOÑEDO

¬TEATRO. Arte. Obra do grupo **Fulano, Mengano e Citano**, a ser representadaeste xoves 3, ás 21:00, no *Auditorio Municipal Pascual Veiga*.

NOIA

¬TEATRO. Quero ser grande. Unha obra do grupo**Talía Teatro**, o domingo 6, ás 11:30, no *Teatro Coliseo Noela*.

OLEIROS

¬EXPO. Aula do Mar. Exposición permanente sobre o mundo do mar. Pódese visitar sábados, domingos e festivos en horario de 11 a 14 horas e de 16 a 19 horas. A entrada é grutuita.No *Centro Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes*.

The Blows.O grupo vigués presenta en xira o seu disco "Upskirts".

¬ CINE

Cine infantil

Seguen a programar diversos filmes para os cativos, nun ciclo que organiza Caixa Galicia, proxectándose este sábado 5, ás 18:00 e gratuitamente, nas súas sedes das distintas cidades:

Kirikú e a bruxa, de Michel Ocelot (1998) , en Lugo.

Os teleñecos conquistan Manhattan, de Frank Oz (1984)en Ferrol.

Historia dunha gaivota, de Enzo d'Aló (1998), en A Coruña.

De volta á casa, de Duwayne Dunham (1993), en Pontevedra.

As aventuras de Bongo, Mickey e os feixóns máxicos, (1947), en Ourense.

O xigante de ferro, de Brad Bird (1999), en Vigo .

A chave máxica, de Frank Oz (1995), en Santiago.



ORDES

¬MÚSICA. Som do Galpom. O grupo de A Moniña actúa este venres 4, ás 23:00, no *Badulake*.

OURENSE

¬CINE. O derradeiro tren (Corazón de lume). Filme de **Diego Arsuaga** , donde o espazo uruguaio achega verosimilitude e vai acompañado de diversos estados de ánimo, que mudan segundo a paisaxe: da emoción á euforia ou do medo á reflexión. No ciclo Trens de Cine. O martes 8 de abril, ás 20:00, no *Centro Sociocultural Caixa Galicia*.

¬EXPO. José Luis de Dios. Exposición retrospectiva deste artista ourensán, grande debuxante e cartelista, no *Centro Social Caixanova*.

¬MUSICA. Moon Cresta. Os vigueses Moon Cresta protagonizan a festa Superfunk no Rock Club. Mooncresta seguen paseando o seu disco "Erocktile disfunktions solutions" polos escenarios e ademais poida que adianten algún tema do seu vindeiro disco. A entrada custa 5 euros. O venres 4, ás 23:00, no *Rock. Club*.

¬MUSICA. Sex Museum + Spin City. Os madrileños Sex Museum celebran en xira o seu vinte aniversario como banda de rock garaxe, esta é a única actuación en Galicia. Tamén actúa os portugueses Spin City, máis achegados ao blues. Entrada anticipada 12 euros e 15 euros no despacho da sala.(con consumición mínima incluida). O sábado 5, ás 21:00, no *Rock. Club*.

¬MUSICA. Sr. Chinarro. O local pop ourensano Café&Pop Torgal celebra o seu quinto aniversario cun ciclo de concertos entre o que está o destes referentes da música independente. A entrada custa 6 euros (con consumición). Venta en Torgal e Peggy Records (Ourense). O sábado 5, ás 22:30, no *Café&Pop Torgal*.

¬TEATRO. Sen título 4x8x6 (técnica mixta sobre o escenario). Espectáculo de títeres pola compañía **Os monicreques de Kukas**, este domingo 6, no *Auditorio Municipal*.

PONTEAREAS

¬MÚSICA. Los Casanovas. Actuación este venres 4, no *Salón Parroquial*.

AS PONTES

¬TEATRO. O son das cousas. Obra representada polo grupo Sapristi, este venres 4 , ás 18:30 no *Cine Alovi*.

PONTECALDELAS

¬MÚSICA. Monumento + Xerock. Actúan o venres 4, ás 23:30 no *Pub Leblon*.

¬MÚSICA. Septiembre. Actuación do grupo galego de powerpop, este sábado 5 ás 23:30 no *Pub Leblon*.

¬ ARTE / MEMORIA

A volta dos nove: Arte e memoria

Con este título, preséntase este sábado 5 en **Baiona** un libro-CD-DVD na memoria de nove persoas asasinadas na guerra civil e lembradas desde aquela polos veciños nunha curva da estrada.

O quince de outubro, 1936, na saída de Baiona cara a Baredo, na altura da Bombardeira, nove veciños do Val Miñor son asasinados nunha máis das cruentas matanzas que naqueles meses asolaron o noso país nunha guerra de exterminio planificada. A memoria das súas mortes escribiu unha das máis fermosas páxinas de resistencia. Durante décadas mans anónimas e populares riscaron sobre as areas da beira da estrada nove cruces, realizadas cun trazo de urxencia. O lugar sería dende aquela coñecido como **A volta dos nove**.

En outubro de 2005, sesenta e nove anos despois, o **Instituto de Estudos Miñoranos** (IEM) e a **Comisión de Familiares** promoveu a realización dunha homenaxe escultórica no mesmo lugar dos feitos. Unha árbore fundida en bronce rodeada de loureiros, a árbore dos heroes, é o bosque escultura que ideou **Fernando Casas** para a ocasión.

O proxecto musical de **Antón Seoane** foi madurando entre nove mortes e nove ondas de vida para ofrecerlles esta obra musical na que a voz de **Pilocha** recupera textos de **Méndez Ferrín** e dalgún dos poetas que participaron no proxecto artístico que ao abeiro do Barco da Memoria se fixo realidade en Baiona, en xullo de 2006.

Nove destacados pintores, nove fotógrafos e fotógrafas, e nove voces poéticas teceron tamén esta obra colectiva na que se quixo xuntar Arte e Memoria sabendo que ambas son a mesma cousa neste caso.

Portada do libro-CD-DVD

No libro-CD-DVD ofrécese, segundo a asociación, "unha seitura realizada, con cariño e xenerosidade, por preto de medio cento de persoas baixo a coordinación do Instituto de Estudos Miñoranos".

100 Anos de *A Nosa Terra*. Unha exposición composta por paneis de grande formato que explican e reproducen a historia deste semanario centenario. Pódese ver no **Porriño**.

PONTEVEDRA

¬CINE. Alarma no Expreso. Filme de **Alfred Hitchcock**, The Lady Vanishes (Alarma no expreso) proxéctase o martes 8 de abril, no ciclo Trens de Cine, ás 20:00, no *Centro Sociocultural Caixa Galicia*.

¬ENCONTRO. II Encontro-Feira. Libros, obxecto, publicacións creativas, banda deseñada e fanzines. Talleres, encontros non casuais e concertos. Todo no programa do Encontro Feira, unha iniciativa promovida polo Centro Galego de Arte Contemporánea, o MARCO de Vigo e a Fundación Luis Seoane. Do 3 ao 5 de abril, no *Pazo da Cultura*.

¬EXPO. Ríos de Galicia, tesouros de vida. Exposición fotográfica sobre a riqueza paisaxística e de fauna e flora dos ríos galegos, a traverso de espectaculares fotos de **José Luis González**. Até o 4 de maio no *Centro Social Caixanova*.

¬MÚSICA. The Blows. Os vigueses co seu rock post-punk e new-wave, presentando o seu novo disco Upskirts, actúan o sábado 5, ás 23:30, entradas a 5 e 7 euros, na *Sala Karma*.

¬MUSICA. Marlango. Actuación do grupo liderado pola actriz e cantante **Leonor Watling**. Este sábado 5, ás 20:30, entradas a 16 e 20 euros, no *Pazo da Cultura*.

O PORRIÑO

¬EXPO. 100 anos de A Nosa Terra. Exposición con grandes paneis que reproducen a historia centenaria deste xornal que está vostede lendo, con portadas históricas ou textos de Castelao e outros insignes colaboradores. No *Centro Social*.

¨Últimos días da exposición de **Kounellis**.

Trens de Cine, ciclo polas cidades galegas.

¬EXPO. Premios de arquitectura Grandearea. A exposición abrangue obras visadas na Delegación de Vigo ao longo do ano 2006, principalmente correspondentes a proxectos realizados no sul da provincia de Pontevedra. Nalgúns casos trátase de obras xa executadas, mentres que noutros son os proxectos os que se premian.

¬MÚSICA. Kogito. O grupo de 10 compoñentes, co seu ska, punk-rock, reggae e mestizaxe, letras desenfadadas, certo ton de protesta, ritmos latinos cheos de percusión e melodías pegadizas vibrando nos metais. A entrada a 5 euros adiantada e 6 na billeteira. Sera o venres 4, ás 23:00, no *Café Liceum*.

¬MÚSICA. U-lo Trío. Formación composta por **Marcos Teira, Xacobe Martínez e Pepe Sendón**, tres competentes intérpretes que levan o flamenco moderno a outro tipo de músicas non asociadas con este estilo, e desde a súa condición de músicos galegos. O sábado 5, ás 23:00. A entrada custa 5, 4 e 2'5 euros. No *Café Liceum*.

REDONDELA

¬TEATRO. O club da calceta. Unha obra do grupo **Teatro do Morcego**, este sábado 5, ás 22:00, no *Multiusos da Xunqueira*.

ARÚA

¬MÚSICA. Jabón Blue. Actuación do grupo de Javi Maneiro, ex-Herdeiros da Crus, o venres 4, ás 20:00, na *Sala Baranda*.

SADA

¬MÚSICA. Que eu sei muit. Actuación co Grupo de Música Antiga Martín Codax, o sábado 5, ás 20:00, na *Casa da Cultura Pintor Lloréns*.

¬MÚSICA. Álvaro Muras. O cantautor estará o luns 7, ás 20:00, na *Casa da Cultura*.

¬TEATRO. Do, re, mi, Mozart xoga aquí. O grupo **Títeres Cachirulo**, este venres 4, ás 18:00, na *Casa da Cultura Pintor Lloréns*.

SANTA COMBA

¬MÚSICA. Los Justicieros. Actúan o sábado 5, ás 00:30, entrada gratuita, no *Pub Cayuco*.

SANTIAGO

¬CINE. Perdición. Dentro do ciclo da fundación Caixa Galicia, Trens de Cine, *Double Indemnity*, memorable filme de **Billy Wilder** sobre un vendedor de seguros seducido e levado á perdición por Bárbara Stanwyck. O martes 8 de abril, ás 18:00 e ás 20:00, en versión orixinal, na *Sede Fundación Caixa Galicia*.

¬CINE. O cinema é...1-12. O **Cineclube Compostela** proxecta este filme (Film ist... 1-12, Gustav Deutsch, Austria, 1998, VO, 90') o mércores 9, ás 22:00, entrada libre (posibilidade de aportación voluntaria dun euro), no *Centro Social A Gentalha do Pichel*, Rúa Santa Clara.

¬EXPO. Cartaces de cinema en Checoslovaquia entre 1960 e 1989. Como actividade complementaria á xa rematada Semana das Línguas, exposición dos orixinais cartaces checos de cine, até o 4 de abril na facultade de *Ciencias da Comunicación* e na *Biblioteca Concepción Arenal*.

¬EXPO. Ovo Vitae. Exposición de pinturas e esculturas dos artistas **Xose Manuel Méndez** e **Sabela Vázquez**, que permanecerá aberta até o 20 de abril na *Sala de Exposicións da Fundación Araguaney*.

¬EXPO. Os ecolatas Trátase de 20 paneis realizados en cartón pluma con debuxos e textos explicativos sobre a ecoloxía, ademais dunha pequena guía didáctica que se lle entregará a cada un dos nenos que asistan. Até o 30 de abril, na Sala Multiusos da *Biblioteca Fundación Caixa Galicia*.

¬EXPO. Historieta galega. 1973-2008. Percorrido histórico pola banda deseñada galega dende os anos 70 até o tempo actual. Tamén haberá, en paralelo á exposición, unha serie de clases maxistrais e actividades para os máis pequenos. Até o 8 de xuño no *Auditorio de Galicia*.

¬EXPO. Ficcións analóxicas: videocreación en Galicia nos anos 80. Videocreacións de autores galegos como **Xavier Villaverde** ou **Antón Reixa**. Até o 27 de abril, no *Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)*.

¬EXPO. Palmeiro. Obra deste artista postimpresionista (Madrid, 1903 - Bergerac, Francia, 1984), na *Galería Jose Lorenzo*, Travesa do Franco 3.

¬EXPO. Luis Medina. Pintura deste artista santanderino, cunha obra marcada polo seu oficio de enxeñeiro industrial e a paisaxe urbana, na *Galeria Sol&Bartolomé*, en S. Francisco, 30.

¬EXPO. Maldita Europa. Exposición do artista de Allariz **Xurxo Oro Claro**. Até o 14 de maio, na *Fundación Granell*.

¬EXPO. Jannis Kounellis. A obra máis recente do autor italiano de orixe grega. A mostra presenta unha obra recentemente acabada na propia cidade compostelá, onde o artista estivo traballando antes da mostra para montar un particular universo creativo posto á nosa disposición e relacionado coa cidade. Até o 6 de abril na *Sede Fundación Caixa Galicia*.

¬EXPO. Rubén Santiago. Exposición deste artista lucense, denominada "Proxecto 1:1", até o 19 de abril, na galería *DF Arte Contemporánea* (Rúa San Pedro, 11).

¬EXPO. Fundación Granell. Exposicións en cartel:
Contemplando as trenzas do soño. Óleos de de Eugenio Granell. Até o 5 de maio.
Encontro entre o mundo antigo e o universo do soño. Eugenio Granell Até o 5 de maio.
Xoves poéticas surrealistas: Lili(ana)–protegiendo desde 1964. Até o 19 de maio.
Espazo INSITU: *Lili(ana)- "Asegurando el cielo"*. Até o 19 de maio.

¬MÚSICA. Snatch. O grupo galego actúa este xoves 3, ás 21:00, no *Centro Cultural de Vite*.

¬ TEATRO

XIV Festival de Teatro Universitario

O Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela é certame de teatro universitario que máis anos leva consolidado de todo o panorama universitario español.
Até o 6 de abril (tendo comezado o día 1) serán dez as pezas teatrais que se porán en escena no Teatro Principal e na Sala de Teatro Roberto Vidal Bolaño (Auditorio Universitario, no Campus Sur), máis unha no Auditorio de Galicia, con entrada gratuíta previo paso polo despacho de billetes.
A mostra exténdese ao Campus de Lugo (consultar programación na lista de actos por concellos).

Xoves 3
Pizcas, de Margarito Rodríguez. Teatro Dallas, EUA. 19:30 h. Sala de Teatro Roberto Vidal Bolaño.
Si tu m'aimes..., Hans Sachs. Universidade de Liège, Bélxica. 21:30. Teatro Principal.

Venres 4 de abril
Pizcas, de Margarito Rodríguez. Teatro Dallas, EUA. 19:30 h. Sala de Teatro Roberto Vidal Bolaño.
No es tan fácil, de Paco Mir. Universidade de Huelva. 21:30. Teatro Principal.

Pizcas, do grupo teatral de Dallas

Sábado 5 de abril
Com os bolsos cheios de pao, de Matei Visniec. Departamento de Artes Ecénicas da Universidade de Sao Paulo, Brasil. 19:30 h. Sala de Teatro Roberto Vidal Bolaño.
As relacións de Clara, de Dea Loher. Universidade Pablo de Olavida, La Escalera Teatro, Sevilla. 21:30. Teatro Principal.

Domingo 6 de abril
O público, de Federico García Lorca. Universidade USC-Lugo. 17:30. Auditorio de Galicia.
Com os bolsos cheios de pao, de Matei Visniec. Departamento de Artes Escénicas da Universidade de Sao Paulo, Brasil. 19:30 h. Sala de Teatro Roberto Vidal Bolaño.
No hay burlas con el amor, de Calderón de la Barca. Escola Superior de Arte Dramática de Murcia. 21:30. Teatro Principal.

Baldosa Amarilla. O grupo do Porriño é un dos varios que actúan no "San Pepe", festa patronal-musical da E.T.S.I. Industrial de Vigo, que ten lugar este sábado.

¬MÚSICA. King Khan + The Shrines. "O tolo do Soul" nacido en Montreal, trae un salvaxe ritual voodoo e frenesí influenciado pola música negra. Algúns dos seus músicos tocaron con xente coma Stevie Wonder, Ike&Tina Turner o Dog Food 5. King Khan presenta en directo o seu novo álbum: "Wha Is"" (Hazelwood Records).A entrada custa 15 euros anticipada e 18 no despacho da sala. Este sábado 5, ás 22:30, na *Sala Capitol*.

¬MÚSICA. Los crueles + Samesugas. Os coruñeses e máis os compostelans actúan este xoves 3 na *Sala Nasa*.

¬MÚSICA. Real Filharmonía de Galicia. O novo director da filharmonónica de Orlando, **Christopher Wilkins**, dirixe ao pianista **Joaquín Achúcarro** na interpretación dunha serenata de Dvorak e un concerto para piano de Brahms. Este xoves 3, ás 21:00, no *Auditorio de Galicia*.

¬TEATRO. Valdemuller. Última produción do **Centro Dramático Galego**, combinando actuación humana e de monicreques. Estará en cartel até o 20 deste mes de abril. As funcións son: para público familiar, sábados e domingos ás 18.00.Funcións para institutos: mércores, xoves e venres ás 11.00. Os prezos son de 10 euros, cos descontos habituais para mocidade, xubilados, etc..., e o domingo, 5 euros. Os sábados e domingos, ás 16:45, levarase a termo o xogo didáctico "O misterio de Valdemuller", dirixido a infantes a partir dos oito anos. No *Salón Teatro*.

¬TEATRO. No intre 1800. Espectáculo teatral-musical do grupo **Pisando Ovos.** O domingo 6, ás 22:00, na *Sala Nasa*.

¬TEATRO. Swing Guitars. Polo grupo **Pistacatro productora de soños .** O mércores 9, ás 22:00, na *Sala Nasa*.

SOUTOMAIOR

¬EXPO. Xente no camiño. Exposición de pinturas de **Alfredo Erias**, que permanecerá aberta até o 30 de abril. No *Parador e castelo de Soutomaior*.

TUI

¬EXPO. Antón Abreu e Elsa Pérez. Exposición de pinturas , até o 4 de maio na *Galería Trisquel e Medulio* (Paseo da Corredoira, 13).

¬TEATRO. Menú vexetal (dáme verde). Obra do grupo **Disque Danza**, poderemos velo este venres 4, ás 20:00, no *Teatro Municipal*.

VIGO

¬CINE. Vías cruzadas. *The station agent*, (Vías cruzadas), é a ópera prima, e única até o momento, do actor de televisión e teatro **Tom McCarthy**, quen rodaba en 16 mm ao longo de vinte días esta historia de soidades. O martes 8 de abril, ás 18:00 (versión dobrada) e ás 20:30 (V.O.S), no *Centro Sociocultural Caixa Galicia Vigo*

¬EXPO. Paraisos indómitos. A mostra parte da idea de fascinación que nos producen os últimos lugares fronteirizos, espazos que cremos aínda por explorar -e explotar- e que se sitúan fóra do control humano, onde a natureza ten as súas propias regras. Até o 18 de maio,no 1º andar do *Museo de Arte Contemporánea , MARCO*.

¬EXPO. O Himno. Os tempos son chegados. Exposición que conmemora o centenario do Himno Galego estreado na Habana, organizado pola consellería de Vicepresidencia. Estará aberto até o 27 deste mes de abril. Para completar a mostra, ofrécense para as mañás dos domingos do mes de abril obradoiros nos que se desenvolven diversas actividades didácticas sobre o Rexurdimento, a través das obras de tres exponenciais poetas galegos: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez. No *Verbum-Casa das palabras*.

¬EXPO. Antonio González Collado. Obra pictórica deste pintor ferrolano, a exposición permanecerá aberta até o 27 de abril en horario de 18.00 a 21.30 horas todos os días da semana, además de en horario de mañán de 11.00 a 14.00 horas os sábados, domingos e festivos. No *Centro Social Caixanova*.

¬ CONVOCATORIAS

VIII premio de creación fotográfica "Luís Ksado"

Tendo en conta a significación especial que, dentro da difusión das artes da imaxe e, especialmente da a fotografía, posúe desde fai tempo a nosa provincia, e para contribuír á honra de personaxes tan representativos como Luís Ksado, de ampla traxectoria desde o seu estudo compostelán, a Deputación da Coruña convoca o "VIII Premio de creación fotográfica "Luís Ksado", segundo as seguintes:

Bases:

- Poderán optar ao premio todas as persoas maiores de idade, que estean interesadas no campo da fotografía, con obras que non fosen premiadas con anterioridade.
- Establécese un premio único e indivisible, dotado con 6.500 ".
- A Deputación poderá publicar ou expor o traballo premiado, e publicar ou expor aqueles traballos non premiados que se consideren de calidade, previo acordo.
- As fotografías deberán compor unha serie dun mínimo de seis e un máximo de doce, en formato de 30 x 40 cm. As copias deberán entregarse sen ningún tipo de montaxe ou enmarque, en cor ou branco e negro e inscribiranse no campo do fotodocumentalismo, fotoperiodismo ou reportaxe en xeral.
- Non se admitirán imaxes de montaxes, nin de manipulación dixital.

Deberá acreditarse por escrito a propiedade intelectual das imaxes presentadas.

Os traballos presentaranse baixo un título e un lema, acompañados de plica na que conste o título e o lema no seu exterior, e conteniedo no interior o nome e apelidos do autor, data de nacemento, dirección e número de teléfono.

As fotografías deberán levar no dorso o título da serie e o número de orde dentro da serie.

-O **prazo de admisión de orixinais acaba o día 30 de setembro** de 2008.

As fotografías deberán enviarse á Deputación Provincial da Coruña, Sección de Cultura e Deportes, Avda. Alférez Provisional 2, 15006 A Coruña, indicando no sobre "VIII Premio de creación fotográfica "Luís Ksado".

A Naiciña, fotografía de **Ksado**.

- Os participantes teñen a obrigación de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada no momento en que esta situación prodúzase, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, en sesión se é posible única, sendo necesaria a asistencia de dous terzos dos seus membros.

As deliberacións serán secretas e delas estenderase o acta correspondente.

O xurado non poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, que é o órgano competente para conceder o premio.

O xurado poderá realizar unha selección entre as obras non premiadas, para a súa inclusión nunha exposición.

Os autores presentes na exposición recibirán cinco exemplares do catálogo.

A decisión do xurado terá lugar no cuarto trimestre do ano 2008 e darase a coñecer nos medios de comunicación.

-As obras non premiadas devolveranse aos seus autores, previa solicitude escrita.

-A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

VII premio de literatura infantil e xuvenil "Raíña Lupa"

Coa ansia de fomentar a creatividade fabuladora dirixida ao mundo dos nenos e, ao mesmo tempo, facer memoria deste personaxe da lenda e dos contos populares en relación coas terras de Compostela, convócase o VII Premio de literatura infentil e xuvenil "Raíña Lupa", de acordo coas seguintes

Bases

1ª.- Poderán optar ao premio todas as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que presenten narracións adicadas ao público infantil ou xuvenil, inéditas e non premiadas con anterioridade, e escritas en galego.

2ª.- Outorgarase un **premio único e indivisible dotado con 6.500 €.**

A deputación publicará a obra premiada, directamente ou a través doutra editorial, reservándose durante dezaoito meses os dereitos de edición.

3ª.- As obras serán de tema e extensión libres, observando as características propias da novela adicada ao público infantil ou xuvenil, podendo contemplar a inclusión de elementos ilustrativos, gráficos, etc. As obras presentaranse por duplicado e en exemplares separados, en tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados.

As obras presentaranse baixo un título e un lema, achegados de plica na que se fará constar o título e o lema no seu exterior, e que conteña no seu interior o nome e os apelidos do autor, o seu domicilio, nacionalidade e número de teléfono.

4ª.- O **prazo de recepción das obras rematará o día 16 de agosto** de 2008 e enviaranse á Deputación Provincial, Avda. de Alférez Provisional 2, 15006 A Coruña, indicando no sobre "VII Premio de literatura infantil e xuvenil "Raíña Lupa".

5ª.- O xurado estará presidido polo presidente da deputación e formarán parte del a deputada presidenta da Comisión de Cultura,Educación e Patrimonio Histórico-Artístico, e cinco persoas de recoñecido prestixio do ámbito literario nomeadas polo presidente da Deputación , e o gañador do ano anterior, que poderá ser substituído por outra persoa, no caso de que non lle fose posible aceptar a súa participación; actuará como secretario o da corporación ou funcionario no que delegue.

A composición do xurado publicarase con anterioridade á súa reunión, co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

6ª.- Os participantes terán a obriga de comunicar á deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso.

O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posibel única, sendo necesaria a asistencia dos dous tercios dos seus membros.

As súas deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.

O xurado non poderá declarar deserto o premio e a súa proposta será obxecto de resolución da Presidencia desta deputación, que é o órgano competente para resolver o premio.

O premio decidirase nas datas comprendidas entre o 18 de agosto e o 30 de septembro do ano 2008, e será dado a coñecer a través dos distintos medios de comunicación.

A plica correspondente á obra que resulte finalista poderá ser aberta polo secretario do xurado a fin de que, se o seu autor o permite, poida darse a coñecer o nome do finalista.

7ª.- Non se devolverán as obras presentadas non premiadas, e a partir da decisión do xurado serán destruídas.

Antonio González Collado. O pintor ferrolán expón no Centro Caixanova, en Vigo.

Anuncios de balde. Poden facelos chegar por estes medios: no Apartado 1.371, 36200 de Vigo; por teléfono no 986 222 405, por Fax no 986 223 101, ou por correo eléctrónico en **guieiro@anosaterra.com.** Pódese incluir unha foto relativa ao obxecto a vender, percurar, etc..., en formato dixital e dimensións moderadas. Prégase avisar da desactualización dos anuncios.

¬EXPO. Algoritmi DIxit. **Darío Basso** (Caracas, 1966) presenta esta peza, un proxecto composto por unha instalación que envolverá o patio interior da Casa das Artes e dous vídeos con música de instrumentos exipcios e imaxes do proceso pictórico levado a cabo polo artista galego, ocupando un contorno expositivo que desaparecerá baixo unha tonelada de pintura que o cubrirá por completo. Até o 13 de abril na *Casa das Artes* .

¬EXPO. Próspera. Intervención da artista **Carme Nogueira**, en torno a interacción coa cultura chinesa tras dunha viaxe a Pekín. Até o 11 de maio, no *Marco, Museo de Arte Contemporánea, Espazo Anexo*.

¬EXPO. Laxeiro. A lóxica do irracional. A través dunha selección de medio cento de obras que conforman un percorrido baseado nas múltiples facetas estilísticas e temáticas de Laxeiro, a exposición plasma a personalidade irrepetible do que foi un dos maiores anovadores da plástica galega do s. XX. Até o 1 de xuño na *Fundación Barrié de la Maza*.

¬MAXIA. Ilusiona 2. Espectáculo de maxia polo **mago Xacobe** Sanz. O sábado 29, ás 18:00, no *Auditorio Municipal*.

¬MÚSICA. Dúo Najwa Jean. Xira galega do dúo integrado pola actriz e cantante **Najwa Nimri** e o produtor **Carlos Jean**. O xoves3, ás 20:30 , no *Teatro-Sala de Concertos do Centro Cultural Caixanova*.

¬MÚSICA. The Ellas + Día de Furia + Xerock. O xoves 3, ás 22:30, entradas a 10 e 12 euros, na *Fábrica de Chocolate*.

¬MÚSICA. April Fool´s Day + Nouvelle Cuisine. Os cataláns April Foll´s day en xira presentando os temas do seu disco 9th. Van acompañados no cartel polos coruñeses Nouvelle Cuisine, cuxo último disco foi "Autodictado". Actuación o venres 4, ás 22:30, na *Fábrica de Chocolate*.

¬MÚSICA. Marah. O grupo de rock de Philadelphia presenta en concerto o seu disco novo disco "Angels Of Destruction!". A entrada custa 20 euros (Vigo: Elepé, Gong Discos, Honky Tonk; Santiago DC: Gong Discos). O venres 4, ás 23:59, en *La Iguana Club*.

Algoritmi Dixit instalación de **Darío Basso.**

¬MÚSICA. Maryland + Boy Elliot + The Plastic Bags. Maryland é unha banda nacida a finais do 2007 con musicos de outros grupos da escena viguesa. Agora presentan o seu primeiro EP autoeditado amosando as súas influenzas power pop e emo. Os ourensán Boy Elliott & The plastic Bags presentan en xira as súas novas cancións. A entrada custa 4 euros.Actúan o sábado 5, ás 23:59, en *La Iguana Club*.

¬MÚSICA. Baldosa Amarilla + Soundshepard + Phobia + Tangana's Show + Dj Manson. O sábado 5, ás 13:00, dentro do "San Pepe", na *Universidade de Vigo*.

¬MÚSICA. ElkCity + Suite + Samuel Levi. Da escena indie estadounidense chegan os de NY, Elk City, que acaban en Vigo a xira española de presentación do seu disco "New believers". Completan o cartel Suite e o concerto acústico de Samuel Levi. A entrada anticipada 10€ (Elepé, Gong, Tipo) e no despacho da sala 12€. O sábado 5, ás 18:45, en *La Fábrica de Chocolate*.

¬MÚSICA. The Homens + Loretta Martin. Actúan estes dous grupos emerxentes do pop galego o sábado 5, na *Sala Breogain*.

¬MÚSICA. Holocausto Canível + Sogerth + Vermis Antecessor + Basiliades. O sábado 5, ás 22:00, entradas 6 euros, dentro da *Night of Brutality Fest 2*, na *Sala Anoeta*.

¬MÚSICA. Nadadora + Lucky Soul. A Universidade de Vigo, dentro do ciclo **Sonora 08** ofrece este concerto no Campus Universitario. Os suecos The Radio dept son un grupo pop independente formado en 1995, tendo incluído dúas cancións na banda sonora da película *María Antonieta*, de Sofia Coppola. Sr. Chinarro, a banda de Antonio Luque, é un referente da escena indie española. Entrada libre, o mércores 9, ás 18:45, no *Teatro da Cidade Universitaria* .

¬MÚSICA. Suburban Kids With BiblicalNames. Actuación deste grupo de rock sueco formado no 2003. O mércores 9, en *La Fábrica de Chocolate*.

¬TEATRO. Golulá. Obra pensada para os máis novos, de grande éxito nesta tempada teatral, escenificada polo grupo **Galitoon**.O sábado 5, ás 18:00, no *Auditorio Municipal*.

¬TEATRO. Kamikaze. Espectáculo que poñen en escena os da compañía **Pistacatro Productora de Soños**. O sábado 5, ás 20:30, no *Centro Cultural Caixanova*.

VILAGARCÍA

¬TEATRO. Armas baixo control. Obra do grupo **Creacións Máxicas** este venres 4, no *Auditorio Municipal*.

¬TEATRO. Con todo corazón. Espectáculo de maxia polo mago **Luis Boyano,** estesábado 5, no *Auditorio Municipal*.

O grupo galego de pop **Loretta Martin** toca en Vigo.

¬ ANUNCIOS DE BALDE

■ **Vendo lavadora e neveira** totalmente novas (só dous meses e pouco uso) por xunto ou separado. Chamar ao 645748796 logo das 19.00. Xosé Ramón (Candeán-Vigo)

■ **Son autónomo** no sector do transporte. Busco traballo. Telf:666627459. Dani.

■ **Casa para aluguer de fin de semana** ou para vacacions, situada á beira do rio Miño en Seixas (Caminha). Telf. 690 64 50 63

■ **Compro e intercambio adhesivos** políticos de Galiza. Carlos Varela (Asturias). adhesivos22@yahoo.com.br.

■ **Compro calquera materia**l relacionado con "Fuxan os Ventos". Telf: 981 35 09 52. A partir de 21.00 horas (Uxío).

■ **Alúgase apartamento en Lira,** Carnota, a carón da praia, con terraza e vistas ao mar. Completamente equipado. Para catro persoas. Semana Santa 275 euros. Dispoñíbel todo o ano. Telf: 981761144

■ **Gustaríache ter un albergue turístico** na derradeira etapa do Camiño de Santiago" Conxunto histórico en pedra 600 metros. Finca 2.000 metros. Semirrestaurado. Chama e informámoste. 609 641 720. Ismael Pardo.

■ **Carlos, non fumo** nen bebo, ollos azuis,políglota,gosto do ioga, artes marciais, natureza, queria coñecer una rapaza de ollos azuis/verdes. Tel: 686 840098

■ **Alúgase baixo moi céntrico** e amplo. Ideal para consultas ou oficinas. Teléfono 986438339

■ **Rapaz de 26 anos** gustaría de coñecer raparigas de Ferrol Terra de esquerdas e de sentimento nacionalista, para amizade e o que xurda. Telf: 666730096

■ **Véndense móbeis e maquinaria de café** en bo estado (só tres anos de uso). Telf: 986438339

■ **Véndese contrabaixo** seminovo con funda e arcos francés e alemán. Chamar ao: 619 218966.

■ **Rapaz de corenta anos** busca coñecer muller galega con certa cultura e sensibilidade, residente en Galicia, para coñecerse e posible relación. Escribir ao correo electrónico: riasbaixas2007@yahoo.es

■ **Véndese proxector** LG D.L.P. RD-JT90 con todos os accesorios de conexión, dúas lámpadas e pantalla, mercado hai 6 meses por 1.000 euros, con 10 horas de uso, por 800 euros. Interesados contactar no telf. 688 111 039.

■ **Alúgase piso en Gondomar,** dous dormitorios, salón, cociña, baño e aseo. Telf: 617936257.

■ **Véndese clarinete** Yamaha en si bemol, en bo estado. Razón no telf. 636 560 154.

■ **Ecoturismo na Serra do Suído**.www.fotorural.com/portomartino. Telf. 667 75 57 45

■ **Arréndase unha casa** no Porto do Cabo (Cedeira) todo o ano non sendo nos meses de xullo e agosto. Telf. 676 727 518.

■ **Véndese mesa antiga** de comedor, de castiñeiro. Telf: 676 727 518.

■ **Alúgase apartamento en Ribadeo.** Meses xullo e agosto. Telf: 676 72 75 18.

■ **Vendo Enciclopedia Galega** Universal. Telf. 653 928 083.

■ **Vendo colección A Nosa Terra** do ano 1907 ao 1970. Consta de 15 volumes (dous deles de índices). Contacto xan_sen_lar@terra.es.

■ **Alúgase baixo** –sobre 130 m2– na rúa Becerreira 81, do barrio de Cabral, en Vigo. Chamar ao mediodía ou á noite ao Telf: 986 372 263.

Xosé Valiñas

Philip Seymor Hoffman e **Laura Linney** nun fotograma d'*A familia Savages.*

EN CARTEL.

Shine a Light
Dirixe: Martin Scorsese.
Documental. EE UU, 2007

Scorsese anda un tanto despistado no terreo da ficción dende hai anos –por moitos aplausos que recibira, *Infiltrados* non pasaba de ser un correcto remake dun excelente filme asiático– mais no terreo do documental mitómano segue a manter o pulso dos seus mellores anos. Xa o demostrou hai un par de tempadas co seu retrato dylaniano *No Direction Home,* filme que nos traia ecos do Scorsese de *O último vals,* o maxistral documento cinematográfico da despedida de *The Band,* e agora chega ás carteleiras o seu gabado documental sobre a última xira dos *Rolling Stones.*

The Contract
Dirixe: Bruce Beresford.
Intérpretes: Morgan Freeman, John Cusack.
Thriller. EE UU, 2007

Non sei si terá que ver algo o solpor da Era Bush Jr. pero as de conspiracións para asasinar o presidente comezan a ser xa unha teima no cinema norteamericano dos últimos anos: *O asesinato de Richard Nixon, Bobby*–asimilábel inda que tecnicamente non fose un magnicidio–, *No punto de mira,* o falso documental *A morte dun presidente.* Neste caso, o magnicidio é un mero gancho para narrar un tenso *thriller* de persecucións con John Cusack facendo de pai metido en apuros ao toparse nunha excursión campestre cun axente moribundo esposado a un duro asasino a soldo implicado nunha trama para quitar do medio o presidente. Que dirixa o responsábel de *Paseando a Miss Daisy* non e moita garantía nun filme de acción.

A familia Savages
Dirixe: Tamara Jenkins.
Intérpretes: Laura Linney, Philip Seymour Hoffman.
Comedia. EE UU, 2007

Laura Linney non lle conseguiu arrebatar o premio a Marion Cotillard co seu rol nun dos filmes sotrpresa da última cerimonia dos Oscar. Os da academia valoraron máis o traballo dos maquilladores que converteron a francesa en clónica da Piaf que a ironía da Linney neste filme cortado á medida das comedias dramáticas sobre familias disfuncionais tan frecuentadas polo cine norteamericano dos últimos anos. O guión tamén foi candidato ao prezado galardón dourado, mais aí xa estaba todo o peixe vendido coa presenza da rabuda *Juno.*

DVD. VENDA.

Pai de familia: Blue Harvest
Dirixe: Dominic Porcino.
Animación. EE UU, 2007

As personaxes da serie de animación máis politicamente incorrecta da historia –'South Park', en comparación, non pasa de ser un mero entretemento para adolescentes e 'Os Simpson' unha boa sitcom familiar moralista– vólvense espaciais nesta parodia da Guerra das Galaxias con formato de mediometraxe. Atención aos incondicionais porque a edición coleccionistas ven cun feixe de extras espectaculares, incluída camiseta conmemorativa e gafas de visión tridimensional.

Pai de familia parodia os personaxes da Guerra das Galaxias.

Xenocidio
Dirixe: Arnold Schwartzmann.
Documental. EE UU, 1982

Recupérase para o mercado doméstico esta pequena xoia do documental de testemuño sobre o exterminio xudeu producido polo centro 'Simon Wiesenthal' e con épica narración en *off* de Orson Welles e Elizabeth Taylor. O tema ten servido para auténticas obras mestras do xénero como o *Noite e néboa* de Alain Resnais. Tres anos despois da súa estrea e de gañar o Oscar quedou superado polo monumental *Shoah,* de Claude Lanzmann, probabelmente o retrato definitivo do horror condensado en nove imborrábeis horas. Con todo o filme de Schartzmann segue a ter interese para todo aquel interesado nunha das páxinas máis negras da historia.



Steven Spielberg foi o creador de *Contos asombrosos.* PHIL MCCARTEN / REUTERS

Contos asombrosos (1ª tempada)
Dirixe: Varios.
Intérpretes: Varios.
Intriga. EE UU, 1985

Steven Spielberg foi o grande animador desta mítica teleserie dos anos 80 que recuperaba todo o sabor da clásica *Twilight Zone* El mesmo, xunto con Joe Dante, John Landis e George Miller dirixira uns anos antes *Nos límites da realidade. O filme,* homenaxe mitómano á vella serie que, por certo, tamén se acaba de editar en dvd. Os contos asombrosos de Spielberg só duraron dúas tempadas pola falta de comprensión na NBC e a escasa conexión co público da época, ansioso de *serial killers* e terror de charcutaría. Entre os directores convidados, Scorsese ou Robert Zemeckis. Para colocar no andel a carón das caixas da recuperada *Alfred Hitchcock presenta.* Discípulos avantaxados.

TV.

Cinto de lume
Dirixe: Bahij Hojeij.
Intérpretes: Nida Wakim, Hassan Farhat.
Drama. Líbano, 2004
TVG. Butaca especial
5 de abril, 01h40.

Dende hai xa uns anos o Festival Amal é unha cita inescusábel para estar ao día do que se está a facer cinematograficamente nos países árabes. O traballo da Fundación Araguaney trae cada outono a Compostela filmes de difícil acceso noutras circunstancias que agora grazas a un acertado acordo coa TVG poderemos descubrir tamén nas pantallas dos nosos fogares. O filme desta semana vén ser algo así como unha reflexión sobre a posibilidade do amor en tempos de guerra co pano de fondo do Beirut da guerra civil e as tribulacións en primeiro plano dun profesor universitario que descobre de esguello a atracción por unha alumna en pleno bombardeamento mentres, imperturbábeis, comentan un texto de Camus.●

Momento da rodaxe de *Shine a light.* KEVIN MAZUR

PASATEMPOS.55.

Gonzalo Vilas

CRUCIGRAMA



Horizontais:

1- Viño galego orixinario de Ferreira de Pantón e Sober . Potentado con grande poder exercido en beneficio propio. **2-** Abaloirar, sacudir. Bater, pegar en algo ou alguén. **3-** "...." Wood, o peor director da historia do cine. Encher o interior dunha parede con rachos ou anacos de pedra para lle dar máis consistencia. Computador. **4-** Abrev. de señor. O deus do amor. Movemento oscilante do corpo, por exemplo no baile. **5-** Pronome de 2ª persoa. Cidade alemá onde se celebrou unha conferencia ao rematar a II Guerra Mundial. Un modelo de Citröen. **6-** Prata. Voz de mando. Este planeta. **7-** Deidade exipcia. Acción de ir. **8-** Sucidade por falta de aseo, cotra. Prenda en desuso, agás nos tunos. **9-** Voz inglesa aplicada a quen quere ir á última por chamar a atención. Pronome persoal. Unha especie de palmeira, co tronco máis groso por riba. **10-** Vila do Courel. Preposición que indica "por riba de". **11-** Número. Parásito do intestino humano, pouco amiga da compañía. Coalición Galega. **12-** Nome de tertuliano venezolano omnipresente nos medios. Toro de peixe pola parte da cola. Contracción. **13-** Desprazarse a un sitio. Pasar polo medio de algo. Sociedade limitada. **14-** Radical que se obtén adicionando un ión hidróxeno ao amoníaco. Dotado de ás. Ferramenta plana con mango. **15-** Comida que teñen os ruminantes na boca cando remoen. Rinchar, son característico ao rozar unha cousa con outra.

Verticais:

1- Embrutecerse, facerse como as bestas. Chifrar, facer un son agudo e modulado cos beizos e a boca. **2-** Composición musical propia do Renacemento. De moi grande tamaño. **3-** Aluminio. Plantígrado. Sílaba sagrada nas relixións hinduístas. **4-** Lazo ou atadura feita cun fío, corda, etc.... Relativo ao Parnaso. **5-** Manifesta, fala. Capital de Guipuzcoa. **6-** Non arranxábel, sin posíbel reparación. Categoría ou papel a xogar por cada quen nun contexto determinado . **7-** Prefixo que indica relación co ar. Rabia, en grado sumo. **8-** Mineral dos feldespatos, moi abondoso no granito. Arroutada. **9-** Corpo celeste, que rexe os nosos destinos, segundo os horóscopos. Digno dunha loa. **10-** Bóvido de pelo longo, habitante do Tibet. Poñer ao ras. **11-** Condición do que é gramático. **12-** Remedar, imitar con afán de burla. Nome de orixe xudía. **13-** Nota musical. Tabaco en po que se aspira polo nariz. **14-** Ir zafando dun temporal, real ou figuradamente. Antes de Cristo. Localidade aragonesa. **15-** Poñerlles un torniquete ás vacas para evitar que dean couces ó muxilas. Poñer argolas.

AUTODEFINIDO



SUDOKU

Encher os cadriños cos números do 1 ao 9, sen repetir ningún cadro, nin liña, nin ringleira.

doado

		3		6			1	
7				2		5		
					7			
	9	1		8	3			
	6	7	4			3	5	
							4	
	4					9		8
			9				2	
	3				6			

difícil

3	6		4			7		2
9	5			7				
7							1	9
	4	8	3			6		
			2					
						4		
4					8		6	5
	9	3	1	4				

SOLUCIÓNS

CRUCIGRAMA



SUDOKU doado



SUDOKU difícil



AUTODEFINIDO

PROMOCIÓNS CULTURAIS GALEGAS S.A. **Presidente:** Miguel Barros Puente. **Director:** Manuel Veiga Taboada
Redacción VIGO: Príncipe 24, 1º- 36202. Teléfono 986 222 405. Fax 986 223 101. info@anosaterra.com diariodixital@anosaterra.com
Delegación SANTIAGO: Preguntoiro 9, 1º esqu.- 15704. Teléfono 981569 229.
Administración, subscricións, publicidade e Editorial: Príncipe 22, baixo, 36202 VIGO. Teléfono 986 433 830 **Diario dixital:** www.anosaterra.com

01304
8 400021 303104

1.304

anosaterra

Suso de Toro

XITANOS

Unha revolta contra os xitanos, se se aproveita, pode ser unha oportunidade para afrontar ese problema social: os xitanos entre nosoutros, na sociedade, no país "paio". Primeiro enfriar o ánimo, despois que obxectivar. Neste conflito entre pobres as dúas partes teñen as súas razóns. As persoas que se manifestan contra os xitanos nos edificios e barrios de vivendas sociais son xente humilde, nunca realoxan os xitanos nun barrio rico. Cando denuncian os problemas que temen que lles veñan saben do que falan, hai que escoitar estas persoas. E tamén hai que escoitar os xitanos marxinados, os que non cometen delitos e se esforzan por vivir con dignidade e os que cometen os delitos que a sociedade demanda: porque para que os paios esnifren ou se piquen droga alguén terá que vendérllela.●

Psicóloga especializada en terapia sexual, esta extremeña di que os problemas sexuais 'son algo que se traballa máis do que se pensa e menos do que se debería'. Berta F. Cebriá asegura que todos os problemas sexuais teñen solución pero que na maioría das veces a xente decide tratalos moito tempo despois de padecelos.

Berta F. Cebriá

'O sexo hai que vivilo e gozalo de maneira individual'

Eva Estévez

Vostede pode presumir de vivir do sexo dignamente?
Podo.
Non está mal visto?
Son mal vistas as persoas que a nivel sexual e de pensamento teñen algúns tabús e trabas que se agravan cando teñen problemas sexuais.
Teñen solución os problemas?
Dependendo do tempo que leven manifestándose custa máis ou menos solucionalos.
Celebrou o décimo aniversario da Viagra?
(Risas) Non estou moi posta no tempo que leva no mercado porque a Viagra é un tema de urólogo, que é quen a receita.
Pero pódese dicir que foi un avance?
Xerou moita seguridade nas persoas que empezan a ter problemas de disfunción eréctil o cal é moi positivo para as relacións sexuais.
Segue a ser un tema tabú o do sexo?
Hai moita desinformación e mitos. Ten moito que ver a idade: agora pasouse ao extremo de vivir o sexo de xeito totalmente liberal. Tampouco penso que vaian por aí os tiros. O sexo hai que vivilo e disfrutalo de maneira individual, como cada quen considere que é mellor.
Cales son os problemas máis frecuentes?
A nivel masculino a exaculación precoz e a disfunción eréctil. A nivel feminino o baixo desexo sexual.

PACO VILABARROS

Estas problemáticas son iguais para todo tipo de orientacións sexuais?
Quizais nos atopamos con heterosexuais nunha porcentaxe máis alta.
Necesitamos ir a un taller para reparar a nosa sexoloxía?
Depende a quen vaian dirixidos os talleres. Se van dirixidos a xente normal fálase menos da solución e máis do que é o problema.
Temos problemas de chapa, de pintura, de mecánica...?
Un taller vai servir para que unha persoa se decate de se existe ou non o problema. Podes dar ideas pero a solución é terapéutica.
Pódense tunear as relacións sexuais?
Mentres os dous membros da parella estean de acordo, todo o que se use, benvido sexa.
Unha sex-shop é unha boa opción?
Sempre che vai dar moitas máis posibilidades. Aínda que sexa por curiosidade eu recomendo que se visiten as sex-shops para coñecer a oferta que teñen que é moita. Pero un tamén pode sacar partido do que se teña na casa.
Segue sendo unha asignatura pendente na escola?
Segue.
Substituiríao polas clases de relixión?
Todo é compatíbel. Aínda que non fose como asignatura pero si como talleres, penso que se debería de informar no xeito do que se fala de sexo hai moita desinformación.
Temos algunha particularidade sexual os galegos?
Estades dentro da normalidade.●

EDUARDO DE LA RUBIA

Laura Caveiro

A o pé do vello limoeiro víase o mar de Domaio. O vento arrastraba nubes escuras e Laura, a túa esposa, ofreceume, coa delicadeza agarimosa que os dous tiñades, as camelias brancas que viña de coller para min. Entón dixeches daquel limoeiro que ía morrer porque daba moitos limóns e moi pequenos, verdes na punta... Foi a derradeira vez que te vin, enteiro fronte á enfermidade, sereno fronte á fin. De entre todas as camelias sinalárasme a rareza dunha variedade que arrecendía. Ulín o aroma daquela flor, singular entre as outras. Avelaíña coma a túa alma de persoa de ben, íntegra, sensible e valente.
Ao amosarnos o xardín entramos no lagar. Alí quixestes ensinarnos tamén un estoxo azul. Rehabilitaras aquel lagar co coidado e criterio estético co que tratabas todo. O mesmo que che facía amar a arte, apreciar a literatura, a pintura, a escultura, a música. E aos teus amigos admirarte pola túa estética acompañada de ética. Gardabas no estoxo unha camelia de ouro, premio orgullosamente acadado nesa túa paixón de cultivador de camelias. Lembro o momento en que abrías a caixiña e sacabas a camelia-xoia, como lembro vela prendida na lapela da chaqueta de Laura na cerimonia civil da túa incineración.
Acollerá o mar de Domaio as túas cinzas. As voces dos que nos acompañaron non morren, permanecen canda nós coma o recendo dunha flor singular, cultivada con agarimo, coherencia, dignidade e principios.●

> Lembro o momento en que abrías a caixiña e sacabas a camelia-xoia"

NOVIDADES

Edicións A NOSA TERRA

As escolas de fundación en Galiza.

Unha necesidade social de alfabetización

Luís Obelleiro Piñón

A privatización da empresa pública española.

Repercusións na economía galega

Mª del Carmen Sánchez Carreira